Nós tamén vamos a votar a favor desta modificación da ordenanza. Esperamos que, efectivamente, como di o Goberno municipal, que se poida mellorar o procedemento na tramitación pero *bueno*, esencialmente vamos a votar a favor porque se manteñen e teñen continuidade as modificacións que aprobamos no anterior mandato e que, esencialmente, introducían un par de criterios; por un lado, uns criterios de renda na ordenanza, o cal nos parece clave, porque ademais axudan a evitar a xentrificación e a que a poboación máis vulnerable da cidade sexa fixada, permita que continúe vivindo nos seus barrios, especialmente en barrios moi envellecidos como pode ser a Cidade Vella; tamén se respecta a suba das contías, que elevamos sensiblemente e a ordenanza respecta, nos parece importante, vinculada aos criterios de renda, tamén, como dicía e a rehabilitación enerxética das vivendas, como dicía o señor Villoslada, que tamén continúa e que nos parece absolutamente clave, tamén, para a loita contra o cambio climático.

Nosotros también vamos a votar a favor de esta modificación de la ordenanza. Esperamos que, efectivamente, como dice el Gobierno municipal, que se pueda mejorar el procedimiento en la tramitación pero bueno, *esencialmente vamos a votar a favor porque se mantienen y tienen continuidad las modificaciones que aprobamos en el anterior mandato y que, esencialmente, introducían un par de criterios; por un lado, unos criterios de renta en la ordenanza, lo cual nos parece clave, porque además ayudan a evitar la gentrificación y a que la población más vulnerable de la ciudad sea fijada, permita que continúe viviendo en sus barrios, especialmente en barrios muy envejecidos como puede ser la Ciudad Vieja; también se respeta la subida de las cuantías, que elevamos sensiblemente y la ordenanza respeta, nos parece importante, vinculada a los criterios de renta, también, como decía y la rehabilitación energética de las viviendas, como decía el señor Villoslada, que también continúa y que nos parece absolutamente clave, también, para la lucha contra el cambio climático.*

Eu creo que esas modificacións que se elaboraron no anterior mandato demostraron a súa eficacia porque iso sumado, efectivamente, ao aumento das contías en rehabilitación que se mantén no orzamento negociado co Partido Socialista, se mantén en 2,4 millóns e que esperamos que en futuras anualidades continúe subindo a pesar -a estas dúas cuestións- da ausencia da Xunta e do Goberno do Estado no seu compromiso coas políticas de rehabilitación, que baixaron dende o 2007 case nun 60 %, pois aínda así demostran o seu éxito porque, como se

Yo creo que esas modificaciones que se elaboraron en el anterior mandato demostraron su eficacia porque eso sumado, efectivamente, al aumento de las cuantías en rehabilitación que se mantiene en el presupuesto negociado con el Partido Socialista, se mantiene en 2,4 millones y que esperamos que en futuras anualidades continúe subiendo a pesar, -a estas dos cuestiones- de la ausencia de la Xunta y del Gobierno del Estado en su compromiso con las políticas de rehabilitación, que bajaron desde el 2007 casi en un 60 %, pues aun así demuestran su éxito porque, como se

puido ver na prensa nas últimas semanas, o ano 2018 foi o ano récord de concesión de licenzas de rehabilitación no Concello nos últimos 20 anos, dende o ano 2000 non había un número como o que se conseguiu no 2018, con 91 licenzas de rehabilitación, sendo no ano 2000 de 72 licenzas. Bueno, eu creo que iso demostra que a política de rehabilitación que se estaba a seguir era correcta, era positiva, e, dende logo, esperamos que continúe nesa senda e incluso, mellorando. E, aproveitando esta intervención, eu si quería facer mención a outra medida que nos parece clave para o que ten que ver coa rehabilitación do parque edificatorio e é o Plan de revitalización da Cidade Vella. Queriamos preguntar que é o que está a suceder con ese plan, un plan que deixamos listo, que deixamos un documento inicial listo para o seu desenvolvemento e aprobación, un documento inicial que ademais fora consensuado coa veciñanza e coas entidades da Cidade Vella e que entendemos que pode axudar a favorecer a rexeneración urbana desa zona da cidade.

pudo ver en la prensa en las últimas semanas, el año 2018 fue el año récord de concesión de licencias de rehabilitación en el Ayuntamiento en los últimos 20 años, desde el año 2000 no había un número como el que se consiguió en el 2018, con 91 licencias de rehabilitación, siendo en el año 2000 de 72 licencias. Bueno, yo creo que eso demuestra que la política de rehabilitación que se estaba siguiendo era correcta, era positiva, y, desde luego, esperamos que continúe en esa senda e incluso, mejorando. Y, aprovechando esta intervención, yo sí quería hacer mención a otra medida que nos parece clave para lo que tiene que ver con la rehabilitación del parque edificatorio y es el Plan de revitalización de la Ciudad Vieja. Queríamos preguntar qué es lo que está sucediendo con ese plan, un plan que dejamos listo, que dejamos un documento inicial listo para su desarrollo y aprobación, un documento inicial que además fue consensuado con la vecindad y con las entidades de la Ciudad Vieja y que entendemos que puede ayudar a favorecer la regeneración urbana de esa zona de la ciudad.

Bueno, en definitiva, o noso voto vai ser favorable e tamén apelar a que é preciso e urxente que a convocatoria saia canto antes porque, efectivamente, hai moita veciñanza, moita xente na cidade que está esperando a estas axudas. Grazas.

Bueno, en definitiva, nuestro voto va a ser favorable y también apelar a que es preciso y urgente que la convocatoria salga lo antes posible porque, efectivamente, hay mucha vecindad, mucha gente en la ciudad que está esperando a estas ayudas. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Varela.

Muchas gracias, señor Varela.

Polo Partido Popular, señor Deus.

Por el Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Señor Deus Álvarez

Bo día a todos os membros desta Corporación, os funcionarios, a todas as persoas que nos acompañan, ás que nos

Buenos días a todos los miembros de esta Corporación, a los funcionarios, a todas las personas que nos acompañan, a las

seguen por Internet e, como non, tamén o apoio deste grupo municipal os familiares de Diego Bello.

Preséntase neste Pleno a aprobación inicial da Ordenanza reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas. Trátase dunha ordenanza local que, segundo os motivos expostos, ten por obxecto simplificar o procedemento de concesión de axudas e o control económico das obras obxecto das mesmas.

É importante sinalar que na Comisión de Urbanismo deuse conta, por parte do concelleiro do goberno da área, da introdución dalgunhas recomendacións realizadas pola Intervención municipal a ese texto de ordenanza, que matiza cinco artigos das mesmas. Ademais, dásenos conta por parte dos técnicos municipais, de dúas erratas nas disposicións transitorias, recibindo este grupo o texto modificado con posterioridade á celebración da comisión. E é que xa este ano os trámites para a convocatoria de axudas van volver a acumular un atraso importante, aínda vindo dun ano, o 2019, que pechou sen ningunha convocatoria de axudas á rehabilitación. Tanto o procedemento como os servizos técnicos municipais colapsaron, acumulando un atraso na tramitación dos expedientes desde o ano 2017, ano no que a execución para a tramitación destas subvencións quedou no 33% do total.

De nada serve o aumento das partidas destinadas a estas subvencións, que moitos queren anotarse, se ao final non se tramitan os expedientes e os veciños non reciben as axudas. Mentres tanto, comunidades de veciños e particulares ven como a tramitación da axuda quedou estancada, dándose casos de verdadeira

que nos siguen por Internet y, como no, también el apoyo de este grupo municipal a los familiares de Diego Bello.

Se presenta en este Pleno la aprobación inicial de la Ordenanza reguladora de la concesión de ayudas para la conservación y rehabilitación de edificios de viviendas. Se trata de una ordenanza local que, según los motivos expuestos, tiene por objeto simplificar el procedimiento de concesión de ayudas y el control económico de las obras objeto de las mismas.

Es importante señalar que en la Comisión de Urbanismo se dio cuenta, por parte del concejal del gobierno del área, de la introducción de algunas recomendaciones realizadas por la Intervención municipal a ese texto de ordenanza, que matiza cinco artículos de las mismas. Además, se nos da cuenta por parte de los técnicos municipales, de dos erratas en las disposiciones transitorias, recibiendo este grupo el texto modificado con posterioridad a la celebración de la comisión. Y es que ya este año los trámites para la convocatoria de ayudas van a volver a acumular un retraso importante, aun viniendo de un año, el 2019, que se cerró sin ninguna convocatoria de ayudas a la rehabilitación. Tanto el procedimiento como los servicios técnicos municipales han colapsado, acumulando un retraso en la tramitación de los expedientes desde el año 2017, año en el que la ejecución para la tramitación de estas subvenciones se quedó en el 33% del total.

De nada sirve el aumento de las partidas destinadas a estas subvenciones, que muchos quieren anotarse, si al final no se tramitan los expedientes y los vecinos no reciben las ayudas. Mientras tanto, comunidades de vecinos y particulares ven como la tramitación de la ayuda ha quedado estancada, dándose casos de

necesidade para a cobranza das subvencións concedidas. Pódese cualificar dun auténtico fracaso a situación herdada do mandato anterior e esperamos que o actual Goberno municipal tome nota do ocorrido.

verdadera necesidad para el cobro de las subvenciones concedidas. Se puede calificar de un auténtico fracaso la situación heredada del mandato anterior y esperamos que el actual Gobierno municipal tome nota de lo ocurrido.

Non imos poñer en cuestión a decisión do Goberno municipal de non abrir a convocatoria de axudas á rehabilitación no ano 2019, visto o caos existente, pero queremos sinalar a necesidade imperiosa de realizar canto antes unha nova convocatoria, pois somos conscientes das situacións de espera de numerosas persoas e comunidades.

No vamos a poner en cuestión la decisión del Gobierno municipal de no abrir la convocatoria de ayudas a la rehabilitación en el año 2019, visto el caos existente, pero queremos señalar la necesidad imperiosa de realizar cuanto antes una nueva convocatoria, pues somos conscientes de las situaciones de espera de numerosas personas y comunidades.

Xa nas alegacións aos orzamentos municipais deste ano 2020 o noso grupo quixo introducir un aumento da contía para as axudas á rehabilitación na instalación de ascensores, que foron rexeitadas por vostedes e polos seus socios.

Ya en las alegaciones a los presupuestos municipales de este año 2020 nuestro grupo quiso introducir un aumento de la cuantía para las ayudas a la rehabilitación en la instalación de ascensores, que fueron rechazadas por ustedes y por sus socios.

Segundo recoñeceu o Goberno municipal a dificultade da tramitación nas últimas convocatorias realizadas nos anos 2017 e 2018 están a demostrar as debilidades da actual ordenanza, para facilitar que as tramitacións sexan máis áxiles para a concesión de axudas e a comprobación do executado e os seus importes. Máis que a propia ordenanza, diría eu, foi a falta total de xestión e de organización do anterior equipo de goberno.

Según ha reconocido el Gobierno municipal la dificultad de la tramitación en las últimas convocatorias realizadas en los años 2017 y 2018 están demostrando las debilidades de la actual ordenanza, para facilitar que las tramitaciones sean más ágiles para la concesión de ayudas y la comprobación de lo ejecutado y sus importes. Más que la propia ordenanza, diría yo, fue la falta total de gestión y de organización del anterior equipo de gobierno.

Como indicamos, trátase dunha aprobación inicial que debe realizar este Pleno, co que a continuación se iniciará o proceso de información pública durante 30 días para a presentación de suxestións e a posterior aprobación definitiva polo Pleno municipal. Durante este proceso este Grupo do Partido Popular presentará as súas achegas para tratar de mellorar a ordenanza nos aspectos que consideremos esenciais,

Como hemos indicado, se trata de una aprobación inicial que debe realizar este Pleno, con lo que a continuación se iniciará el proceso de información pública durante 30 días para la presentación de sugerencias y la posterior aprobación definitiva por el Pleno municipal. Durante este proceso este Grupo del Partido Popular presentará sus aportaciones para tratar de mejorar la ordenanza en los aspectos que consideremos esenciales,

algunhas destas cuestións xa foron comentadas polo que lles fala, na comisión informativa. Por tanto, a postura do Partido Popular será a de absterse nesta fase da aprobación inicial do documento co fin de valorar as achegas das persoas ou colectivos que o consideren oportuno e estudar, con esas posibles incorporacións, o texto definitivo da ordenanza. Moitas grazas.

algunas de estas cuestiones ya han sido comentadas por el que les habla, en la comisión informativa. Por tanto, la postura del Partido Popular será la de abstenerse en esta fase de la aprobación inicial del documento con el fin de valorar las aportaciones de las personas o colectivos que lo consideren oportuno y estudiar, con esas posibles incorporaciones, el texto definitivo de la ordenanza. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Peche para o Goberno, señor Díaz Villoslada.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Cierre para el Gobierno, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Brevemente, señora alcaldesa, por orde das intervencións dos diferentes grupos municipais, agradecer a intervención da señora Martínez, por parte de Ciudadanos e, efectivamente, a vontade da norma nova que é axilizar, facilitar as políticas de rehabilitación con cargo a fondos propios dos orzamentos pero, evidentemente, haberá que testar o funcionamento da ordenanza, haberá que facer un seguimento da súa eficiencia e seguir, se é posible, evidentemente, mellorando o propio marco regulatorio para que, efectivamente, as axudas cheguen ao seu fin.

Señor Díaz Villoslada

Brevemente, señora alcaldesa, por orden de las intervenciones de los diferentes grupos municipales, agradecer la intervención de la señora Martínez, por parte de Ciudadanos y, efectivamente, la voluntad de la norma nueva que es agilizar, facilitar las políticas de rehabilitación con cargo a fondos propios de los presupuestos pero, evidentemente, habrá que testear el funcionamiento de la ordenanza, habrá que hacer un seguimiento de su eficiencia y seguir, a ser posible, evidentemente, mejorando el propio marco regulatorio para que, efectivamente, las ayudas lleguen a su fin.

En relación coa intervención da señora Veira, por parte do BNG, si que tiñamos comentado nalgunha ocasión a preocupación de establecer algún mecanismo de control deses alugueiros nas vivendas rehabilitadas, que, *bueno*, isto non supuxera, ás veces, un proceso de incremento de prezos en alugueiro e por iso están introducidos algúns mecanismos nese sentido. Quero dicir, que a ordenanza busca; por unha parte,

En relación con la intervención de la señora Veira, por parte del BNG, sí que hemos comentado en alguna ocasión la preocupación de establecer algún mecanismo de control de esos alquileres en las viviendas rehabilitadas, que, bueno, *esto no supusiese, a veces, un proceso de incremento de precios del alquiler y por eso están introducidos algunos mecanismos en ese sentido. Quiero decir, que la ordenanza busca;*

ser máis eficientes na capacidade de poder xestionar as axudas; ter, por outra parte e como tamén dicía o señor Varela, a ordenanza ten esa compoñente social de ter en conta estes mecanismos de control e esperamos reforzalos incorporando a máis persoal na medida do posible, pero unha das necesidades que si que están manifestadas é, por outra parte, de ter en conta en determinadas axudas, sobre todo nos ámbitos de accesibilidade e habitabilidade, de ter en conta, como dicía, os indicadores de IPREM á hora de establecer os importes de subvención. Nese sentido, si que –e o comentaba o señor Varela e o podemos comentar todos porque é unha evidencia- si que, señor Deus, as políticas autonómicas en materia de vivenda, en materia de rehabilitación, durante todos estes anos de goberno autonómico podemos dicir que son practicamente inexistentes. Quero dicir, nese sentido e son datos puramente medíbeis no ámbito da nosa cidade. Por iso que é certo que había un colapso da concesión das axudas de rehabilitación desde 2017, o ano pasado había máis de 600 expedientes acumulados, por iso a decisión que tomamos era non facer unha nova convocatoria senón incorporar os créditos a este ano 2020 e esperamos levar adiante unha convocatoria este ano de pouco máis de en torno a 3 millóns de euros, co crédito orzamentario 2020 máis os créditos a incorporar de 2019, pero conforme a esta nova ordenanza que pensamos que é mellorar substancialmente pero é certo que para mellorar substancialmente unha xestión municipal fai falta un marco regulatorio e fan falta os recursos necesarios. Niso estamos e confiamos en que iremos facendo na comisión informativa a análise de evolución destas políticas de rehabilitación, pero confiamos que o novo marco de regulación permitirá axilizar, establecer e manter as garantías, tamén, sociais, necesarias nestas políticas

por una parte, ser más eficientes en la capacidad de poder gestionar las ayudas; tener, por otra parte y como también decía el señor Varela, la ordenanza tiene ese componente social de tener en cuenta estos mecanismos de control y esperamos reforzarlos incorporando a más personal en la medida de lo posible, pero una de las necesidades que sí que están manifestadas es, por otra parte, tener en cuenta en determinadas ayudas, sobre todo en los ámbitos de accesibilidad y habitabilidad, tener en cuenta, como decía, los indicadores de IPREM a la hora de establecer los importes de subvención. En ese sentido, sí que –y lo comentaba el señor Varela y lo podemos comentar todos porque es una evidencia- sí que, señor Deus, las políticas autonómicas en materia de vivienda, en materia de rehabilitación, durante todos estos años de gobierno autonómico podemos decir que son prácticamente inexistentes. Quiero decir, en ese sentido y son datos puramente cuantificables en el ámbito de nuestra ciudad. Por eso que es cierto que había un colapso de la concesión de las ayudas de rehabilitación desde 2017, el año pasado había más de 600 expedientes acumulados, por eso la decisión que tomamos era no hacer una nueva convocatoria sino incorporar los créditos a este año 2020 y esperamos llevar adelante una convocatoria este año de poco más de en torno a 3 millones de euros, con el crédito presupuestario 2020 más los créditos a incorporar de 2019, pero conforme a esta nueva ordenanza que pensamos que es mejorar sustancialmente pero es cierto que para mejorar sustancialmente una gestión municipal hace falta un marco regulatorio y hacen falta los recursos necesarios. En eso estamos y confiamos en que iremos haciendo en la comisión informativa el análisis de evolución de estas políticas de rehabilitación, pero confiamos en que el nuevo marco de regulación permitirá agilizar, establecer

rehabilitadoras da cidade que se precisan dunha forma moi clara. Máis nada. Grazas.

y mantener las garantías, también, sociales, necesarias en estas políticas rehabilitadoras de la ciudad que se precisan de una forma muy clara. Nada más. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Procedemos á votación, lembro que para este asunto se require maioría simple do Pleno.

Procedemos a la votación, recuerdo que para este asunto se requiere mayoría simple del Pleno.

Votación do asunto número dous

Votación del asunto número dos

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota a favor el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, queda, polo tanto, aprobada inicialmente.

Muchas gracias, queda, por tanto, aprobada inicialmente.

Acordo

Acuerdo

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Concesión de Axudas para a Conservación e

Primero. Aprobar inicialmente la Ordenanza reguladora de la Concesión de Ayudas para la Conservación y

Rehabilitación de Edificios de Vivendas, cuxo texto se adxunta a este acordo como Anexo, segundo o proposto na Comisión Informativa.

Rehabilitación de Edificios de Viviendas, cuyo texto se adjunta a este acuerdo como Anexo, según lo propuesto en la Comisión Informativa.

Segundo. Abrir período de información pública e audiencia aos interesados para a presentación das reclamacións e suxestións que estimen oportunas polo prazo de trinta días, computados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, publicarase anuncio no taboleiro de anuncios do Concello (físico ou en sede electrónica), e nun diario dos de maior difusión da provincia. No caso de que neste prazo non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional nos termos do art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Segundo. Abrir período de información pública y audiencia a los interesados para la presentación de las reclamaciones y sugerencias que estimen oportunas por el plazo de treinta días, computados a partir del día siguiente de la publicación del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Asimismo, se publicará anuncio en el tablón de anuncios del Ayuntamiento (físico o en sede electrónica), y en un diario de los de mayor difusión de la provincia. En caso de que en este plazo no se presente ninguna reclamación o sugerencia, se entenderá automáticamente elevado a definitivo el acuerdo hasta entonces provisional en los términos del art. 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de régimen local.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE VIVENDAS
Texto da Ordenanza sometido a ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda o 2 de marzo de 2020 (modifica os artigos 2, 11, 15, 17 e 19 e os títulos das disposicións adicional e transitoria do Proxecto de Ordenanza aprobado pola Xunta de Goberno Local o 12 de febreiro de 2020)
(ART. 127.1.a, Lei 7/1985)

INDICE

1. Disposicións Xerais
Artigo 1. Fomento da rehabilitación
Artigo 2. Definición de conceptos
Artigo 3. Características dos inmobles
Artigo 4. Beneficiarios
Artigo 5. Limitacións
Artigo 6. Compatibilidade das axudas

2. Actuacións subvencionables e importes das axudas
Artigo 7. Actuacións subvencionables
Artigo 8. Importe das axudas

3. Procedemento de concesión

Artigo 9. Integración co procedemento de autorización das obras
Artigo 10. Concorrencia competitiva
Artigo 11. Documentación a presentar
Artigo 12. Inspección previa e inicio das obras
Artigo 13. Criterios de Valoración
Artigo 14. Publicacións
Artigo 15. Resolución
Artigo 16. Prazo de execución e finalización das obras
Artigo 17. Acreditación e pagamento da subvención
Artigo 18. Pagamento anticipado
Artigo 19. Prazo de presentación da documentación xustificativa
Artigo 20. Anulación e devolución de subvencións

4. Procedemento sancionador
Artigo 21. Procedemento sancionador

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Concello da Coruña conta dende o ano 2006 cunha ordenanza de Conservación e Rehabilitación de Inmobles na que regula as súas axudas á rehabilitación de inmobles tanto mediante convocatorias realizadas con cargo a recursos propios, como dentro das actuacións para a rehabilitación e renovación de areas urbanas promovidas polos sucesivos Plan Estatais de Vivenda, coa finalidade de promover a conservación e rehabilitación da cidade.

As sucesivas modificacións realizadas no documento dende entón, nos anos 2007, 2008, 2009, 2011, 2016 e 2018, teñen producido unha certa disfunción no seu articulado, que conduce á dificultade da súa interpretación polos cidadáns e da tramitación das solicitudes de axuda por esta administración, fundamentalmente no referente ao análise e validación da documentación que acompaña as solicitudes, o cumprimento das condicións esixidas aos solicitantes e aos inmobles, e a determinación das contías das axudas.

Deste xeito, a dificultade na tramitación das ultimas convocatorias realizadas nos anos 2017 e 2018 están a amosar claramente as debilidades da actual ordenanza para facilitar procedementos áxiles para a concesión das axudas, e a comprobación do executado e os seus importes.

Nestas circunstancias, a ordenación actual das subvencións á conservación e rehabilitación de edificios de vivendas non acada a desexable eficacia cara á implementación dos obxectivos de desenvolvemento sostibles adoptados pola ONU no ano 2015 nas políticas estratéxicas deste concello, e en particular o ODS 11, referido á necesidade de acadar cidades e comunidades sostible, e co que se aliñan tanto a Nova Axenda Urbana das Naciones Unidas (Quito, 2016) como a Axenda Urbana para a Unión Europea (Amsterdam, 2016) que deben guiar as actuais políticas de intervención sobre a cidade, co fin de acadar cidades mais compactas e inclusivas, a través da mellora das súas condicións de eficiencia enerxética, mobilidade, accesibilidade, integración da diversidade e preservación do seu patrimonio cultural.

Polo tanto, considerase axeitado acometer unha revisión profunda da ordenanza que permita simplificar o procedemento da concesión de axudas e o control económico das obras obxecto delas, e unha determinación e cuantificación mais polo miúdo dos seus obxectivos.

Así, estrutúranse claramente as actuacións que poderán ser obxecto de axudas, e

defínense para cada unha delas os requisitos ou obxectivos mínimos que estas deberán acadar nos eidos da mellora da súa eficiencia enerxética, das súas condicións de accesibilidade, habitabilidade e sustentabilidade, a conservación dos inmobles e, en especial, a dos seus elementos obxecto de protección, co obxectivo de facilitar unha posterior cuantificación mediante indicadores, dos resultados obtido en cada un deles trala implementación da nova ordenanza.

A simplificación do procedemento pasa tanto por unha mellor ordenación da documentación a presentar, tanto no momento da solicitude como o da posterior xustificación do executado, como pola integración co procedemento de obtención do titulo urbanístico habilitante para a execución das obras (licencia ou comunicación previa, segundo proceda), e a supresión de trámites intermedios que agora non resultarán imprescindibles.

Nesta vontade de simplificación atópase tamén na reorganización das contías das axudas, que se establecen en relación directa con cada un dos tipos de actuación subvencionables (o que non acontecía na ordenanza anterior), e na revisión dos seus importes, que tenden a homoxeneizarse segundo os tipos de obras e os niveis de protección dos inmobles, independentemente do seu emprazamento.

Finalmente, a derrogación das normativas estatais e autonómica que xustificaban as actuacións mediante expropiación para o fomento de obras de accesibilidade e soterramento de cableado reguladas no Título VII do actual TR da Ordenanza, levan a incluír nesta ordenanza unha disposición derrogatoria deste título, sen necesidade de establecer outro instrumento que o substitúa.

CAPITULO 1. DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1. Fomento da rehabilitación

1. Para o fomento das actuacións de conservación e rehabilitación de inmobles, o Concello da Coruña colaborará cos interesados facilitando asesoramento e información xeral e técnica sobre as obras de rehabilitación, e levando a cabo a coordinación institucional precisa para que poidan tramitarse conxuntamente todas as licenzas, autorizacións e axudas dirixidas a este fin.

2. Así mesmo, establécense nesta Ordenanza as axudas económicas directas consistentes en subvencións a fondo perdido para a realización das obras de rehabilitación nas circunstancias e cos requisitos nela contemplados. Estas axudas poderán ser complementadas con axudas indirectas mediante a sinatura de Convenios por parte do Concello con institucións públicas e privadas que melloren o financiamento dos particulares.

3. As actuacións que sexan obxecto de axudas ao abeiro dos sucesivos Plans Estatais de Vivenda, someteranse unicamente as condicións que neles se establezan a través da normativa estatal e autonómica que os desenvolvan, á que deberán axustarse as súas convocatorias.

Artigo 2. Definición de conceptos

Para os efectos do disposto na presente Ordenanza, establécense as seguintes definicións:

1. Actuación subvencionable: Aquelas obras susceptibles de ser subvencionadas e que se definen no artigo 7 e/ou na convocatoria correspondente.

2. Custo subvencionable: Custo das obras, que non poderá superar os costes medios de mercado que a tales obras correspondan e será acorde cos prezos recollidos na base de Datos de Construción de Galicia ou no seu caso, bases de datos habituais en

construción, vixentes no momento da convocatoria.
Incluirá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción de proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios para a execución das obras, sempre que estean debidamente xustificados, sexan contratados directamente polos promotores das actuacións, e non superen os costes medios de mercado nin os prezos de bases de datos habituais correspondentes.
No custo total das obras non se incluirán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.
3. Superficie. Enténdese sempre superficie útil. En caso de que non conste expresamente, aplicarase un índice corrector do 0,8 sobre a superficie construída.

4. Ingresos. Os que se computen co obxecto de determinar a base impoñible xeral e do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente a declaración ou declaracións presentadas polo solicitante ou por cada un dos membros da unidade de convivencia, debéndose entender sempre referidas ao último período impositivo con prazo de presentación vencido, no momento da solicitude da axuda correspondente. No suposto de persoas non obrigadas a presentar esta declaración, computarase o total de rendementos do traballo, capital mobiliario, e/ou pensións ou prestacións periódicas recibidas igualmente no último exercicio vencido.

5. Unidade de convivencia da persoa beneficiaria. Conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares. A composición da unidade familiar será a establecida na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
6. Persoa con discapacidade. Interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
7. Persoa con mobilidade reducida. Persoas que teñen limitada a posibilidade de desprazarse ou de interactuar coa contorna con seguridade e autonomía, a causa dunha determinada discapacidade física, sensorial ou intelectual, acreditada mediante informe médico segundo o modelo establecido no Anexo I desta Ordenanza.
8. Axustes razoables: segundo o establecido no artigo 2.5 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana, entenderanse por axustes razoables as medidas de adecuación dun edificio para facilitar a accesibilidade universal de xeito eficaz, seguro e práctico, e sen que constitúan unha carga desproporcionada. Para determinar se unha carga é ou non desproporcionada teranse en conta os custos da medida, os efectos discriminatorios que a súa non adopción poidan representar, a estrutura e características da persoa ou entidade que deba poñela en práctica e a posibilidade que teñan aquelas de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda. Entenderase que é desproporcionada , nos edificios constituídos en réxime de propiedade horizontal, cando o custo das obras repercutido anualmente, e descontando as axudas públicas ás que se poia ter dereito, exceda de doce mensualidades ordinarias de gastos comúns.

Artigo 3. Condicións previas dos inmobles
Poderán solicitarse as axudas reguladas nesta Ordenanza para a realización de obras en vivendas ou edificios situados no termo municipal de A Coruña que cumpran as seguintes condicións:

1. Non estar incursos en ningún expediente de infracción urbanística incoado e notificado, e contar co título habilítante urbanístico necesario segundo o tipo de obra a executar (licenza ou comunicación previa) ou, no seu caso, a súa solicitude.
2. Cando as obras para as que se solicite a subvención afecten a inmobles para os que se teña incoado e notificado un procedemento de reparación de deficiencias relativas ao deber urbanístico de conservación, poderá concederse inicialmente a subvención solicitada, pero a resolución de concesión definitiva quedará condicionada ao informe técnico favorable dos procedementos que, de ser o caso, se poidan tramitar para a emenda das ditas deficiencias.
3. Na rehabilitación de edificios débese destinar ao uso de vivenda como mínimo o 60 % da súa superficie sobre rasante, e terá que ser utilizada como residencia habitual e permanente polo menos o 75% das vivendas, excluíndose destes cómputos os baixos destinados a local comercial.

Artigo 4. Beneficiarios
Poderán ser beneficiarios das axudas á rehabilitación contempladas nesta Ordenanza:
a) Nas obras sobre os elementos comúns do edificio, as Comunidades de Propietarios ou os propietarios, sobre o presuposto correspondente á súa cota de participación no inmoble ou outro reparto acordado polos propietarios do inmoble.
b) Nas obras en vivendas o propietario ou ocupante con autorización deste.
Se a subvención se solicita por persoa distinta do propietario, cando exista entre eles unha relación ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, deberán achegarse os ingresos tanto do ocupante coma do propietario.
Cando se trate de obras en vivendas que inclúan remodelación de elementos comúns, deberán contar coa autorización expresa da Comunidade de Propietarios ou, en caso de que esta non se atope constituída, dos propietarios cuxas cotas de participación no inmoble representen a maioría consonte o establecido no Código civil.
Só poderán solicitarse axudas para as obras realizadas en vivendas que constitúan ou vaian constituír domicilio habitual e permanente do solicitante ou que se atopen alugadas ou ocupadas por calquera outro título lexítimo no momento da solicitude, usándose tamén como domicilio habitual.
c) No caso de que se leve a cabo a rehabilitación integral dun edificio non ocupado, os promotores só poderán acceder a todas as axudas contempladas na presente Ordenanza nos seguintes casos:
- Cando se trate de Entidades Benéficas ou sen fins de lucro.
- Cando o destino das vivendas unha vez rehabilitadas sexa a residencia habitual e permanente dos propios promotores.
- Cando as vivendas sexan obxecto de cualificación como vivenda protexida de réxime xeral, para ser destinadas a aluguer protexido durante un prazo non inferior a vinte cinco anos.

Artigo 5. Limitacións
1. As vivendas que fosen subvencionadas conforme ao disposto na presente Ordenanza, non poderán ser obxecto de transmisión intervivos, durante o prazo de dez anos dende a data da resolución definitiva de concesión das axudas, sen autorización do concello.
Esta prohibición de dispoñer figurará na resolución definitiva e inscribirase no Rexistro da Propiedade, e o concello só autorizará a venda das devanditas vivendas se previamente se devolveron as axudas recibidas incrementadas cos intereses legais.
Exceptúanse as cesións consecuencia de sentenzas de separación matrimonial ou

divorcio, cando no convenio regulador se pacte a adxudicación da vivenda a un só dos cónxuxes, e a extinción de condominio, no caso de adquisicións conxuntas, mediante a adxudicación da totalidade do inmoble a un dos adquirentes.
2. Excepcionalmente, e pasados 5 anos dende a data da resolución definitiva de concesión das axudas, o concello poderá autorizar a transmisión intervivos de vivendas que foran obxecto de subvención para a execución de obras de habitabilidade, cando as persoas propietarias acrediten modificacións substanciais na súa situación económica ou social que supoñan un empeoramento da súa calidade de vida.
3. Os contratos de arrendamento das vivendas que logo da súa rehabilitación sexan destinadas ao aluguer, con vixencia posterior á resolución de concesión definitiva das axudas, deberán ser autorizados polo Concello durante un período de dez anos, e só se autorizarán aqueles nos que o prezo de renda non supere o máximo permitido para as vivendas protexidas de réxime xeral na mesma zona. En calquera outro caso, deberán devolverse as axudas recibidas incrementadas cos intereses legais.
4. As actuacións obxecto da subvención non poderán reducir as condicións xerais de habitabilidade das vivendas, agás no caso de que as obras teñan por obxecto mellorar as condicións de accesibilidade do edificio e non sexa posible a súa execución doutro xeito.

Artigo 6. Compatibilidade das axudas
As axudas municipais á rehabilitación son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, coa limitación de que a suma de todas as axudas económicas directas obtidas non poderán ser superiores ao custo total das obras.

CAPITULO 2. ACTUACIONS SUBVENCIONABLES E COANTÍAS
Artigo 7. Actuacións subvencionables
As actuacións para as que se poderá solicitar a subvención son as seguintes:
1. Obras de mellora de eficiencia enerxética que permitan acadar unha redución da demanda enerxética anual global do inmoble de polo menos un 25% sobre a situación previa á actuación. Sen carácter restritivo, enunciase as seguintes:
- Reforma da fachadas.
- Reforma de cuberta
- Substitución caldeiras
- Instalación ou substitución de sistemas de redución do consumo
- Instalación de enerxías renovables
- Cambio de fiestras

2. Obras de accesibilidade nas seguintes circunstancias:
a) As que afecten aos elementos comúns en edificios de vivenda colectiva coa finalidade de dispor un percorrido completamente accesible dende o acceso ao edificio dende a vía pública, ata cada unha das súas vivendas.
En virtude das características estruturais e construtivas do edificio, así como do seu nivel de protección, tamén poderán ser obxecto de axuda aquelas que, sen acadar dito grado de accesibilidade completa, si permitan cando menos acadar os axustes razoables definidos segundo o artigo 2 da presente ordenanza.
b) As que afecten ao interior das vivendas nas que residan persoas con mobilidade reducida, destinadas a dotalas dun programa mínimo dunha estancia, baño, cociña e o corredor que os comunique coas condicións de adaptadas establecidas no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras da CAG, ou norma que o

substitúa, e no documento de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA).
c) As que afecten ao interior das vivendas nas que residan persoas maiores de 70 anos, destinadas a mellorar as súas condicións básicas de accesibilidade en baños, cociñas ou elementos de comunicación.
d) Actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros do documento de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA).
3. Obras de adecuación das condicións de habitabilidade de vivendas construídas con licenza concedida con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 311/1992, do 12 de novembro, sobre supresión da cédula de habitabilidade, aos parámetros establecidos no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban las normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, ou norma que o substitúa, e que non teñan sido obxecto de reformas previas da súa distribución.
4. Obras de mellora da sustentabilidade dos inmobles:
a) As que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE, protección contra o ruído (DB-HR):
- Illamento acústico a ruído aéreo e a ruído de impactos.
- Illamento acústico fronte as reverberacións e absorción acústica.
- Ruído e vibracións nas instalacións.

Deberá xustificarse mediante as opcións do DB-HR ou cunha medición da situación posterior á actuación elaborada por un laboratorio de calidade, de acordo co artigo 10.3 do Decreto 106/2015, de nove de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou norma que o substitúa.
b) As actuacións que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do CTE, de salubridade (DB-HS):
- Protección fronte a humidade dos muros, chan, fachadas e máis cubertas.
- Recollida e evacuación de residuos
- Calidade do aire interior
- Subministro de auga
- Evacuación das augas

Deberán xustificarse mediante os procedementos que se establezan no mesmo documento básico.
c) As actuacións que que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva os niveis de gas radón no interior da edificación a media anual de concentración a niveis inferiores a 300 Bq/m3.
Deberán xustificarse en virtude das medicións de comprobación dos correspondentes niveis, de acordo co establecido nas guías de seguridade 11.01 e 11.04 do Consello de Seguridade Nuclear.
5. Obras nos inmobles incluídos nos catálogos do Plan Xeral de Ordenación Municipal ou o Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería, cando o seu obxectivo sexa a conservación e mantemento, reparación, restauración ou rehabilitación dos seus elementos ou partes obxecto de protección, e que permitan o mantemento ou recuperación das súas características tipolóxicas ou construtivas orixinais, segundo proceda en virtude do seu nivel de protección e as determinacións contidas na súa ficha de catalogación.
6. Obras de conservación dos edificios de uso residencial de vivenda colectiva con mais de 50 anos de antigüidade, nos termos establecidos no artigo 135.1.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ou norma que a substitúa, cuxa execución permita a posterior emisión dun informe favorable de avaliación do edificio nos termos establecidos na Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e

renovación urbana de Galicia, e normas que o desenvolvan.

Artigo 8. Subvencións
1. O Concello da Coruña subvencionará as obras de rehabilitación dos edificios e vivendas anteriormente descritas nas seguintes contías:

1 MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA % máximo
1a Envolvente térmica (fachadas e cuberta) 30 % 6.000 €/vivenda
1b Resto de actuacións de mellora da eficiencia enerxética 30 % 3.000 €/vivenda

2 OBRAS DE ACCESIBILIDADE % máximo
2a Instalación de ascensores e mellora de accesibilidade segundo DB SUA en elementos comúns 50 % 6.000 €/vivenda
2b Accesibilidade interior de vivendas de persoas con discapacidade recoñecida ou redución de mobilidade acreditada (art. 2.7) < IPREM 60 % 12.000 €/vivenda
2c Accesibilidade interior de vivendas de persoas de 70 anos de idade ou mais < 2 IPREM 45% 9.000 €/vivenda
2d Actuacións que melloren a o cumprimento do DB SUA no interior das vivendas <
3 IPREM 30 % 6.000 €/vivenda
< 4 IPREM 20 % 4.000 €/vivenda
RESTO 10 % 2.000 €/vivenda

3 MELLORA DE HABITABILIDADE DAS VIVENDAS % máximo
Renda da unidade de convivencia < IPREM 60 % 12.000 €/vivenda
Renda da unidade de convivencia < 2 IPREM 45% 9.000 €/vivenda
Renda da unidade de convivencia < 3 IPREM 30 % 6.000 €/vivenda
Renda da unidade de convivencia < 4 IPREM 20 % 4.000 €/vivenda
RESTO 10 % 2.000 €/vivenda

4 MELLORA DA SUSTENTABILIDADE DOS INMOBLES % máximo
4a Protección contra o ruído 30 % 3.000 €/vivenda
4b Mellora de salubridade 30 % 3.000 €/vivenda
4c Cumprimento dos niveis de radón sinalados na normativa 30 % 3.000 €/vivenda

5 ACTUACIONS EN INMOBLES CATALOGADOS % máximo
5a Edificios con protección monumental ou integral 60 % 6.000 €/vivenda
5b Edificios con protección estrutural 45% 4.500 €/vivenda
5c Edificios con protección ambiental 30 % 3.000 €/vivenda

6 CONSERVACIÓN DE INMOBLES % máximo
Actuacións sobre elementos comúns dos inmobles 50 % 3.000 €/vivenda

2. As axudas poderán acumularse cando se soliciten para actuacións sobre un mesmo ben inmoble, diferenciándose a tal efecto as que afecten a vivendas das que afecten aos elementos común dos inmobles nos que estas puideran atoparse, e manténdose os máximos correspondentes a cada un dos tipos de intervención.
Para isto, as actuacións deberá describirse en documentación asinada por técnico competente, segundo o sinalado no artigo 9.1.c) desta ordenanza.
3. Cando as axudas se soliciten para actuacións sobre os elementos comúns dun edificio

de vivendas correspondentes aos tipos 1, 2a, 4, 5, e 6, poderán incrementarse tanto na súa porcentaxe como na cantidade máxima, nas seguintes proporcións:
a) Para unidades de convivencia con ingresos inferiores ao IPREM, un 60 %.
b) Para unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2 veces o IPREM, un 45%
c) Para unidades de convivencia con ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, un 30 %
d) Para unidades de convivencia con ingresos inferiores a 4 veces o IPREM, un 15%

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS

Artigo 9. Integración co procedemento de autorización das obras

A solicitude de subvención coordinarase administrativamente coa tramitación do titulo habilitante de natureza urbanística, nos seguintes termos:
1. A documentación técnica necesaria para definir as obras para as que se solicite subvención deberá aportarse no expediente de tramitación urbanística, coas seguintes condicións:
a) Cando se correspondan coas sinaladas no artigo 2.2 da Lei 38/1995, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, deberá presentarse proxecto completo asinado por técnico competente.
b) Cando se trate de obras que pola súa natureza no requiran de proxecto, pero que o seu importe supere as contías ás que se refire o artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, deberá aportarse unha memoria asinada por técnico competente na que estas se describan e valoren mediante orzamento desagregado polo miúdo en partidas e medicións, con indicación dos seus prezos unitarios.
c) Tamén deberá presentarse memoria técnica asinada por técnico competente cando, non sendo necesaria segundo os apartados anteriores, a persoa solicitante desexe optar a axuda para dous ou mais tipos de obras das descritas no artigo 7, de xeito que no seu orzamento desagregado se identifiquen, en capítulos diferenciados, as partidas e medicións correspondentes a cada tipo de obra.
En calquera destes casos, a documentación deberá incorporar unha descrición polo miúdo do estado previo do inmoble para o que se solicita a axuda, unha reportaxe fotográfica das partes do inmoble obxecto da intervención, e unha xustificación da necesidade de execución das obras.
2. As obras poderán iniciarse no prazo que se estableza no seu correspondente título habilitante urbanístico, cando a súa necesidade se xustifique na documentación técnica achegada, ou despois da visita dos técnicos municipais cando dita documentación non sexa necesaria.

Artigo 10. Concorrencia competitiva

O procedemento para a concesión das subvencións iniciarase de oficio, mediante convocatoria aprobada, por Acordo da Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, na que se fixará o prazo de presentación de solicitudes e os demais requisitos establecidos na lexislación xeral.

Artigo 11. Documentación a presentar

As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións que se determinen nas correspondentes convocatorias, agás que xa estiveran en poder deste Concello da Coruña, contendo cando mínimo a seguinte documentación.
1. Documentación Xeral da solicitude:
a) Solicitude de subvención no impreso normalizado.
b) DNI/NIE ou CIF da persoa solicitante. No caso de que se actúe a través de

representante debe acompañar tamén o seu DNI/NIE.
c) Xustificación da titularidade do edificio/vivenda/local mediante a presentación de notas simples rexistrais cos datos actualizados.
d) Orzamento das obras para as que se solicita a subvención, elaborado por empresa/s contratista/s, desagregado por partidas, medicións e prezos unitarios.
Cando polo importe das actuacións para as que se solicite a axuda sexa preciso, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións deberán presentarse un mínimo de tres orzamentos.
Cando as obras requiran de proxecto ou memoria técnica segundo o establecido no artigo anterior, os orzamentos deberán referirse á documentación técnica que as defina, coincidindo con ela na descrición de partidas e medicións.
e) Cando non se acepte a proposta máis económica, deberá presentarse unha memoria técnica na que se xustifique a elección conforme a criterios de eficiencia e economía.
f) No seu caso, certificado de discapacidade ou informe médico oficial que acredite graves problemas de mobilidade das persoas residentes habituais no inmoble.
g) No caso de residir habitualmente persoas maiores de 70 anos no inmoble, presentarase unha relación delas indicando a vivenda na que residen.
h) Certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta IBAN a nome da persoa beneficiaria.
i) Declaración responsable do inicio e finalización das obras, cando se teñan producido con anterioridade á publicación da convocatoria.

j) Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos previstos de prohibición para ser beneficiario do artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Documentación nas solicitudes referidas a actuacións en elementos comúns:
a) Certificación do acordo da comunidade de propietarios emitida pola persoa que exerza as funcións de secretaría da comunidade, co seguinte contido:
- Aprobación da presentación da solicitude de subvención.
- Aprobación da designación da persoa que represente á comunidade na tramitación do expediente de subvención.
- Aprobación da autorización das obras.
- Aprobación da elección do presuposto.

Este documento deberá reunir os requisitos do art. 19 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.
b) Certificado asinado pola secretaría da comunidade, no que conste a porcentaxe de participación de cada vivenda no custo total da obra para a que se pide subvención.
c) Declaración responsable sobre o destino e ocupación do inmoble, segundo o modelo facilitado no anexo I

d) Autorización de consulta de datos fiscais segundo o modelo facilitado no anexo II, cando se solicite o incremento do importe da axuda segundo o establecido no artigo 8.3.

3. Documentación nas solicitudes referidas a actuacións en elementos privativos:
a) No caso de que a persoa solicitante sexa distinta de quen ostente a propiedade, deberá presentarse a autorización da persoa propietaria para a realización das obras.
b) Declaración responsable sobre o destino e ocupación do inmoble e consulta de datos fiscais, segundo o modelo facilitado no anexo I

c) Declaración responsable da composición da unidade familiar segundo o modelo facilitado no anexo III
d) Fotocopia da declaración do IRPF das persoas que forman a unidade familiar correspondente ao exercicio inmediatamente anterior á data da solicitude, ou na súa falta, certificado de imputación do IRPF emitido pola Axencia Tributaria.
4. Para a xustificación da execución das obras e aboamento da subvención
a) Cando en virtude do sinalado no artigo 9.1 as obras precisasen de documentación técnica que as definise, certificado de fin de obra asinado polo responsable técnico da súa execución.
b) No resto das actuacións, declaración responsable do solicitante de telas executado na súa totalidade, dentro do prazo concedido para ilo.
c) Reportaxe fotográfica no que se recollan polo miúdo a totalidade das obras executadas; no caso de existir responsable técnico da súa execución, deberá vir asinada por este.
d) Cando exista dirección técnica das obras. Certificación Final das obras executadas, na que se recollan polo miúdo o grado de execución de cada unha das partidas definidas na documentación técnica inicial, e aqueloutras que deberan incorporarse durante a súa execución por seren necesarias para a máis correcta realización das obras aprobadas.
e) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, contendo a relación clasificada dos gastos correspondentes a cada unha das actuacións subvencionadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acredora, o seu importe e a súa data de emisión, así como a xustificación do seu pagamento, mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificadas, selados e asinados pola persoa ou entidade solicitante.
f) A documentación técnica indicada no artigo 7 coa que se xustifique ter alcanzado os parámetros mínimos establecidos para a consideración das actuacións propostas como subvencionables.

Artigo 12. Inspección previa e inicio das obras
1. Cando polo seu alcance ou contía as obras para as que se solicite subvención non precisen de proxecto ou memoria técnica, os interesados no procedemento poderán solicitar que a comprobación da súa necesidade se realice polos servizos técnicos do Concello, e non se poderán iniciar até que esta teña lugar.
Alternativamente, poderán presentar xunto coa solicitude da subvención unha declaración responsable da súa necesidade e da data do inicio das obras, apoiada en documentación gráfica que a xustifique.
2. No resto dos supostos, as obras poderán iniciarse unha vez que se presente toda a documentación requirida no procedemento de subvención e consonte o prazo de inicio conferido no título urbanístico que habilite a súa execución, sen prexuízo das facultades de comprobación posterior do persoal técnico do Concello.
3. Con todo, cando o título urbanístico habilítante permita o inicio das obras en períodos nos que non exista aberto período de convocatoria de axudas consonte á presente ordenanza, estas poderán concorrer á convocatoria inmediatamente posterior ao seu inicio cando se xustifique a data de inicio das obras mediante certificación emitida pola súa dirección facultativa ou, en ausencia desta, mediante a declaración responsable do promotor á que se refire o apartado 1º deste artigo.

Artigo 13. Criterios de clasificación

1. Unha vez comprobada a documentación aportada polos interesados, as solicitudes que cumpran os requisitos que se sinalen na correspondente convocatoria ordenaranse atendendo aos seguintes criterios:
• Obras de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade dos inmobles dando prioridade a aqueles que contemplen unha maior redución de emisión de CO2 ou aqueles que máis reduzan o seu consumo enerxético.
• Obras de mellora de accesibilidade dos inmobles dándose prioridade a aqueles nos que resida algunha persoa con discapacidade recoñecida, redución de mobilidade acreditada, ou de 70 anos ou mais de idade.
• As obras de adecuación da habitabilidade das vivendas individuais dándose prioridade ás destinadas á adaptación de vivendas nas que residan persoas con problemas de mobilidade e, en segundo termo de menor renda.
• Obras de rehabilitación integral ou parcial en edificios catalogados, ordenándose os expedientes en función da catalogación do inmoble e, a continuación, da antigüidade do inmoble, dándose prioridade ao máis antigo.
• Obras de conservación nos elementos comúns dos edificios cunha antigüidade superior a cincuenta anos e que non fosen rehabilitados integramente nese período, ordenándose os expedientes en función da antigüidade do inmoble, dándose prioridade ao máis antigo.
2. As convocatorias poderán establecer polo miúdo outros parámetros de clasificación respectando os contidos neste artigo.
3. En caso de que se producisen empates por concorrer as mesmas circunstancias en distintas obras, os expedientes ordenaranse pola súa data e número de entrada no Rexistro Municipal coa documentación completa.

Artigo 14. Publicacións
1. Unha vez ordenadas as solicitudes segundo o criterios sinalados no artigo anterior ou na convocatoria, segundo proceda, elaborarase a súa relación en virtude da dispoñibilidade orzamentaria da convocatoria á que concorran, na que constarán os datos do solicitante e do beneficiario, así como os do inmoble obxecto de rehabilitación, obras aprobadas, custo subvencionable e subvención concedida.
2. Elaborarase, así mesmo, unha relación de solicitantes excluídos na que figurarán os datos do solicitante, do inmoble para o que se solicitou a subvención e motivos da exclusión.
3. Ambas as dúas relacións publicaranse no taboleiro de anuncios e páxina web do concello, iniciándose o prazo para as tramitación das resolucións de concesión inicial ou de denegación, segundo proceda.

Artigo 15. Resolución
1. Unha vez completado un expediente e en canto conte co seu preceptivo título habilitante de natureza urbanística, poderá procederse á resolución de concesión da axuda.
2. Nos expedientes acollidos a Convenios de financiamento por outras entidades ou Administracións, esta resolución significará exclusivamente a aprobación do Concello, debendo continuarse, se é o caso, a tramitación prevista na súa normativa especial, sen que se xeren dereitos para os particulares en tanto non estea aprobada polos órganos que se determinen nos respectivos Convenios ou normativa pola que se rexan.
3. Nesta resolución indicaranse o prazo para a execución da obra e os documentos esixidos para o pagamento da subvención recoñecida, así como os seus prazos de

presentación.
4. No suposto de que o prazo de execución da obra abarque dous exercicios orzamentarios, poderanse autorizar e comprometer gastos plurianuais segundo a previsión da execución da obra, coa advertencia de que o pagamento e libramento da subvención en exercicios orzamentarios posteriores ao do seu inicio quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e de abondo para a mesma finalidade.

Artigo 16. Prazo de execución e finalización das obras
1. O prazo para a execución das obras non poderá ser superior a un ano, podendo prorrogarse como máximo seis meses en caso de que a importancia das obras ou circunstancias sobrevidas así o xustificasen.
Finalizadas as obras, o interesado comunicará a devandita circunstancia acompañando a documentación sinalada no apartado 4 do artigo 11.
2. No caso de que as obras non finalizasen no prazo establecido, comprobarase o seu grado de execución, e se este non supera o 50 % das obras aprobadas, poderase ditar resolución de caducidade da subvención concedida, logo de audiencia de interesado.
Cando si supere dita porcentaxe, poderase modificar o importe da subvención concedida axustándoa á obra realmente executada, tamén previa audiencia do interesado.
3. A porcentaxe de obra executada valorarase polos servizos técnicos municipais, sen que se admitan valoracións contraditorias.

Artigo 17. Acreditación e pagamento da subvención
1. Acreditada a correcta execución das obras, ou determinado o porcentaxe da súa execución segundo o sinalado no artigo anterior cando non estiveran finalizadas, resolverase definitivamente o procedemento dispoñendo o pagamento sobre o importe dos gastos subvencionables debidamente acreditados.
2. Cando no transcurso da obra xurdisen incidencias que aumentasen o orzamento inicialmente aprobado, poderá solicitarse ampliación da subvención concedida na resolución definitiva, achegando xustificación abonda.

Non se admitirán variacións superiores ao 10 % do orzamento aprobado nin a introdución de novas partidas que non sexan necesarias para a máis correcta realización das obras aprobadas.

Artigo 18. Pagamento anticipado
1. Resolta inicialmente a concesión da subvención, os seus beneficiarios poderán solicitar anticipos pola totalidade ou parte da subvención concedida ou aboamentos a conta, de acordo cos dous seguintes réximes:
a) Anticipo de pagamento da subvención, unha vez iniciada a obra de rehabilitación. Neste caso, o solicitante deberá prestar garantía polo importe do anticipo solicitado incrementado nun dez por cento, de acordo co establecido nos artigos 45 e seguintes do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
b) Aboamentos a conta consistentes en pagamentos que respondan ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada de obras xa realizadas, a reservas do que resulte da xustificación e liquidación definitiva.
A xustificación deberá realizarse mediante certificación asinada pola dirección técnica das obras, e o representante da empresa contratista.

2. As solicitudes de pagamentos anticipados ou pagamentos a conta poderán tramitarse simultaneamente coa da subvención. Neste caso, ambas as dúas solicitudes resolveranse conxuntamente, aínda que o pagamento efectivo non se produza ata que se acredite o cumprimento das condicións esixidas no parágrafo anterior
3. A concesión de anticipos ou aboamentos a conta requirirá que polo beneficiario se acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e fronte ao Concello, na forma prevista nos artigos 22, 23 e 24 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, podendo realizarse de oficio no caso de débedas co Concello. Tamén deberán presentar declaración responsable ante o órgano concedente da subvención de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
4. O Concello poderá esixir a devolución da totalidade ou parte das cantidades anticipadas ou a execución das garantías prestadas, nos casos previstos na lexislación xeral de subvencións e en particular:
a) Cando, transcorrido o prazo outorgado para a realización das obras, non se comunique polo beneficiario a súa finalización.
b) Cando, comunicado o fin de obra ou xirada visita de inspección, se comprobe que as obras realizadas non se corresponden coas autorizadas na resolución inicial.
c) Cando os gastos xustificados sexan inferiores ao presuposto protexido que serviu de base para a concesión da subvención.

Artigo 19. Prazo de presentación da documentación xustificativa.
O prazo para a presentación da documentación xustificativa da execución e aboamento das obras recollida no artigo 11.4 desta ordenanza é de 15 dias hábiles a contar desde a data indicada na resolución de concesión da subvención para a finalización da obra obxecto da subvención.
O dereito ao pagamento da subvención concedida prescribirá transcorrido o prazo dun mes dende a data de finalización do prazo para a execución da obra que se estableza na resolución de concesión sen que teña presentada a documentación establecida no artigo 11.4., ou dende a finalización do prazo do requirimento de emenda da documentación que fora presentada.

Artigo 20. Anulación e devolución de subvencións
Para a anulación e reintegro das subvencións concedidas estarase ao disposto no Título II da Lei 38/2003 do 17 de Novembro, Xeneral de Subvencións, ou aquela que estea vixente no momento do inicio do procedemento.

CAPITULO 5. REXIME SANCIONADOR
Artigo 21. Procedemento sancionador
É competente para a imposición de sancións a Xunta de Goberno Local, ou órgano no que delegue, aplicándose o establecido no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

DISPOSICION ADICIONAL
A regulación dada nesta ordenanza deberá incorporarse ao Plan Estratéxico de Subvencións municipal anunciado na sesión plenaria do 05.12.2019 polo concelleiro de Facenda.

DISPOSICION TRANSITORIA

Os expedientes en tramitación iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza continuarán a tramitarse segundo o establecido nas súas correspondentes convocatorias, e complementariamente no Texto Refundido da Ordenanza de Conservación e Rehabilitación de Inmobles do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno municipal na súa sesión do 10 de novembro de 2011, coas súas modificacións posteriores.

DISPOSICION DERROGATORIA
Derróganse os seguinte artigos do Texto Refundido da Ordenanza de Conservación e Rehabilitación de Inmobles do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno municipal na súa sesión do 10 de novembro de 2011, coas súas modificacións posteriores:

- Artigo 1, segundo parágrafo.
- Artigo 10
- Artigos 84 a 110 (Titulo VI, Axudas á Rehabilitación)
- Artigo 111 a 119 (Título VII, Fomento de obras de accesibilidade e soterramento de cableado)
- Disposicións Adicionais primeira, segunda, terceira e quinta.

Presidencia

Pasamos xa ao asunto número tres, señor Secretario.

Aprobación inicial da modificación puntual do PXOM no ámbito do polígono M22 "Parque da Agra"

Asunto: aprobación inicial do documento denominado "Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña no ámbito do polígono M22 "Parque da Agra". Documento para aprobación inicial. Decembro 2019" para a execución da sentenza 620/2015

Señor Secretario Xeral

Require maioría absoluta legal.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda de data 2 de marzo de 2020, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, BNG e Mixto (Cidadáns-Partido da Cidadanía), acordándose

Presidencia

Pasamos ya al asunto número tres, señor Secretario.

Aprobación inicial de la modificación puntual del PGOM en el ámbito del polígono M22 "Parque del Agra"

Asunto: *aprobación inicial del documento denominado "Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del polígono M22 "Parque del Agra". Documento para aprobación inicial. Diciembre 2019" para la ejecución de la sentencia 620/2015*

Señor Secretario Xeral

Requiere mayoría absoluta legal.

Este asunto ha sido dictaminado por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda de fecha 2 de marzo de 2020, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, BNG y Mixto (Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía),

como ditame da Comisión, propoñer o Pleno municipal que, por maioría absoluta legal, adopte os acordos seguintes:

Primeiro. Aprobar inicialmente o documento denominado "Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña no ámbito do polígono M22 "Parque do Agra". Documento para aprobación inicial. Decembro 2019", redactado por Oficina de Planeamento, S.A. coas observacións realizadas no informe técnico e xurídico municipal do 28 de xaneiro de 2020.

Segundo. Solicitar os informes sectoriais necesarios e someter o documento ao trámite de información urbanística durante o prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Declarar, de conformidade co artigo 47.2 da LSG/16 e 86.2 do RLSG/16, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e edificación, en todas as parcelas do ámbito da modificación.

Cuarto. Comunicar aos departamentos municipais relacionados co asunto a realización do trámite para os efectos do seu coñecemento e efectos conseguintes.

Presidencia

Ben, moitas grazas.

Ten a palabra, en primeiro lugar o concelleiro señor Díaz Villoslada e posteriormente, tal e como se acordou, haberá dúas quendas, unha de cinco minutos e outra de tres.

acordándose como dictamen de la Comisión, proponer al Pleno municipal que, por mayoría absoluta legal, adopte los acuerdos siguientes:

Primero. Aprobar inicialmente el documento denominado "Modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña en el ámbito del polígono M22 "Parque del Agra". Documento para aprobación inicial. Diciembre 2019", redactado por Oficina de Planeamento, S.A. con las observaciones realizadas en el informe técnico y jurídico municipal de 28 de enero de 2020.

Segundo. Solicitar los informes sectoriales necesarios y someter el documento al trámite de información urbanística durante el plazo de dos meses, mediante la inserción de anuncios en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión en la provincia, y en la sede electrónica del Ayuntamiento.

Tercero. Declarar, de conformidad con el artículo 47.2 de la LSG/16 y 86.2 del RLSG/16, la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias de parcelación de terrenos y edificación, en todas las parcelas del ámbito de la modificación.

Cuarto. Comunicar a los departamentos municipales relacionados con el asunto la realización del trámite a los efectos de su conocimiento y efectos consiguientes.

Presidencia

Bien, muchas gracias.

Tiene la palabra, en primer lugar el concejal señor Díaz Villoslada y posteriormente, tal y como se acordó, habrá dos turnos, uno de cinco minutos y otro de tres.

Señor Díaz Villoslada

Grazas, señora alcaldesa, señores membros da Corporación.

Como figura no expediente desta aprobación inicial, que tamén foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda deste pasado luns, a Xunta de Goberno Local do mandato anterior, do 3 de maio de 2019, aprobara un documento para o inicio do trámite de avaliación ambiental estratéxica simplificada con esta proposta de modificación puntual do Plan Xeral de 2013 en relación co polígono M22, pola necesaria necesidade de execución de sentenza, á que logo farei referencia.

En setembro de 2019 por parte da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático emitiuse o correspondente informe ambiental estratéxico a esta modificación puntual concluíndo que non precisaba someter esta modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria pero si que sinalaba unha serie de cuestións ou de determinacións que cómpre inserir neste documento que hoxe traemos para aprobación inicial. O equipo redactor desta modificación puntual despois deses informes no trámite ambiental emitidos en setembro preparara e rematara un novo documento incluíndo as determinacións ás que fago referencia, documento datado en decembro de 2019. Para facer o relato completo da cronoloxía deste expediente, en xaneiro deste ano 2020 este documento novo é informado técnica e xuridicamente en xaneiro, como digo, deste ano 2020, coa finalidade principal, insisto, coa finalidade principal de dar cumprimento á sentenza 620/2015 do Tribunal

Señor Díaz Villoslada

Gracias, señora alcaldesa, señores miembros de la Corporación.

Como figura en el expediente de esta aprobación inicial, que también fue dictaminado favorablemente en la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda de este pasado lunes, la Junta de Gobierno Local del mandato anterior, de 3 de mayo de 2019, había aprobado un documento para el inicio del trámite de evaluación ambiental estratégica simplificada con esta propuesta de modificación puntual del Plan General de 2013 en relación con el polígono M22, por la necesaria necesidad de ejecución de sentencia, a la que luego haré referencia.

En septiembre de 2019 por parte de la Xunta de Galicia a través de la Dirección Xeral de Calidade Ambiental e de Cambio Climático se emitió el correspondiente informe ambiental estratégico a esta modificación puntual concluyendo que no precisaba someter esta modificación al procedimiento de evaluación ambiental estratégica ordinaria pero sí que señalaba una serie de cuestiones o de determinaciones que hace falta introducir en este documento que hoy traemos para aprobación inicial. El equipo redactor de esta modificación puntual después de esos informes en el trámite ambiental emitidos en septiembre había preparado y finalizado un nuevo documento incluyendo las determinaciones a las que hago referencia, documento datado en diciembre de 2019. Para hacer el relato completo de la cronología de este expediente, en enero de este año 2020 este documento nuevo es informado técnica y jurídicamente en enero, como digo, de este año 2020, con la finalidad principal, insisto, con la finalidad

Superior de Xustiza de Galicia, que é firme porque fora logo rexeitado o recurso de casación, un recurso presentado pola compañía Dricar de Inversiones SL contra o Plan Xeral no que se solicitaba –e o fallo, nese sentido, se pronuncia- para excluír do ámbito do polígono M22 esa parcela titularidade desa compañía mercantil, de 3.163 m^2. Polo tanto, esta proposta de modificación puntual do Plan Xeral neste polígono que traemos a aprobación inicial ten, como primeira e principal finalidade, a execución dunha sentenza de obrigado cumprimento en todos os seus termos e nese sentido, sobre esa parcela, evidentemente, se exclúe do ámbito, declarándoa solo urbano consolidado e establecendo unha ordenación pormenorizada mediante a aplicación da norma zonal 2.4.

principal de dar cumplimiento a la sentencia 620/2015 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, que es firme porque había sido después rechazado el recurso de casación, un recurso presentado por la compañía Dricar de Inversiones SL contra el Plan General en el que se solicitaba –y el fallo, en ese sentido, se pronuncia- para excluir del ámbito del polígono M22 esa parcela titularidad de esa compañía mercantil, de 3.163 m^2. Por tanto, esta propuesta de modificación puntual del Plan General en este polígono que traemos a aprobación inicial tiene, como primera y principal finalidad, la ejecución de una sentencia de obligado cumplimiento en todos sus términos y en ese sentido, sobre esa parcela, evidentemente, se excluye del ámbito, declarándola suelo urbano consolidado y estableciendo una ordenación pormenorizada mediante la aplicación de la norma zonal 2.4.

En segundo lugar, evidentemente, esta modificación puntual recoñece a situación de solo urbano consolidado do antigo núcleo de vivendas de tipoloxía tradicional existente na rúa do Pinar, con aplicación da norma zonal 4, 5, cuestión que xa estaba acordada, tamén, no proxecto que se aprobara polo Goberno anterior na Xunta de Goberno Local. Polo tanto, as anteditas modificacións, informadas positivamente, ademais, en trámite ambiental, obrigan a reordenar o polígono M22.

En segundo lugar, evidentemente, esta modificación puntual reconoce la situación de suelo urbano consolidado del antiguo núcleo de viviendas de tipología tradicional existente en la calle del Pinar, con aplicación de la norma zonal 4, 5, cuestión que ya estaba acordada, también, en el proyecto que se había aprobado por el Gobierno anterior en Junta de Gobierno Local. Por tanto, dichas modificaciones, informadas positivamente, además, en trámite ambiental, obligan a reordenar el polígono M22.

Hai que sinalar, tamén, que este polígono ten un sistema de actuación que se define como de cooperación. Polo tanto, é de iniciativa do Concello e polo tanto sería a propia administración municipal, o propio Concello, o que pode desenvolver e ter a capacidade de iniciativa para levar adiante os procesos de urbanización e de mellora do espazo público.

Hay que señalar, también, que este polígono tiene un sistema de actuación que se define como de cooperación. Por tanto, es de iniciativa del Ayuntamiento y por tanto sería la propia administración municipal, el propio Ayuntamiento, el que puede desarrollar y tener la capacidad de iniciativa para llevar adelante los procesos de urbanización y de mejora del espacio público.

O acordo que hoxe se propón para aprobación inicial determinaría, tamén, evidentemente, a suspensión das licenzas en todo este ámbito.

O pasado 14 de febreiro este concelleiro tivo unha xuntanza cos representantes da Asociación Veciñal e Cultural da Agra para explicarlles o alcance desta modificación para revisar como estaba configurado este polígono M22 no Plan Xeral de 2013; como pasou a configurarse no documento aprobado na Xunta de Goberno Local do pasado ano e como, finalmente, este Goberno presenta este documento.

Despois desas explicacións tivemos a reunión da comisión informativa na que, finalmente, presentamos as conclusións que están no expediente. Consideramos que esta configuración final que hoxe traemos deste polígono, á parte de garantir a execución das sentenzas de obrigado cumprimento, garante o necesario patrimonio arqueolóxico e do Observatorio, edificio que está en proceso, tamén, de catalogación alí presente, garante, evidentemente, e confirma exclusión do ámbito do Camiño do Pinar, reduce dunha forma máis que sensible os niveis de edificabilidade sempre tan discutidos e, nese sentido, quero lembrar que o Plan Xeral 2013 tiña previsto 39.335 metros de edificabilidade, a proposta aprobada o ano pasado en Xunta de Goberno Local reducía a edificabilidade a algo máis de 23.000 m^2 e este documento reduce a edificabilidade a 19.480 m^2. Por certo, eliminando algún edificio illado por recomendacións, tamén, dos informes ambientais e garantindo, por outra parte, ante a tan deostada -ás veces- vivenda, que o 40 % da vivenda deste polígono tense que destinar á protección oficial.

El acuerdo que hoy se propone para aprobación inicial determinaría, también, evidentemente, la suspensión de las licencias en todo este ámbito.

El pasado 14 de febrero este concejal tuvo una reunión con los representantes de la Asociación Vecinal y Cultural del Agra para explicarles el alcance de esta modificación para revisar cómo estaba configurado este polígono M22 en el Plan General de 2013; cómo pasó a configurarse en el documento aprobado en la Junta de Gobierno Local del pasado año y cómo, finalmente, este Gobierno presenta este documento.

Después de esas explicaciones tuvimos la reunión de la comisión informativa en la que, finalmente, presentamos las conclusiones que están en el expediente. Consideramos que esta configuración final que hoy traemos de este polígono, aparte de garantizar la ejecución de las sentencias de obligado cumplimiento, garantiza el necesario patrimonio arqueológico y del Observatorio, edificio que está en proceso, también, de catalogación allí presente, garantiza, evidentemente, y confirma exclusión del ámbito del Camino del Pinar, reduce de una forma más que sensible los niveles de edificabilidad siempre tan discutidos y, en ese sentido, quiero recordar que el Plan General 2013 había previsto 39.335 metros de edificabilidad, la propuesta aprobada el año pasado en Junta de Gobierno Local reducía la edificabilidad a algo más de 23.000 m^2 y este documento reduce la edificabilidad a 19.480 m^2. Por cierto, eliminando algún edificio aislado por recomendaciones, también, de los informes ambientales y garantizando, por otra parte, ante la tan denostada -a veces- vivienda, que el 40 % de la vivienda de este polígono se tiene que destinar a la protección oficial.

Este documento é o resultado da valoración naquel momento de seis alternativas e consideramos que despois dos trámites ambientais é a mellor alternativa posible. Por iso traemos o documento para aprobación inicial, sendo conscientes de que require maioría absoluta e sendo tamén conscientes de que, se se somete á información pública, recibiranse as correspondentes alegacións, suxestións ou aportacións que nos permitirán estudar o documento que, definitivamente, deberiamos traer a aprobación definitiva, valla a redundancia, para, despois de tantos anos, ser capaces de levar adiante a ordenación deste ámbito, de tanta necesidade na Agra, na que tratamos de conciliar todos os factores que están en xogo. Máis nada. Grazas.

Este documento es el resultado de la valoración en aquel momento de seis alternativas y consideramos que después de los trámites ambientales es la mejor alternativa posible. Por eso traemos el documento para aprobación inicial, siendo conscientes de que requiere mayoría absoluta y siendo también conscientes de que, si se somete a información pública, se recibirán las correspondientes alegaciones, sugerencias o aportaciones que nos permitirán estudiar el documento que, definitivamente, deberíamos traer a aprobación definitiva, valga la redundancia, para, después de tantos años, ser capaces de llevar adelante la ordenación de este ámbito, de tanta necesidad en el Agra, en la que tratamos de conciliar todos los factores que están en juego. Nada más. Gracias.

Presidencia

Moitas grazas.

Primeira quenda para Ciudadanos, señora Martínez, cinco minutos.

Presidencia

Muchas gracias.

Primer turno para Ciudadanos, señora Martínez, cinco minutos.

Señora Martínez Lema

Moitas grazas.

Bueno, partindo da base de que entendemos que a solución non sexa a desexada polos veciños da Agra, a nós parécenos unha proposta aceptable, tendo en conta a complexidade do expediente e o tempo que os veciños levan agardando por algunha noticia deste tipo. Un expediente no que conflúen, como se nos contou, moitos aspectos difíciles de encaixar, desde equipamentos públicos ás necesidades básicas do barrio de dispoñer do tan ansiado espazo público, espazo verde. Por outra parte, os dereitos de edificabilidade, a execución dunha sentenza, a conservación dun núcleo tradicional como é o do Camiño do Pinar

Señora Martínez Lema

Muchas gracias.

Bueno, *partiendo de la base de que entendemos que la solución no sea la deseada por los vecinos del Agra, a nosotros nos parece una propuesta aceptable, teniendo en cuenta la complejidad del expediente y el tiempo que los vecinos llevan esperando por alguna noticia de este tipo. Un expediente en el que confluyen, como se nos contó, muchos aspectos difíciles de encajar, desde equipamientos públicos a las necesidades básicas del barrio de disponer del tan ansiado espacio público, espacio verde. Por otra parte, los derechos de edificabilidad, la ejecución de una sentencia, la conservación de un*

e a todos estes ingredientes hai que engadirlle os informes sectoriais do trámite ambiental. E de todo isto sae esta proposta que hoxe se trae a Pleno.

núcleo tradicional como es el del Camino del Pinar y a todos estos ingredientes hay que añadir los informes sectoriales del trámite ambiental. Y de todo esto sale esta propuesta que hoy se trae a Pleno.

O feito de que o barrio vaia dispoñer de máis zona verde é en si unha boa nova para unha zona cunha altísima densidade de poboación, case 7.000 persoas por km^2. Unha zona que necesita e leva reclamando espazo desde hai moitos anos. Son máis de 13.000 m^2 de zona verde, tal e como comentaba a señora Neira o outro día, o tamaño de dous campos de fútbol. Insisto en que non é todo o que quixeran os veciños, pero non podemos aceptar a opción de pagar máis de 15 millóns de euros en expropiacións os propietarios despois de ter en conta o histórico de indemnizacións urbanísticas nesta cidade nos últimos anos. Tampouco vemos aceptable paralizar construcións na cidade.

El hecho de que el barrio vaya a disponer de más zona verde es en sí una buena noticia para una zona con una altísima densidad de población, casi 7.000 personas por km^2. Una zona que necesita y lleva reclamando espacio desde hace muchos años. Son más de 13.000 m^2 de zona verde, tal y como comentaba la señora Neira el otro día, el tamaño de dos campos de fútbol. Insisto en que no es todo lo que quisiesen los vecinos, pero no podemos aceptar la opción de pagar más de 15 millones de euros en expropiaciones a los propietarios después de tener en cuenta el histórico de indemnizaciones urbanísticas en esta ciudad en los últimos años. Tampoco vemos aceptable paralizar construcciones en la ciudad.

Estamos, ademais, ante unha sentenza firme, na que a parte positiva é que logrou rebaixar a edificabilidade e as alturas. Lográronse unha serie de cambios que, sen dúbida, melloran propostas anteriores. Coidamos, pola nosa parte, que se conseguiu un equilibrio.

Estamos, además, ante una sentencia firme, en la que la parte positiva es que logró rebajar la edificabilidad y las alturas. Se lograron una serie de cambios que, sin duda, mejoran propuestas anteriores. Creemos, por nuestra parte, que se consiguió un equilibrio.

Confiamos nos técnicos, que aseguran que é a mellor proposta que se puido facer, tendo en conta, insisto, a complexidade dun expediente dun polígono co que levan a voltas dende o Plan do 98, coas primeiras modificacións puntuais. Agora, cóntannos que o que fixeron foi aplicar criterios urbanísticos para a ordenación, criterios para contemplar mazás que quedaron incompletas; de que as novas edificacións sexan acordes coas alturas das edificacións existentes; tratan de conseguir todo o espazo posible

Confiamos en los técnicos, que aseguran que es la mejor propuesta que se pudo hacer, teniendo en cuenta, insisto, la complejidad de un expediente de un polígono con el que llevan a vueltas desde el Plan del 98, con las primeras modificaciones puntuales. Ahora, nos cuentan que lo que hicieron fue aplicar criterios urbanísticos para la ordenación, criterios para contemplar manzanas que quedaron incompletas; de que las nuevas edificaciones sean acordes con las alturas de las edificaciones existentes; tratan de conseguir todo el espacio

destinado a zonas verdes, tanto públicas como privadas de uso público. Neste sentido, pediriamos que sigan as conversas coa Aemet para que se poidan derrubar os muros e poder aproveitar ese espazo verde para uso dos veciños. Tan pronto a Aemet teña alternativas sería fundamental preservar esa zona como un equipamento dotacional público para outra serie de servizos que puideran ser útiles para os veciños.

posible destinado a zonas verdes, tanto públicas como privadas de uso público. En este sentido, pediríamos que sigan las conversaciones con la Aemet para que se puedan derribar los muros y poder aprovechar ese espacio verde para uso de los vecinos. Tan pronto como la Aemet tenga alternativas sería fundamental preservar esa zona como un equipamiento dotacional público para otra serie de servicios que pudiesen ser útiles para los vecinos.

Outra boa nova, tamén, é que se mantén ese tecido urbano consolidado tradicional do Camiño do Pinar, que en versións anteriores se perdía porque se transformaba completamente.

Otra buena noticia, también, es que se mantiene ese tejido urbano consolidado tradicional del Camino del Pinar, que en versiones anteriores se perdía porque se transformaba completamente.

Cremos que con esta proposta mellora tamén a calidade urbanística dunha zona tremendamente castigada polo urbanismo salvaxe de hai medio século, cando as leiras foron deixando espazo os edificios que ían medrando sen ton nin son. Esta mellora de calidade automaticamente ten que influír na mellora das plusvalías dese terreo. É dicir, estamos falando dun planeamento de calidade de edificabilidade máis que de cantidade. O que é indiscutible é que esta ordenación que se trae a aprobación inicial é o resultado dun borrador de modificación puntual que pasou pola Xunta de Goberno Local, que estivo sometida a información pública na Xunta, na Consellería de Medio Ambiente, que foi obxecto de consultas a particulares e a órganos que formularon observacións. Esa integración de todas estas observacións que se fixeron deu o resultado a esta ordenación tal e como agora mesmo se nos formula.

Creemos que con esta propuesta mejora también la calidad urbanística de una zona tremendamente castigada por el urbanismo salvaje de hace medio siglo, cuando las fincas fueron dejando espacio a los edificios que iban creciendo sin ton ni son. Esta mejora de calidad automáticamente tiene que influir en la mejora de las plusvalías de ese terreno. Es decir, estamos hablando de un planeamiento de calidad de edificabilidad más que de cantidad. Lo que es indiscutible es que esta ordenación que se trae a aprobación inicial es el resultado de un borrador de modificación puntual que pasó por Junta de Gobierno Local, que estuvo sometida a información pública en la Xunta, en la Consellería de Medio Ambiente, que fue objeto de consultas a particulares y a órganos que formularon observaciones. Esa integración de todas estas observaciones que se hicieron dio como resultado esta ordenación tal y como ahora mismo se nos plantea.

Como dicía o señor Villoslada, vaise someter a información pública, abrirase o período de tempo no que se vai poder formular alegacións, que terá que estudar

Como decía el señor Villoslada, se va a someter a información pública, se abrirá el período de tiempo en el que se va a poder formular alegaciones, que tendrá

o Goberno, se as hai, e de aí, que tome as decisións que considere oportunas.

O que tamén é indiscutible é que a iniciativa de urbanización dos traballos é municipal, polo que reclamamos ese cumprimento do compromiso de que en canto se poidan iniciar actuacións, cando estea pechado o proxecto de urbanización, se comece pola parte que máis interesa e afecta os veciños. O que habería que facer, como en moitos barrios nesta cidade, é poñelo en condicións. Como diciamos, é o barrio máis denso da cidade, na que o deterioro das súas principais rúas é máis que evidente. O mal estado do asfalto, as estreitas beirarrúas en moitos lugares, os problemas de dobre fila...En definitiva, débese coidar un barrio marxinado dende hai moitos anos, que a pesares de todo ten moitísima vida e que ben merece un bo lavado de cara. Nada máis, moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Quixera saudar, agora, nomeadamente, á veciñanza da Agra, que tamén estivo fóra reivindicando un parque digno no seu barrio.

A radiografía da Agra resúmese en 29.000 habitantes, que pagan o seu IBI e os seus impostos como os que máis, nunha área, que dependendo de onde se busquen os datos dise unha cousa e outra, do que entendamos que é o barrio da Agra e entre que rúas está limitado pero, en todo caso, o que si concordan absolutamente todas as fontes que poidamos consultar sobre o barrio da

que estudiar el Gobierno, si las hay, y de ahí, que tome las decisiones que considere oportunas.

Lo que también es indiscutible es que la iniciativa de urbanización de los trabajos es municipal, por lo que reclamamos ese cumplimiento del compromiso de que en cuanto se puedan iniciar actuaciones, cuando esté cerrado el proyecto de urbanización, se comience por la parte que más interesa y afecta a los vecinos. Lo que habría que hacer, como en muchos barrios en esta ciudad, es ponerlo en condiciones. Como decíamos, es el barrio más denso de la ciudad, en la que el deterioro de sus principales calles es más que evidente. El mal estado del asfalto, las estrechas aceras en muchos lugares, los problemas de doble fila...En definitiva, se debe cuidar un barrio marginado desde hace muchos años, que a pesar de todo tiene muchísima vida y que bien merece un buen lavado de cara. Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Quisiera saludar, ahora, especialmente, a la vecindad del Agra, que también estuvo fuera reivindicando un parque digno en su barrio.

La radiografía de la Agra se resume en 29.000 habitantes, que pagan su IBI y sus impuestos como los que más, en un área, que dependiendo de donde se busquen los datos se dice una cosa u otra, de lo que entendamos que es el barrio del Agra y entre qué calles está limitado pero, en todo caso, lo que sí concuerdan absolutamente todas las fuentes que podamos consultar sobre el barrio del

Agra é que é o barrio máis denso de todo o país, cun desenvolvemento urbanístico desaforado e descontrolado, no que as administracións públicas e o Concello da Coruña teñen toda a responsabilidade por mirar cara outro lado, 29.000 habitantes que teñen a impresionante cifra de 0 m^2 de zonas verdes por habitante no seu barrio.

Agra es que es el barrio más denso de todo el país, con un desarrollo urbanístico desaforado y descontrolado, en el que las administraciones públicas y el Ayuntamiento de A Coruña tienen toda la responsabilidad por mirar hacia otro lado, 29.000 habitantes que tienen la impresionante cifra de 0 m^2 de zonas verdes por habitante en su barrio.

O barrio ten multitude de problemas: de falta de espazo público, de concentración de coches, de falta de espazos para desenvolver servizos para a cidadanía, que ao fin acaban por teren que implantarse nos bordos do barrio. Todo isto coloca na relación do Concello da Coruña co barrio da Agra moitas máis cousas no Debe que no Haber. Porque, de feito, o único espazo libre que teñen é a praza das Conchiñas e por que é libre a praza das Conchiñas? Porque ese anaquiño da Agra non foi un agasallo do Concello da Coruña á veciñanza da Agra senón unha vitoria das persoas que viven na Agra contra a especulación que pretende sobardar o dereito de cidade da súa veciñanza. Unha praza das Conchiñas que pasou, no Goberno do Partido Popular, de ser unha praza arborada a un aparcadoiro cunha praza enriba, sen árbores que dean un triste metro de sombra e un parque infantil que máis parece unha piscina do que un parque.

El barrio tiene multitud de problemas: de falta de espacio público, de concentración de coches, de falta de espacios para desarrollar servicios para la ciudadanía, que al final acaban por tener que implantarse en los límites del barrio. Todo esto sitúa en la relación del Ayuntamiento de A Coruña con el barrio del Agra muchas más cosas en el Debe que en el Haber. Porque, de hecho, el único espacio libre que tienen es la plaza de las Conchiñas y ¿por qué es libre la plaza de las Conchiñas? Porque ese trocito del Agra no fue un regalo del Ayuntamiento de A Coruña a la vecindad del Agra sino una victoria de las personas que viven en el Agra contra la especulación que pretende socavar el derecho de ciudad de su vecindad. Una plaza de las Conchiñas que pasó, en el Gobierno del Partido Popular, de ser una plaza arbolada a un aparcamiento con una plaza arriba, sin árboles que den un triste metro de sombra y un parque infantil que parece más una piscina que un parque.

O urbanismo e os expertos en medio ambiente veñen desde hai tempo poñendo en valor a relación entre o benestar integral das persoas e do territorio co número de espazos verdes que as persoas temos ao noso arredor nos lugares que habitamos. A cantidade de zonas verdes que temos ao noso alcance ten un impacto e unha dimensión individual, se falamos de espazos verdes, claro, útiles e cotiáns e de proximidade, porque son lugar de paseo, relax ou ocio

El urbanismo y los expertos en medio ambiente vienen desde hace tiempo poniendo en valor la relación entre el bienestar integral de las personas y del territorio con el número de espacios verdes que las personas tenemos a nuestro alrededor en los lugares que habitamos. La cantidad de zonas verdes que tenemos a nuestro alcance tiene un impacto y una dimensión individual, si hablamos de espacios verdes, claro, útiles y cotidianos y de proximidad,

que poden empregarse cada día, que están preto da casa ou da escola e aos que se pode ir camiñando sen cansarnos máis da conta. Ademais, os espazos verdes teñen un impacto fundamental no medio ambiente: regulan a temperatura e a humidade, producen osíxeno e filtran a radiación e ademais absorben os contaminantes e amortecen os ruídos. Así o sosteñen os urbanistas, aos que o propio Partido Socialista lles encargou proxectos, como pode ser Salvador Rueda, que relacionan a presenza de verde nas cidades con maiores niveis de habitabilidade urbana, maior cohesión social e relacións sociais.

porque son lugares de paseo, relax u ocio que pueden emplearse cada día, que están cerca de casa o la escuela y a los que se puede ir caminando sin cansarnos más de la cuenta. Además, los espacios verdes tienen un impacto fundamental en el medio ambiente: regulan la temperatura y la humedad, producen oxígeno y filtran la radiación y además absorben los contaminantes y amortiguan los ruidos. Así lo sostienen los urbanistas, a los que el propio Partido Socialista les encargó proyectos, como puede ser Salvador Rueda, que relacionan la presencia de verde en las ciudades con mayores niveles de habitabilidad urbana, mayor cohesión social y relaciones sociales.

A alcaldesa ten repetido en reiteradas ocasións o compromiso deste Goberno contra o cambio climático e na aplicación dos obxectivos de desenvolvemento sostíbel implementados pola ONU e que conforman a Axenda Urbana do Estado español. Así pois, no obxectivo 11 de desenvolvemento sostible, que pretende acadar en 2030 cidades máis sustentábeis, recolle as seguintes metas: de aquí a 2030 reducir o impacto ambiental negativo per cápeta das cidades, incluso prestando especial atención á calidade do aire, a xestión dos residuos municipais e doutro tipo e de aquí a 2030 proporcionar o acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesíbeis, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con diversidade funcional. Se de aquí a 2030 o que lle imos ofrecer á cidade da Coruña, e en concreto, o seu barrio máis poboado e denso, son edificacións e, polo tanto, máis persoas, máis coches e a renuncia a dar o máximo espazo verde posíbel no barrio, en que momento estaremos cumprindo cos obxectivos de desenvolvemento sostíbel?, ten calculado o Goberno local os efectos secundarios

Este plan que hoy se somete a su aprobación definitiva es un plan que cumple con los requisitos mínimos que exige la ley y, por tanto, pues, es cierto que puede hacer ese desarrollo, bien totalmente o bien por zonas. Ahora mismo se está haciendo dentro de todo el ámbito municipal pero se está desarrollando la delimitación geográfica de unas primeras fajas secundarias que afecta a unas 2.000 fincas, 200 de ellas además en la parroquia de Visma, que es una parroquia prioritaria por el riesgo de incendio y, por tanto, entendemos que no hay, tampoco, ningún inconveniente, como además ya se ha hecho constar en el propio informe propuesta, la siguiente, el siguiente desarrollo, también contará con el apoyo técnico-económico de la Xunta de Galicia. Por tanto, es un plan legal que vamos a apoyar, como dijimos en la comisión, pero también tenemos que tener en cuenta que es un plan incompleto y no solo en este desarrollo relativo a la delimitación dentro de su ámbito geográfico: pensamos que la ejecución, el desarrollo futuro de este plan es una oportunidad, no solo para incorporar esa preocupación especial por el ENIL de la Torre sino porque tiene

polo ENIL da Torre senón porque ten carencias que poden ser solucionadas ao longo do tempo, como é o carecer dun índice de dificultade de extinción que identifique as zonas de mellora de infraestruturas, relación de actuacións previstas para a prevención de incendios ou, como mencionaba tamén antes a voceira da Marea, pois a regulación dos usos que poidan dar lugar a lumes forestais, ao igual que ocorre coa relación de medios para prevención e extinción ou a caracterización de medio natural en relación a anticiparnos ás consecuencias que neste eido poida ter o cambio climático. E finalizo, é certo que o plan ten que integrarse no Plan municipal de emerxencias. Neste sentido, nós entendemos que é imprescindible lembrar novamente, como xa fixemos no mes de novembro e aínda que non é competencia neste caso de Medio Ambiente, da señora Fontán, si que hai que lembrar que este último, o último plan de emerxencias homologado da nosa cidade, data do ano 2000. E que a actualización que impulsou no seu momento o Goberno do Partido Popular e coa que se está a traballar hoxe en día, pois está pendente de validar. Polo tanto, votaremos a favor, como xa fixemos na comisión, pero tendo presente -como cremos que debemos ter todos- que non estamos ante un punto e final senón claramente ante un punto e seguido para que a nosa cidade desfrute da mellor ferramenta na prevención e defensa contra os incendios forestais. Moitas grazas.

carencias que pueden ser solventadas a lo largo del tiempo, como es el carecer de un índice de dificultad de extinción que identifique las zonas de mejora de infraestructuras, relación de actuaciones previstas para la prevención de incendios o, como mencionaba también antes la portavoz de la Marea, pues la regulación de los usos que puedan dar lugar a incendios forestales, al igual que ocurre con la relación de medios para prevención y extinción o la caracterización de medio natural en relación a anticiparnos a las consecuencias que en este campo pueda tener el cambio climático. Y finalizo, es cierto que el plan tiene que integrarse en el Plan municipal de emergencias. En este sentido, nosotros entendemos que es imprescindible recordar nuevamente, como ya hicimos en el mes de noviembre y aunque no es competencia en este caso de Medio Ambiente, de la señora Fontán, sí que hay que recordar que este último, el último plan de emergencias homologado de nuestra ciudad, data del año 2000. Y que la actualización que impulsó en su momento el Gobierno del Partido Popular y con la que se está trabajando hoy en día, pues está pendiente de validar. Por tanto, votaremos a favor, como ya hicimos en la comisión, pero teniendo presente -como creemos que debemos tener todos- que no estamos ante un punto y final sino claramente ante un punto y seguido para que nuestra ciudad disfrute de la mejor herramienta en la prevención y defensa contra los incendios forestales. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Señora Fontán.

Presidencia

Muchas gracias, señor Rodríguez.

Señora Fontán.

Señora Fontán Prado

Señora Fontán Prado

Ben, moi brevemente.

Agradecer a todos os grupos o apoio a este plan. Comparto plenamente o dito pola señora Martínez, de feito, unha vez aprobado este plan empezaremos xa a convocar os veciños para darlles conta do contido do mesmo e poder facer canto antes as adhesións a este plan. Comparto tamén plenamente o dito polo BNG e pola Marea respecto das especies autóctonas e do compromiso da Declaración do ano 2017, como non podía ser doutro xeito. Coincido, tamén, coa señora García, en que ao ser unha cidade parece que o problema dos incendios forestais non vai con nós, pero nada máis lonxe diso. A Coruña, dos anos 2008 a 2017 ten unha media de case 13 incendios forestais ao ano, o que equivale a 10 hectáreas e media queimadas, o cal non é unha cuestión menor, por tanto, si que é importante que fagamos este esforzo.

Señor Rodríguez, coincido con vostede en que é unha primeira fase, unha primeira parte dun plan máis ambicioso. Nos quedan, aínda, a xestión da biomasa arredor das vivendas da rede de pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal. Pero xa digo, esta é unha primeira fase e, dende logo, queda tamén o tema do plan de usos, que tomarémolo moi en serio, sobre todo, por exemplo, o plan de conservación dos ENÍS que aí si que o plan de usos é de todo punto necesario e imprescindible. Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Procedemos xa á votación.

Votación do asunto número catro

Bien, muy brevemente.

Agradecer a todos los grupos el apoyo a este plan. Comparto plenamente lo dicho por la señora Martínez, de hecho, una vez aprobado este plan empezaremos ya a convocar a los vecinos para darles cuenta del contenido del mismo y poder hacer lo antes posible las adhesiones a este plan. Comparto también plenamente lo dicho por el BNG y por la Marea respecto de las especies autóctonas y del compromiso de la Declaración del año 2017, como no podía ser de otro modo. Coincido, también, con la señora García, en que al ser una ciudad parece que el problema de los incendios forestales no va con nosotros, pero nada más lejos de eso. A Coruña, de los años 2008 a 2017 tiene una media de casi 13 incendios forestales al año, lo que equivale a 10 hectáreas y media quemadas, lo cual no es una cuestión menor, por tanto, sí que es importante que hagamos este esfuerzo.

Señor Rodríguez, coincido con usted en que es una primera fase, una primera parte de un plan más ambicioso. Nos quedan, todavía, la gestión de la biomasa alrededor de las viviendas de la red de pistas, vías, caminos, carreteras y montes de titularidad municipal. Pero ya digo, esta es una primera fase y, desde luego, queda también el tema del plan de usos, que lo tomaremos muy en serio, sobre todo, por ejemplo, el plan de conservación de los ENILES que ahí sí que el plan de usos es de todo punto necesario e imprescindible. Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Fontán.

Procedemos ya a la votación.

Votación del asunto número cuatro

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota a favor el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moi ben, moitas grazas a todos e a todas, queda aprobado por unanimidade.

Muy bien, muchas gracias a todos y a todas, queda aprobado por unanimidad.

Acordo

Acuerdo

Primeiro. Desestima-las alegacións presentadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia en data 9 de decembro do 2019 fronte á aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello a Coruña.

Primero. Desestimar las alegaciones presentadas por el Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Forestales de Galicia en fecha 9 de diciembre del 2019 frente a la aprobación inicial del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña.

Segundo. Aproba-lo Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña (PMPDIF), e tendo en conta na execución do mesmo a especificidade do espazo natural (ENIL) da Torre de Hércules, como espazo natural protexido co réxime correspondente.

Segundo. Aprobar el Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña (PMPDIF), y teniendo en cuenta en la ejecución del mismo la especificidad del espacio natural (ENIL) de la Torre de Hércules, como espacio natural protegido con el régimen correspondiente.

O documento do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello da Coruña estará dispoñible en formato dixital na web www.coruna.es/medioambiente.

El documento del Plan Municipal de Prevención y Defensa contra los Incendios Forestales del Ayuntamiento de A Coruña estará disponible en formato digital en la web www.coruna.es/medioambiente.

Presidencia

Presidencia

Pasamos xa á parte non resolutiva de control e seguimento da xestión.

Pasamos ya a la parte no resolutiva de control y seguimiento de la gestión.

Señor Secretario.

Señor Secretario.

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN

1º. Toma de coñecemento de resolucións e decretos

1º. Toma de conocimiento de resoluciones y decretos

41. Toma de coñecemento de resolucións e decretos

41. Toma de conocimiento de resoluciones y decretos

Toma de coñecemento das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número seiscentos un (601), de 23 de xaneiro de 2020, á número dous mil (2.000), de 25 de febreiro de 2020.

Toma de conocimiento de las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número seiscientos uno (601), de 23 de enero de 2020, a la número dos mil (2.000), de 25 de febrero de 2020.

E dos decretos da Alcaldía, desde o número trescentos un (301), de 28 de xaneiro de 2020, ao número novecentos (900), de 27 de febreiro de 2020.

Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número trescientos uno (301), de 28 de enero de 2020, al número novecientos (900), de 27 de febrero de 2020.

2º. Mocións

2º. Mociones

Presidencia

Presidencia

Imos iniciar o debate das mocións e se lles parece, o interromperemos ás catorce horas, con independencia de que estean os bloques ou non completados xa -como falamos na Comisión de Voceiros- e unha vez máis véxome na obriga de recordarlles os voceiros e voceiras dos grupos municipais que hai un prazo acordado para a presentación de emendas

Vamos a iniciar el debate de las mociones y si les parece, lo interrumpiremos a las catorce horas, con independencia de que estén los bloques o no completados ya -como hablamos en la Comisión de Portavoces- y una vez más me veo en la obligación de recordarles a los y las portavoces de los grupos municipales que hay un plazo acordado

que é vinculante para os grupos e que coido que de aquí ao final de mandato nalgún Pleno seremos capaces de cumprilo. Os animo a todos a respectar estes prazos.

Dito isto, comezamos polo Grupo de Ciudadanos coa primeira das súas mocións e, namentres se arranxa a parte técnica, pois controlarei eu o tempo co cronómetro. Xa saben que son tres minutos para cada un.

Adiante, señora Martínez.

Ás doce horas e cinco minutos saen do Salón de Sesións o señor Celemín Santos e as señoras Gutiérrez Roselló e Delso Carreira.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MIXTO CIDADÁNS-PARTIDO DA CIDADANÍA

Primeira. Moción para a sinalización de perigos de ondada

Señora Martínez Lema

Moitas grazas, señora alcaldesa.

En canto á reprimenda sobre as emendas hei de dicir que ten toda a razón. Eu son a primeira interesada en que se cumpra ese acordo e, polo tanto, vólvome a desculpar, como xa o fixen antes cos voceiros, pero bueno, foi algo circunstancial e eu, pola miña parte, espero que non se volva a repetir.

Ás doce horas e cinco minutos saen do Salón de Sesións as señoras Martínez Acón e Cameán Calvete e os señores Varela Gómez e Díaz Villoslada e entra a señora Delso Carreira.

Vamos xa coa moción sobre a sinalización por perigos de ondada.

para la presentación de enmiendas que es vinculante para los grupos y que espero que de aquí al final de mandato en algún Pleno seremos capaces de cumplirlo. Os animo a todos a respetar estos plazos.

Dicho esto, comenzamos por el Grupo de Ciudadanos con la primera de sus mociones y, mientras se arregla la parte técnica, pues controlaré yo el tiempo con el cronómetro. Ya saben que son tres minutos para cada uno.

Adelante, señora Martínez.

A las doce horas y cinco minutos salen del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos y las señoras Gutiérrez Roselló y Delso Carreira.

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MIXTO CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA

Primera. Moción para la señalización de peligros de oleaje

Señora Martínez Lema

Muchas gracias, señora alcaldesa.

En cuanto a la reprimenda sobre las enmiendas he de decir que tiene toda la razón. Yo soy la primera interesada en que se cumpla ese acuerdo y, por tanto, me vuelvo a disculpar, como ya lo hice antes con los portavoces, pero bueno, fue algo circunstancial y yo, por mi parte, espero que no se vuelva a repetir.

A las doce horas y cinco minutos salen del Salón de Sesiones las señoras Martínez Acón y Cameán Calvete y los señores Varela Gómez y Díaz Villoslada y entra la señora Delso Carreira.

Vamos ya con la moción sobre la señalización por peligros de oleaje.

Este outono-inverno está sendo bastante virulento en canto a temporais se refire, temporais de mar, ademais, que deixan fortes oleaxes que afectan aos areais de Riazor, Orzán, Matadeiro, quebraondas e todo o tramo do paseo da zona dos menhires, a liña de todo o entorno da Torre de Hércules... son zonas onde moitas persoas pasean e fan deporte, advertir os viandantes mediante sinalización daquelas zonas inundables por oleaxe para retroceder a tempo da liña de perigo é unha práctica habitual noutros países. O mar nos está dicindo que temos ocupado o seu espazo, pode ir a máis e incluso a duna, como medida de protección, viuse sobrepasada en moitas ocasións esta tempada.

Este otoño-invierno está siendo bastante virulento en cuanto a temporales se refiere, temporales de mar, además, que dejan fuertes oleajes que afectan a los arenales de Riazor, Orzán, Matadero, rompeolas y todo el tramo del paseo de la zona de los menhires, la línea de todo el entorno de la Torre de Hércules... son zonas donde muchas personas pasean y hacen deporte, advertir a los viandantes mediante señalización de aquellas zonas inundables por oleaje para retroceder a tiempo de la línea de peligro es una práctica habitual en otros países. El mar nos está diciendo que hemos ocupado su espacio, puede ir a más e incluso la duna, como medida de protección, se vio sobrepasada en muchas ocasiones esta temporada.

En sucesos fronte a liña do mar Demarcación de Costas non asume responsabilidades xa que corresponde os concellos as medidas de seguridade para as vidas humanas. Buscando solucións encontrámonos cun traballo elaborado polos alumnos do colexio Obradoiro, que realizaron a raíz da morte dos heroes do Orzán, un proxecto moi útil, de sinalización, indicando correntes, rocas, chanzos de area e outros riscos que presentan as nosas praias. Comprobaron que a maior parte das veces os carteis que existen informan dos servizos, pero non do máis importante, dos riscos. Os profesores facilitáronlle como modelo sinalizacións de praias americanas e australianas, algunhas das praias surfistas que, polas súas grandes dimensións, teñen que estar ben sinalizadas, xa que os socorristas non sempre poden encontrarse cerca de onde se produce o risco e non se podía cubrir con persoal de socorrismo todas as zonas perigosas. A idea clave para aqueles profesores e os seus alumnos era que a sinalización informase sobre o que pode poñer en perigo as nosas vidas. Ese era o obxectivo e o conseguiron, realizaron un excelente

En sucesos frente a línea del mar Demarcación de Costas no asume responsabilidades ya que corresponde a los ayuntamientos las medidas de seguridad para las vidas humanas. Buscando soluciones nos encontramos con un trabajo elaborado por los alumnos del colegio Obradoiro, que realizaron a raíz de la muerte de los héroes del Orzán, un proyecto muy útil, de señalización, indicando corrientes, rocas, escalones de arena y otros riesgos que presentan nuestras playas. Comprobaron que la mayor parte de las veces los carteles que existen informan de los servicios, pero no de lo más importante, de los riesgos. Los profesores facilitaron como modelo señalizaciones de playas americanas y australianas, algunas de las playas surfistas que, por sus grandes dimensiones, tienen que estar bien señalizadas, ya que los socorristas no siempre pueden encontrarse cerca de donde se produce el riesgo y no se podía cubrir con personal de socorrismo todas las zonas peligrosas. La idea clave para aquellos profesores y sus alumnos era que la cartelería informara sobre lo que puede poner en peligro nuestras vidas.

traballo que pode servir como base desta proposta os técnicos municipais para mellorar a sinalización das nosas praias e reforzar en sendas, paseos e zonas de deporte pegadas ao mar. Na moción presentada puideron ver fotografías dalgúns dos materiais dispoñibles cos que traballaron os profesores e os alumnos do centro.

Ese era el objetivo y lo consiguieron, realizaron un excelente trabajo que puede servir como base de esta propuesta a los técnicos municipales para mejorar la señalización de nuestras playas y reforzar en sendas, paseos y zonas de deporte pegadas al mar. En la moción presentada pudieron ver fotografías de algunos de los materiales disponibles con los que trabajaron los profesores y los alumnos del centro.

Por todo o exposto, desde Cidadáns propoñemos os seguintes acordos:

Por todo lo expuesto, desde Ciudadanos proponemos los siguientes acuerdos:

Primeiro: adoptar todas as medidas necesarias para salvagardar ás persoas, instalando este tipo de sinalizacións en paseos, sendas e zonas habituais de deporte próximas á costa con risco de fortes ondadas.

Primero: adoptar todas las medidas necesarias para salvaguardar a las personas, instalando este tipo de señalizaciones en paseos, sendas y zonas habituales de deporte próximas a la costa con riesgo de fuertes oleajes.

E dous: onde pon instalar, o que estaría ben dito e o que queremos poñer é mellorar as sinalizacións nas praias, que advirtan dos perigos reais, a bañistas e demais usuarios, como as mareas de movemento rápido, as correntes de resaca, os chanzos, as ondas grandes, as rocas e todas aquelas situacións de risco.

Y dos: donde pone instalar, lo que estaría bien dicho y lo que queremos poner es mejorar las señalizaciones en las playas, que adviertan de los peligros reales, a bañistas y demás usuarios, como las mareas de movimiento rápido, las corrientes de resaca, los escalones, las olas grandes, las rocas y todas aquellas situaciones de riesgo.

Ás doce horas e cinco minutos sae do Salón de Sesións a alcaldesa dona Inés Rey García. Preside a sesión durante a súa ausencia o señor Borrego Vázquez.

A las doce horas y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la alcaldesa doña Inés Rey García. Preside la sesión durante su ausencia el señor Borrego Vázquez.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Grazas, señora Martínez.

Gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista ten a palabra o señor Jorquera.

Por el Bloque Nacionalista tiene la palabra el señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Permítanme que comece cunha lembranza persoal: cando era cativo tiven a desgraza de presenciar como por nada afogaba o meu pai. Non foi na Coruña, foi en Barrañán, que pese a ser unha praia con moitas ondadas, aquel día o mar estaba como un prato, pero cando comezou a baixar a marea a resaca arrastrouno mar adentro e despois de loitar impotente contra a corrente, os berros dun veciño indicándolle cara onde tiña que deixarse ir, foron os que o salvaron de afogar. Posibelmente se naquela praia houbese cartaces advertindo do risco da resaca e da dirección das correntes, aquel incidente non se tería producido.

Permítanme que comience con un recuerdo personal: cuando era niño tuve la desgracia de presenciar cómo casi se ahoga mi padre. No fue en A Coruña, fue en Barrañán, que pese a ser una playa con muchos oleajes, aquel día el mar estaba como un plato, pero cuando comenzó a bajar la marea la resaca lo arrastró mar adentro y después de luchar impotente contra la corriente, los gritos de un vecino indicándole hacia donde tenía que dejarse ir, fueron los que lo salvaron de ahogar. Posiblemente si en aquella playa hubiera carteles advirtiendo del riesgo de la resaca y de la dirección de las corrientes, aquel incidente no se habría producido.

Escomezo con esta lembranza para anunciar o noso voto favorábel a esta moción. Nun Pleno anterior preguntabámoslle o Goberno municipal se tiña previsto algunha actuación que permita unha solución definitiva para protexer o paseo marítimo e as praias de Riazor e Orzán dos efectos dos temporais, porque a protección da duna se está revelando ineficaz. Apuntabamos posíbeis solucións, como facer un arrecife artificial na enseada do Orzán, pero, sobre todo, cando formulamos aquela pregunta nos interesaba saber se o Goberno municipal tiña algunha liña de actuación para protexer A Coruña dos efectos do cambio climático, porque posibelmente un deses efectos, á parte da suba do nivel do mar, é que os azoutes do temporais vaian a máis. Seguimos considerando que esa é unha actuación prioritaria, pero hai cousas máis sinxelas e pouco custosas que tamén se deben de facer, como as que se propoñen nesta moción. Por desgraza as nosas praias cobráronse moitas vidas, nalgúns casos por comportamentos imprudentes, cando non manifestamente temerarios, pero noutros moitos por desinformación, por descoñecer os enormes perigos do mar. E

Comienzo con este recuerdo para anunciar nuestro voto favorable a esta moción. En un Pleno anterior le preguntábamos al Gobierno municipal si había previsto alguna actuación que permita una solución definitiva para proteger el paseo marítimo y las playas de Riazor y Orzán de los efectos de los temporales, porque la protección de la duna se está revelando ineficaz. Apuntábamos posibles soluciones, como hacer un arrecife artificial en la ensenada del Orzán, pero, sobre todo, cuando formulamos aquella pregunta nos interesaba saber si el Gobierno municipal tenía alguna línea de actuación para proteger A Coruña de los efectos del cambio climático, porque posiblemente uno de esos efectos, aparte de la subida del nivel del mar, es que los azotes de los temporales vayan a más. Seguimos considerando que esa es una actuación prioritaria, pero hay cosas más sencillas y poco costosas que también se deben hacer, como las que se proponen en esta moción. Por desgracia nuestras playas se cobraron muchas vidas, en algunos casos por comportamientos imprudentes, cuando no manifiestamente temerarios, pero en otros muchos por

remato nese sentido xa con outra evocación persoal: eu nacín en Ferrol, a comarca de Ferrol ten praias marabillosas, como é a praia da Frouxeira, por exemplo, en Valdoviño, pero esta praia non só é famosa pola súa beleza, tamén o é polo elevado número de afogados e resulta que moitos deles son persoas de fóra descoñecedoras dos perigos da praia. Cunha boa información, seguramente o número de mortes tamén se tivese reducido. Por estas razóns reiteramos o noso voto favorábel a esta moción.

desinformación, por desconocer los enormes peligros del mar. Y finalizo en ese sentido ya con otra evocación personal: yo nací en Ferrol, la comarca de Ferrol tiene playas maravillosas, como es la playa da Frouxeira, por ejemplo, en Valdoviño, pero esta playa no solo es famosa por su belleza, también lo es por el elevado número de ahogados y resulta que muchos de ellos son personas de fuera desconocedoras de los peligros de la playa. Con una buena información, seguramente el número de muertes también se hubiera reducido. Por estas razones reiteramos nuestro voto favorable a esta moción.

Ás doce horas e dez minutos entran no Salón de Sesións as señoras Gutiérrez Roselló e Martínez Acón e o señor Díaz Villoslada e saen a señora Neira Fernández e o señor Deus Álvarez.

A las doce horas y diez minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Gutiérrez Roselló y Martínez Acón y el señor Díaz Villoslada y salen la señora Neira Fernández y el señor Deus Álvarez.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Pola Marea, María García.

Por la Marea, María García.

Señora García Gómez

Señora García Gómez

A Marea Atlántica tamén vai votar a favor da moción e ademais felicita o alumnado orixinario desta idea porque sempre é de agradecer que se impliquen nas cuestións de cidade que son importantes e esta é unha delas porque pode contribuír a salvar vidas.

La Marea Atlántica también va a votar a favor de la moción y además felicita al alumnado originario de esta idea porque siempre es de agradecer que se impliquen en las cuestiones de ciudad que son importantes y esta es una de ellas porque puede contribuir a salvar vidas.

Dende logo que estamos de acordo en poñer todos os medios pero iso non nos pode levar a esquecer que temos, como persoas, que abordar estratexias de autoprotección e se analizamos a casuística dos últimos accidentes que tiveron lugar na nosa costa, algúns deles tiñan lugar pola noite ou estaban incluso tendo lugar en áreas dispersas, fóra das

Desde luego que estamos de acuerdo en poner todos los medios pero eso no nos puede llevar a olvidar que tenemos, como personas, que abordar estrategias de autoprotección y si analizamos la casuística de los últimos accidentes que tuvieron lugar en nuestra costa, algunos de ellos tenían lugar por la noche o estaban incluso teniendo lugar en áreas

praias ou en episodios nos que non se respectan as balizas e as instrucións de seguridade...entón, sempre lembrar a necesidade de abordar estratexias de autoprotección.

dispersas, fuera de las playas o en episodios en los que no se respetan las balizas y las instrucciones de seguridad...entonces, siempre recordar la necesidad de abordar estrategias de autoprotección.

Hai unha cuestión de fondo que se mencionaba por aquí xa e é que a perigosidade da nosa costa incrementou enormemente coa construción dun paseo marítimo de 4 carrís para o automóbil e que lle comeu un enorme terreo ao mar e fixo que as nosas praias tiveran un perfil moito máis vertical e moito máis perigoso. Eu creo que desa experiencia hai que aprender e esa perigosidade que ten o noso litoral vai ir seguramente en aumento cos efectos, efectivamente, da emerxencia climática: unha suba do nivel do mar e un incremento na frecuencia de temporais e fenómenos meteorolóxicos extremos tamén vinculados ao mar. Isto o que quere dicir é que non deberíamos volver a cometer o erro que se cometeu noutras planificacións. Temos por diante, digamos, a conceptualización do bordo litoral e da fachada litoral da cidade, hai que introducir a perspectiva da emerxencia climática en todos os plans e proxectos que se leven a cabo agora mesmo na Coruña e para iso entendemos que nos orzamentos hai unha partida para a estratexia de cambio climático. A nova, a partir de 2020, forma parte dos acordos orzamentarios entre o PSOE e a Marea Atlántica e ten que ir destinada -entre outras cousas- a detallar medidas de mitigación e de adaptación da emerxencia climática como para diminuír os efectos adversos da suba do nivel do mar no bordo litoral da Coruña. Moitas grazas.

Hay una cuestión de fondo que se mencionaba por aquí ya y es que la peligrosidad de nuestra costa incrementó enormemente con la construcción de un paseo marítimo de 4 carriles para el automóvil y que le comió un enorme terreno al mar e hizo que nuestras playas tuviesen un perfil mucho más vertical y mucho más peligroso. Yo creo que de esa experiencia hay que aprender y esa peligrosidad que tiene nuestro litoral va a ir seguramente en aumento con los efectos, efectivamente, de la emergencia climática: una subida del nivel del mar y un incremento en la frecuencia de temporales y fenómenos meteorológicos extremos también vinculados al mar. Esto lo que quiere decir es que no deberíamos volver a cometer el error que se cometió en otras planificaciones. Tenemos por delante, digamos, la conceptualización del borde litoral y de la fachada litoral de la ciudad, hay que introducir la perspectiva de la emergencia climática en todos los planes y proyectos que se lleven a cabo ahora mismo en A Coruña y para eso entendemos que en los presupuestos hay una partida para la estrategia de cambio climático. La nueva, a partir de 2020, forma parte de los acuerdos presupuestarios entre el PSOE y la Marea Atlántica y tiene que ir destinada -entre otras cosas- a detallar medidas de mitigación y de adaptación de la emergencia climática como para disminuir los efectos adversos de la subida del nivel del mar en el borde litoral de A Coruña. Muchas gracias.

Ás doce horas e catorce minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las doce horas y catorce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Presidencia

Grazas, señora García.

Polo Partido Popular o señor Coira.

Señor Coira Andrade

Moitas grazas.

Bo día os traballadores dos distintos medios de comunicación que nos acompañan, os veciños que seguen este Pleno desde este Salón, os compañeiros da Corporación, os traballadores municipais e a todos aqueles que nos seguen en directo, onde queira que estean.

A moción expón realmente algo sorprendente a estas alturas da película, sendo, como somos, un istmo de 34 km², pois formulamos dúbidas moi serias sobre a sinalización adecuada os cidadáns e usuarios, moitos deles non da cidade da Coruña, moitos deles que non son coñecedores dos perigos dos mares que nos rodean, pois dunha sinalización, mesmo, necesaria para os coruñeses, que ás veces, sendo conscientes do perigo, despistámonos.

É unha moción á que imos votar favorablemente e, insisto, parece alucinante que a estas alturas da película esteamos a darnos conta de que estamos rodeados de mar case por todas partes, que hai correntes e ondadas, praias perigosas que mesmo deberían estar prohibidas para o baño, que non están adecuadamente sinalizadas, zonas que en determinadas épocas do ano e en determinados momentos por causa de temporais que habitualmente ou nalgunhas épocas do ano non representan ningún risco que noutras épocas do ano si o representan e que esteamos a falar diso, pois, resulta...

Presidencia

Gracias, señora García.

Por el Partido Popular el señor Coira.

Señor Coira Andrade

Muchas gracias.

Buenos días a los trabajadores de los distintos medios de comunicación que nos acompañan, a los vecinos que siguen este Pleno desde este Salón, a los compañeros de la Corporación, a los trabajadores municipales y a todos aquellos que nos siguen por streaming, donde quiera que estén.

La moción plantea realmente algo sorprendente a estas alturas de la película, siendo, como somos, un istmo de 34 km2, pues planteamos dudas muy serias sobre la señalización adecuada a los ciudadanos y usuarios, muchos de ellos no de la ciudad de La Coruña, muchos de ellos que no son conocedores de los peligros de los mares que nos rodean, pues de una señalización, incluso, necesaria para los coruñeses, que a veces, siendo conscientes del peligro, nos despistamos.

Es una moción a la que vamos a votar favorablemente e, insisto, parece alucinante que a estas alturas de la película nos estemos dando cuenta de que estamos rodeados de mar casi por todas partes, que hay corrientes y oleajes, playas peligrosas que incluso deberían estar prohibidas para el baño, que no están adecuadamente señalizadas, zonas que en determinadas épocas del año y en determinados momentos por causa de temporales que habitualmente o en algunas épocas del año no representan ningún riesgo que en otras épocas del año sí lo representan y que estemos hablando de eso, pues, resulta…cuando esto es una

cando isto é unha competencia municipal, que debería estar solucionada ao longo dos anos dos diferentes mandatos, das diferentes forzas políticas.

Ás doce horas e catorce minutos entran no Salón de Sesións os señores Celemín Santos e Varela Gómez e sae o señor Lage Tuñas.

Creo que é unha prioridade informar para que a xente saiba os perigos que hai e con isto evitaremos máis dun susto, máis dun risco innecesario e máis dunha morte. Eu pediría que os servizos municipais fixesen unha adecuada auditoría e estudo das carencias que hai ao longo da costa e das praias coruñesas que nos permita identificar claramente aquelas zonas que hai que sinalizar, que a sinalización... fosen sinais homologados, estandarizados, que fosen entendidos e comprendidos por todos os usuarios destes espazos públicos, que son miles de persoas da Coruña -insisto- e de fóra da Coruña e que despois desta diagnose, pois que nos poñamos o máis rápido posible a iso para evitar -insisto- riscos innecesarios, situacións de perigo innecesario e evitar, simplemente informando, utilizando tamén a web municipal, as aplicacións municipais, formación e charlas nos colexios os nenos, formación os servizos de seguridade, Protección Civil...utilizando todos os recursos para que só con informar das situacións de perigo que poida haber nalgunhas zonas evitemos riscos innecesarios e a perda de vidas que, por desgraza, todos nos acordamos de moitas persoas que perderon nestas praias, ou neste mar, a vida nalgunha ocasión. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Coira.

competencia municipal, que debería estar solucionada a lo largo de los años de los diferentes mandatos, de las diferentes fuerzas políticas.

A las doce horas y catorce minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Celemín Santos y Varela Gómez y sale el señor Lage Tuñas.

Creo que es una prioridad informar para que la gente sepa los peligros que hay y con esto evitaremos más de un susto, más de un riesgo innecesario y más de una muerte. Yo pediría que los servicios municipales hicieran una adecuada auditoría y estudio de las carencias que hay a lo largo de la costa y de las playas coruñesas que nos permita identificar claramente aquellas zonas que hay que señalizar, que la señalización... fueran señales homologadas, estandarizadas, que fueran entendidas y comprendidas por todos los usuarios de estos espacios públicos, que son miles de personas de La Coruña -insisto- y de fuera de La Coruña y que después de este diagnóstico, pues que nos pongamos lo más rápido posible a ello para evitar -insisto- riesgos innecesarios, situaciones de peligro innecesario y evitar, simplemente informando, utilizando también la web municipal, las aplicaciones municipales, formación y charlas en los colegios a los niños, formación a los servicios de seguridad, Protección Civil...utilizando todos los recursos para que solo con informar de las situaciones de peligro que pueda haber en algunas zonas evitemos riesgos innecesarios y la pérdida de vidas que, por desgracia, todos nos acordamos de muchas personas que perdieron en estas playas, o en este mar, la vida en alguna ocasión. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Coira.

Por parte do Grupo Socialista, señora Fontán.

Señora Fontán Prado

Ás doce horas e catorce minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Ben, en primeiro lugar, felicitarnos pola moción e pola iniciativa escolar, aínda que tiveran recollido un modelo americano que en pouco se parece ao que temos nós que implementar aquí.

Aquí me gustaría diferenciar dous planos, un plano que é o plano das praias e o resto da costa. O que parece realmente inverosímil é que a esta altura da nosa historia -recente, incluso- as prácticas temerarias estean levando a ter que tomar medidas que noutros concellos, como por exemplo San Sebastián, non se están tomando, incriblemente, como é balizar a entrada aos areais ou balizar zonas onde loxicamente non se debería ter acceso: falemos do Millenium, falemos de Punta Herminia, onde creo que, cun pouquiño diso que chamamos os galegos "sentidiño", todos sabemos que cando hai un temporal ninguén se debe achegar alí.

Agradezo que Mónica Martínez tivera cambiado instalar por mellorar porque xa tiñamos algúns carteis, si que é verdade que son insuficientes, que hai que melloralos. Temos moitos km de costa, bastantes km de areais e teñen que estar -como ben apuntaba o concelleiro Coira- ben sinalados e a sinalética ten que ser clara e homoxénea, que a mesma imaxe sirva para que todos teñamos claro que o que se prohibe no Millenium se prohibe en Punta Herminia, simplemente coa imaxe, iso hai que homoxeneizalo.

Por parte del Grupo Socialista, señora Fontán.

Señora Fontán Prado

A las doce horas y catorce minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Bien, en primer lugar, felicitarnos por la moción y por la iniciativa escolar, aunque hubieran recogido un modelo americano que en poco se parece a lo que tenemos nosotros que implementar aquí.

Aquí me gustaría diferenciar dos planos, un plano que es el plano de las playas y el resto de la costa. Lo que parece realmente inverosímil es que a esta altura de nuestra historia -reciente, incluso- las prácticas temerarias estén llevando a tener que tomar medidas que en otros ayuntamientos, como por ejemplo San Sebastián, no se están tomando, increíblemente, como es balizar la entrada a los arenales o balizar zonas donde lógicamente no se debería tener acceso: hablemos del Millenium, hablemos de Punta Herminia, donde creo que, con un poquito de eso que llamamos los gallegos "sentidiño", todos sabemos que cuando hay un temporal nadie se debe acercar allí.

Agradezco que Mónica Martínez hubiera cambiado instalar por mejorar porque ya teníamos algunos carteles, sí que es verdad que son insuficientes, que hay que mejorarlos. Tenemos muchos km de costa, bastantes km de arenales y tienen que estar -como bien apuntaba el concejal Coira- bien señalados y la señalización tiene que ser clara y homogénea, que la misma imagen sirva para que todos tengamos claro que lo que se prohíbe en el Millenium se prohíbe en Punta Herminia, simplemente con la imagen, eso hay que homogeneizarlo.

Por outra banda, gustaríame destacar, porque onte estiven falando con el deste asunto, o labor que fan desde Seguridade Cidadá precisamente balizando, poñendo os coches unha e outra vez que hai temporal nos areais, non? Dáse unha alerta, balízase Escravas, Millenium, Punta Herminia... e aínda así vemos como as prácticas temerarias de querer sacar a mellor foto e achegarse poñen en risco non só á persoa que o fai senón tamén os membros de Protección Civil, Seguridade Cidadá e Bombeiros que prestan este servizo tan importante para todos nós.

Por otra parte, me gustaría destacar, porque ayer estuve hablando con él de este asunto, la labor que hacen desde Seguridad Ciudadana precisamente balizando, poniendo los coches una y otra vez que hay temporal en los arenales, ¿no? Se da una alerta, se baliza Esclavas, Millenium, Punta Herminia... y aun así vemos como las prácticas temerarias de querer sacar la mejor foto y acercarse ponen en riesgo no solo a la persona que lo hace sino también a los miembros de Protección Civil, Seguridad Ciudadana y Bomberos que prestan este servicio tan importante para todos nosotros.

Por último, tamén salientar que cada vez que hai un temporal hai os preceptivos avisos a través da prensa e das redes do Concello e aínda así parece que estamos constantemente reiterando e ter que facer o que o concelleiro do Partido Popular sinalaba: formación e información e alégrome que neste punto esteamos todos de acordo porque esta é a terceira vez que este tema vén a un Pleno; gobernando o Partido Popular veu a un Pleno e houbo un compromiso de mellorar a sinaléctica, non se cumpriu; gobernando Marea veu a un Pleno, houbo un compromiso, non se cumpriu; desta volta nós temos a firme responsabilidade, a firme convicción de levalo adiante. Moitas grazas.

Por último, también destacar que cada vez que hay un temporal hay los preceptivos avisos a través de la prensa y de las redes del Ayuntamiento y aun así parece que estamos constantemente reiterando y tener que hacer lo que el concejal del Partido Popular señalaba: formación e información y me alegro que en este punto estemos todos de acuerdo porque esta es la tercera vez que este tema viene a un Pleno; gobernando el Partido Popular vino a un Pleno y hubo un compromiso de mejorar la señalización, no se cumplió; gobernando Marea vino a un Pleno, hubo un compromiso, no se cumplió; en esta ocasión nosotros tenemos la firme responsabilidad, la firme convicción de llevarlo adelante. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Fontán.

Procedemos, entón, á votación.

Presidencia

Muchas gracias, señora Fontán.

Procedemos, entonces, a la votación.

Votación da primeira moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo

Votación de la primera moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción del

Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía, para a sinalización de perigos de ondada, producíndose o seguinte resultado:

Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, para la señalización de peligros de oleaje, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (7 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota a favor el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Contabilízanse as abstencións de dona Inés Rey García (PSOE) y don José Manuel Lage Tuñas (PSOE), de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presentes no momento da votación

Se contabilizan las abstenciones de doña Inés Rey García (PSOE) y don José Manuel Lage Tuñas (PSOE), de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presentes en el momento de la votación

Presidencia

Presidencia

Queda aprobada por unanimidade. Moi ben.

Queda aprobada por unanimidad. Muy bien.

42. Moción presentada polo Grupo Mixto de Cidadáns–Partido da Cidadanía, para a sinalización de perigos de ondada

42. Moción presentada por el Grupo Mixto de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía, para la señalización de peligros de oleaje

Acordo

Acuerdo

1. Adoptar todas as medidas necesarias para salvagardar ás persoas, instalando este tipo de sinalización en paseos, sendas e zonas habituais de deporte próximas á costa con risco de fortes ondadas.

1. Adoptar todas las medidas necesarias para salvaguardar a las personas, instalando este tipo de señalización en paseos, sendas y zonas habituales de deporte cercanas a la costa con riesgo de fuertes oleajes.

2. Mellorar as sinalizacións nas praias, que advirtan dos perigos reais, a bañistas e demais usuarios, como as mareas de movemento rápido, as correntes de resaca, os chanzos, as ondas grandes, as rocas ou todas aquelas situacións de risco.

Presidencia

Pasamos á seguinte moción do Grupo Mixto Ciudadanos *relativa ao transporte sostible, para a renovación da frota con autobuses 100 % eléctricos*.

Sobre esta moción hai unha emenda de substitución por parte de Marea Atlántica, non sei se acepta a emenda **(a señora Martínez Lema fai un xesto de negación coa testa)** *ben. Daquela, procedemos a defender a súa e votaranse por separado.*

Ten a palabra, señora Martínez.

Segunda. Moción para a renovación da frota con autobuses 100 % eléctricos

Sobre esta moción o Grupo Municipal da Marea Atlántica presenta unha emenda de substitución, que non é aceptada polo Grupo Mixto

Señora Martínez Lema

Cada dous autobuses eléctricos aforran un barril de petróleo ao día, ou sexa, 365 barrís ao ano, por tanto, cada millón de autobuses eléctricos aforrarán 500.000 barrís diarios, que é a cantidade á que China vai de maneira acelerada. A clave seguinte é non producir esa electricidade con carbón ou fuel. Galicia xa produce máis da metade da enerxía moitas horas do ano con enerxía verde. En calquera caso, ese problema de xeración non dependería de María Pita, que, por suposto, pode negociar o mesmo

2. Mejorar las señalizaciones en las playas, que adviertan de los peligros reales, a bañistas y demás usuarios, como las mareas de movimiento rápido, las corrientes de resaca, los escalones, las olas grandes, las rocas o todas aquellas situaciones de riesgo.

Presidencia

Pasamos a la siguiente moción del Grupo Mixto Ciudadanos relativa al transporte sostenible, para la renovación de la flota con autobuses 100 % eléctricos.

Sobre esta moción hay una enmienda de sustitución por parte de Marea Atlántica, no sé si acepta la enmienda ***(la señora Martínez Lema hace un gesto de negación con la cabeza)*** bien. Entonces, procedemos a defender la suya y se votarán por separado.

Tiene la palabra, señora Martínez.

Segunda. Moción para la renovación de la flota con autobuses 100 % eléctricos

Sobre esta moción el Grupo Municipal de la Marea Atlántica presenta una enmienda de sustitución, que no es aceptada por el Grupo Mixto.

Señora Martínez Lema

Cada dos autobuses eléctricos ahorran un barril de petróleo al día, o sea, 365 barriles al año, por lo tanto, cada millón de autobuses eléctricos ahorrarán 500.000 barriles diarios, que es la cantidad a la que China va de manera acelerada. La clave siguiente es no producir esa electricidad con carbón o fuel. Galicia ya produce más de la mitad de la energía muchas horas del año con energía verde. En cualquier caso, ese problema de generación no dependería de María Pita, que, por supuesto, puede negociar el

Concello que toda a súa enerxía comprada a x empresas sexa xerada con renovables, como fan outros concellos e empresas.

Ás doce horas e dezasete minutos entra no Salón de Sesións a alcaldesa dona Inés Rey García e saen a señora García Gómez e os señores Jorquera Caselas, García Fernández e Borrego Vázquez.

Os autobuses híbridos como os que xa aprobou a compañía de tranvías son un paso intermedio nos próximos anos de transición cara á mobilidade 100 % eléctrica, pero en temas tecnolóxicos necesítase analizar en profundidade as propostas e posibles solucións á substitución de calquera frota pois en xogo está a contaminación do noso aire. Tampouco é unha solución non contaminante o gas, contamina menos, pero contamina. Agora mesmo, coa tecnoloxía dispoñible, falamos dun tema estritamente económico, como é o maior custo dun autobús eléctrico 100 % e as instalacións de recarga necesarias. Esa é a razón de que a colaboración financeira público-privada sexa determinante neste tipo de proxectos avanzados. É noso deber desde María Pita ser áxiles e modificar o novo clausulado da concesión futura solicitando determinadas directrices sobre a frota sen esquecer que hai que outorgar prazo suficiente en anos pactados para a substitución progresiva da frota se o concesionario final é o que actualmente presta o servizo ou se a nova empresa que gañe o concurso se subroga en traballadores e en todo ou parte do parque actual de autobuses urbanos mediante negociación coa empresa actual, se esta non continuase na súa actividade. Tampouco debe darnos medo utilizar fondos públicos -chegado o caso- como axuda á empresa concesionaria futura e desde logo solicitar nos novos

mismo Ayuntamiento que toda su energía comprada a x empresas sea generada con renovables, como hacen otros ayuntamientos y empresas.

A las doce horas y diecisiete minutos entra en el Salón de Sesiones la alcaldesa doña Inés Rey García y salen la señora García Gómez y los señores Jorquera Caselas, García Fernández y Borrego Vázquez.

Los autobuses híbridos como los que ya ha aprobado la compañía de tranvías son un escalón intermedio en los próximos años de transición hacia la movilidad 100 % eléctrica, pero en temas tecnológicos se necesita analizar en profundidad las propuestas y posibles soluciones a la sustitución de cualquier flota pues en juego está la contaminación de nuestro aire. Tampoco es una solución no contaminante el gas, contamina menos, pero contamina. Ahora mismo, con la tecnología disponible, hablamos de un tema estrictamente económico, como es el mayor coste de un autobús eléctrico 100 % y las instalaciones de recarga necesarias. Esa es la razón de que la colaboración financiera público-privada sea determinante en este tipo de proyectos avanzados. Es nuestro deber desde María Pita ser ágiles y modificar el nuevo clausulado de la concesión futura solicitando determinadas directrices sobre la flota sin olvidar que hay que otorgar plazo suficiente en años pactados para la sustitución progresiva de la flota si el concesionario final es el que actualmente presta el servicio o si la nueva empresa que gane el concurso se subroga en trabajadores y en todo o parte del parque actual de autobuses urbanos mediante negociación con la empresa actual, si esta no continuase en su actividad. Tampoco debe darnos miedo utilizar fondos públicos -llegado el caso- como ayuda a la empresa concesionaria futura y desde luego solicitar en los nuevos pliegos

pregos determinadas características para os autobuses que prestarán o servizo, xa que os buses máis eficientes poden custar o dobre ou o triplo que un autobús tradicional, e a clave sempre será que isto se explique ben os cidadáns.

determinadas características para los autobuses que prestarán el servicio, ya que los buses más eficientes pueden costar el doble o el triple que un autobús tradicional, y la clave siempre será que esto se explique bien a los ciudadanos.

A proposta máis avanzada que afecta o Concello só ten unha dirección e é a compra de autobuses eléctricos 100 % de maneira progresiva. É o presente e cara aí vai o mercado. A única escusa desde a empresa concesionaria ten que ser o posible custo e nunca a tecnoloxía dispoñible.

La propuesta más avanzada que afecta al Concello solo tiene una dirección y es la compra de autobuses eléctricos 100 % de manera progresiva. Es el presente y hacia ahí va el mercado. La única excusa desde la empresa concesionaria tiene que ser el posible coste y nunca la tecnología disponible.

Non aceptamos a emenda da Marea porque non queren negociar, queren impoñer e sen custo para o Concello e así será imposible ese cambio, por falta de liquidez da compañía de tranvías. Procede saber primeiro quen vai seguir prestando o servizo e, por suposto, incorporar esa petición no novo concurso. A compañía de tranvías non quererá meterse en investimentos sen saber se seguirá traballando. Para substituír todos os autobuses faría falta unha operación de leasing ou renting moi importante, pódese xestionar e conséguese pero seguramente a compañía de tranvías dirá que non ata saber se seguirá e a que prezo cada billete e esa compra de novos autobuses só pode ser de golpe nun novo concurso e cunha nova empresa, se é coa compañía de tranvías actual ten que ser compra de buses progresiva por ano, coordinado todo moi ben coa retirada dos buses máis antigos e máis contaminantes. Por iso o Pleno propoñemos o seguinte acordo:

No aceptamos la enmienda de la Marea porque no quieren negociar, quieren imponer y sin coste para el Concello y así será imposible ese cambio, por falta de liquidez de la compañía de tranvías. Procede saber primero quién va a seguir prestando el servicio y, por supuesto, incorporar esa petición en el nuevo concurso. La compañía de tranvías no querrá meterse en inversiones sin saber si seguirá trabajando. Para sustituir todos los autobuses haría falta una operación de leasing o renting muy importante, se puede gestionar y se consigue pero seguramente la compañía de tranvías dirá que no hasta saber si seguirá y a qué precio cada billete y esa compra de nuevos autobuses solo puede ser de golpe en un nuevo concurso y con una nueva empresa, si es con la compañía de tranvías actual tiene que ser compra de buses progresiva por año, coordinado todo muy bien con la retirada de los buses más antiguos y más contaminantes. Por eso al Pleno proponemos el siguiente acuerdo:

Acordar coa Compañía de Tranvías da Coruña adaptar a frota de vehículos ao escenario de transporte sostible ao que debemos ir coa compra progresiva de autobuses 100 % eléctricos.

Acordar con la Compañía de Tranvías de A Coruña adaptar la flota de vehículos al escenario de transporte sostenible al que debemos ir con la compra progresiva de autobuses 100 % eléctricos.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

En primeiro lugar, queremos aclarar que o escenario respecto da compañía de tranvías, que é quen se menciona nos acordos da moción, é un escenario incerto porque hai unha declaración de caducidade aprobada en Xunta de Goberno Local no mandato da Marea Atlántica e unha posterior consulta á Comisión Europea e unha xudicialización desta toma de decisión do Goberno anterior.

En primer lugar, queremos aclarar que el escenario respecto de la compañía de tranvías, que es quien se menciona en los acuerdos de la moción, es un escenario incierto porque hay una declaración de caducidad aprobada en Junta de Gobierno Local en el mandato de la Marea Atlántica y una posterior consulta a la Comisión Europea y una judicialización de esta toma de decisión del Gobierno anterior.

Ás doce horas e trinta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez.

A las doce horas y treinta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez.

O problema é ese escenario incerto porque non sabemos, unha vez que se resolva o proceso xudicial, cando vai ser o remate da concesión, pero é que ademais do que está nesta moción ou o que pretende esta moción, é que o Concello da Coruña financie á compañía de tranvías a compra destes autobuses. Acaba de dicir a señora Martínez Lema que a compañía de tranvías non ten liquidez ou non pode ter liquidez para afrontar isto. A compañía de tranvías...vamos, xa quixeran moitas empresas ter a liquidez que ten a compañía de tranvías por xestionar un servizo público, por certo, con numerosas carencias e que adoita resistirse a mellorar o servizo case sempre que se lle demanda unha mellora de servizo. E o que obriga esta moción ou o que obrigaría o Concello nesta moción é a

El problema es ese escenario incierto porque no sabemos, una vez que se resuelva el proceso judicial, cuándo va a ser el final de la concesión, pero es que además de lo que está en esta moción o lo que pretende esta moción, es que el Ayuntamiento de A Coruña financie a la compañía de tranvías la compra de estos autobuses. Acaba de decir la señora Martínez Lema que la compañía de tranvías no tiene liquidez o no puede tener liquidez para afrontar esto. La compañía de tranvías...vamos, ya quisieran muchas empresas tener la liquidez que tiene la compañía de tranvías por gestionar un servicio público, por cierto, con numerosas carencias y que suele resistirse a mejorar el servicio casi siempre que se le demanda una mejora de servicio. Y lo que obliga esta moción o lo que obligaría el

que a compañía de tranvías se fixese cunha frota de vehículos que, polos propios pregos da concesión do servizo de transporte urbano, non van reverter no Concello da Coruña ou non revertería no Concello da Coruña, porque non está neses pregos desa concesión -digamos- a amortización dos vehículos. Polo tanto, cremos que por aí non poden ir os tiros. Nós non negamos as cifras, evidentemente, da redución de emisións, da redución de consumo de petróleo ou de, mellor dito, de combustibles fósiles, o que pasa é que non é o único problema que teñen os autobuses na nosa cidade, o combustible que utilizan, hai outras características dos buses da nosa cidade que dificultan que dean un servizo axeitado, unha delas é o propio tamaño dos autobuses e o feito de que haxa autobuses articulados é un auténtico problema para circular por unha cidade de 38 km^2 coa densidade de poboación que ten, coas rúas pequenas que ten, etc. Todos sabemos os jarigüeis [sic] que teñen que facer os autobuses para circular pola nosa cidade.

Ayuntamiento en esta moción es a que la compañía de tranvías se hiciera con una flota de vehículos que, por los propios pliegos de la concesión del servicio de transporte urbano, no van a revertir en el Ayuntamiento de A Coruña o no revertiría en el Ayuntamiento de A Coruña, porque no está en esos pliegos de esa concesión -digamos- la amortización de los vehículos. Por lo tanto, creemos que por ahí no pueden ir los tiros. Nosotros no negamos las cifras, evidentemente, de la reducción de emisiones, de la reducción de consumo de petróleo o de, mejor dicho, de combustibles fósiles, lo que pasa es que no es el único problema que tienen los autobuses en nuestra ciudad, el combustible que utilizan, hay otras características de los buses de nuestra ciudad que dificultan que den un servicio idóneo, una de ellas es el propio tamaño de los autobuses y el hecho de que haya autobuses articulados es un auténtico problema para circular por una ciudad de 38 km^2 con la densidad de población que tiene, con las calles pequeñas que tiene, etc. Todos sabemos los jarigüeis [sic] que tienen que hacer los autobuses para circular por nuestra ciudad.

Ás doce horas e trinta e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.

A las doce horas y treinta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.

Polo tanto, as características dos autobuses que dan problemas, digamos, na nosa cidade non son exclusivamente o combustible senón o seu propio tamaño e, xa non digamos, o servizo que ofrecen, de frecuencias, de horarios, etc. Polo tanto, nós cremos que a prioridade ten que ir por outro lado, que o Concello da Coruña ten que centrarse, en primeiro lugar, en instalar o carril bus, que para nós é absolutamente prioritario e devecemos porque se instale dunha vez.

Por tanto, las características de los autobuses que dan problemas, digamos, en nuestra ciudad no son exclusivamente el combustible sino su propio tamaño y, ya no digamos, el servicio que ofrecen, de frecuencias, de horarios, etc. Por tanto, nosotros creemos que la prioridad tiene que ir por otro lado, que el Ayuntamiento de A Coruña tiene que centrarse, en primer lugar, en instalar el carril bus, que para nosotros es absolutamente prioritario y ansiamos que se instale de una vez.

Non negamos, como digo, as cifras que sinala a señora Martínez Lema, pero si que é certo que, tal e como se establece a proposta, nós non imos votar a favor.

No negamos, como digo, las cifras que señala la señora Martínez Lema, pero sí que es cierto que, tal y como se establece la propuesta, nosotros no vamos a votar a favor.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Señor Varela, pola Marea Atlántica.

Señor Varela, por la Marea Atlántica.

Señor Varela Gómez

Señor Varela Gómez

Señora Martínez, coa nosa emenda non tratamos de impoñer nada, máis ben darlle solvencia técnica á súa moción -agora explicarei en que sentido- e garantir o interese xeral, da súa moción emana certa simpatía pola compañía de tranvías. Para nós a prioridade non é a compañía de tranvías senón o Concello e os seus recursos e por iso o que propoñíamos era substituír a súa moción para esixir á concesionaria do contrato do transporte público da Coruña a adaptación -sen custo para o Concello- da frota. Tampouco especificabamos tempos, para cumprir coas recomendacións recollidas no Libro Branco de transporte da Unión Europea. E falabamos do Libro Branco de transporte para non falar de fórmulas concretas que eu creo que teñen que ser avaliadas -xa o foron en certa maneira no pasado mandato- tecnicamente, pero é que non somos nós os que temos que decidir de que maneira ten que funcionar a frota da compañía de tranvías.

Señora Martínez, con nuestra enmienda no tratamos de imponer nada, más bien darle solvencia técnica a su moción -ahora explicaré en qué sentido- y garantizar el interés general, de su moción emana cierta simpatía por la compañía de tranvías. Para nosotros la prioridad no es la compañía de tranvías sino el Ayuntamiento y sus recursos y por eso lo que proponíamos era sustituir su moción para exigir a la concesionaria del contrato del transporte público de A Coruña la adaptación -sin coste para el Ayuntamiento- de la flota. Tampoco especificábamos tiempos, para cumplir con las recomendaciones recogidas en el Libro Blanco de transporte de la Unión Europea. Y hablábamos del Libro Blanco de transporte para no hablar de fórmulas concretas que yo creo que tienen que ser evaluadas -ya lo fueron en cierta manera en el pasado mandato- técnicamente, pero es que no somos nosotros los que tenemos que decidir de qué manera tiene que funcionar la flota de la compañía de tranvías.

O Libro Branco de transporte que cito -eu creo que é un documento relevante- define unha estratexia á que todas as partes interesadas en materia de transporte poden contribuír para lograr un sistema de transporte máis competitivo e eficiente no uso dos recursos e ademais recolle orientacións

El Libro Blanco de transporte que cito -yo creo que es un documento relevante- define una estrategia a la que todas las partes interesadas en materia de transporte pueden contribuir para lograr un sistema de transporte más competitivo y eficiente en el uso de los recursos y además recoge orientaciones para

para implementar no transporte urbano e suburbano e reducir substancialmente a súa contaminación, *bueno*, cunha serie de parámetros técnicos que nos parecía máis serio mencionar e despois que tivera a consecución, o detalle necesario.

implementar en el transporte urbano y suburbano y reducir sustancialmente su contaminación, bueno, *con una serie de parámetros técnicos que nos parecía más serio mencionar y después que tuviese la consecución, el detalle necesario.*

No pasado mandato nós traballamos xa neste ámbito. Existen varios sistemas de propulsión, efectivamente, dos vehículos de transporte público por carreteira. Está claro que o sistema de propulsión da compañía ou da frota da empresa concesionaria é moi contaminante, actualmente, porque todos os autobuses son diésel, dos 93 que ten o 100 % son diésel e xa hai alternativas, efectivamente, a este sistema. No Estado hai frotas a gas e outras que xa dispoñen de moitas unidades híbridas, como sabe, fixemos probas no pasado mandato. A concesionaria de transporte público da cidade, precisamente fixo -como lle dicía- probas con unidades híbridas. Sería oportuno, antes de votar unha moción como esta tan concreta, saber cales foron os resultados desa avaliación que fixo a compañía de tranvías no seu momento.

En el pasado mandato nosotros trabajamos ya en este ámbito. Existen varios sistemas de propulsión, efectivamente, de los vehículos de transporte público por carretera. Claro está que el sistema de propulsión de la compañía o de la flota de la empresa concesionaria es muy contaminante, actualmente, porque todos los autobuses son diésel, de los 93 que tiene el 100 % son diésel y ya hay alternativas, efectivamente, a este sistema. En el Estado hay flotas a gas y otras que ya disponen de muchas unidades híbridas, como sabe, hicimos pruebas en el pasado mandato. La concesionaria de transporte público de la ciudad, precisamente hizo -como le decía- pruebas con unidades híbridas. Sería oportuno, antes de votar una moción como esta tan concreta, saber cuáles fueron los resultados de esa evaluación que hizo la compañía de tranvías en su momento.

Eu creo que o que debemos solicitar non é tanto un sistema concreto de propulsión senón o cumprimento do obxectivo europeo de redución das emisións e da contaminación do aire e do ruído. E por iso, se non se aproba a nosa emenda absterémonos na votación. Grazas.

Yo creo que lo que debemos solicitar no es tanto un sistema concreto de propulsión sino el cumplimiento del objetivo europeo de reducción de las emisiones y de la contaminación del aire y del ruido. Y por eso, si no se aprueba nuestra enmienda nos abstendremos en la votación. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Varela.

Muchas gracias, señor Varela.

Polo Partido Popular, señor Deus.

Por el Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

A aposta por un transporte público de cero emisións en España ha de ser firme, tanto por parte das administracións como dos fabricantes. Nesta aposta o autobús eléctrico postúlase como unha das grandes bazas para reducir as emisións de efecto invernadoiro no noso país. A súa implantación é máis sinxela debido a que non hai que realizar obras, en contraposición co tranvía, o mantemento é máis sinxelo e ten unha maior versatilidade. Calcúlase que o transporte é responsable aproximadamente da cuarta parte das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro. Aínda que os autobuses públicos son só unha pequena parte da frota mundial de vehículos o urbanismo das cidades está a cambiar na dirección de respectar máis o medio ambiente e nisto é onde se ten que ver o respaldo das administracións públicas. O uso da electricidade como combustible alternativo para o transporte por estrada contribúe a reducir a contaminación atmosférica, a emisión de gases de efecto invernadoiro e a contaminación acústica. Nas grandes cidades españolas, aínda que se están tomando medidas, as frotas de autobuses totalmente eléctricos son aínda moi baixas, non chega a un 5%, o mesmo que ocorre nas grandes capitais europeas e, curiosamente, o 99% dos autobuses eléctricos do mundo están en China. Xa existe un programa europeo, o Proxecto Zeus, sistema de autobuses urbanos con cero emisións, que ten por obxectivo o desenvolvemento de vehículos eléctricos de gran capacidade e a creación de infraestruturas adecuadas para a súa recarga. Na nosa cidade, é certo, non demos aínda un paso importante no posicionamento da mobilidade pública eléctrica, tamén é certo que nestes momentos na nosa cidade existe un conflito aberto que enfronta o Concello e á compañía de tranvías nos xulgados, co gallo da data a

La apuesta por un transporte público de cero emisiones en España ha de ser firme, tanto por parte de las administraciones como de los fabricantes. En esta apuesta el autobús eléctrico se postula como una de las grandes bazas para reducir las emisiones de efecto invernadero en nuestro país. Su implantación es más sencilla puesto que no hay que realizar obras, en contraposición con el tranvía, el mantenimiento es más sencillo y tiene una mayor versatilidad. Se calcula que el transporte es responsable aproximadamente de la cuarta parte de las emisiones mundiales de gases de efecto invernadero. Aunque los autobuses públicos son solo una pequeña parte de la flota mundial de vehículos el urbanismo de las ciudades está cambiando en la dirección de respetar más el medio ambiente y en esto es en donde se tiene que ver el respaldo de las administraciones públicas. El uso de la electricidad como combustible alternativo para el transporte por carretera contribuye a reducir la contaminación atmosférica, la emisión de gases de efecto invernadero y la contaminación acústica. En las grandes ciudades españolas, aunque se están tomando medidas, las flotas de autobuses totalmente eléctricos son todavía muy bajas, no llega a un 5%, lo mismo que ocurre en las grandes capitales europeas y, curiosamente, el 99% de los autobuses eléctricos del mundo están en China. Ya existe un programa europeo, el Proyecto Zeus, sistema de autobuses urbanos con cero emisiones, que tiene por objetivo el desarrollo de vehículos eléctricos de gran capacidad y la creación de infraestructuras adecuadas para su recarga. En nuestra ciudad, es cierto, no hemos dado aún un paso importante en el posicionamiento de la movilidad pública eléctrica, también es cierto que en estos momentos en nuestra ciudad existe un conflicto abierto que enfrenta al Concello y a la compañía de tranvías en los

partir da cal debe contarse o período de 30 anos en que deben extinguirse as adxudicacións que, como no caso da empresa de tranvías, non foron licitadas publicamente. Este recurso, que se atopa á espera do ditame do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, lastra en certa medida a toma de decisións por parte da empresa concesionaria para realizar investimentos importantes á hora de incorporar á frota de autobuses totalmente eléctricos, dado que o investimento económico é moi importante, posto que o prezo destes vehículos, en comparación con outros híbridos, é determinante.

juzgados, a propósito de la fecha a partir de la cual debe contarse el período de 30 años en que deben extinguirse las adjudicaciones que, como en el caso de la empresa de tranvías, no fueron licitadas públicamente. Este recurso, que se encuentra a la espera del dictamen del Tribunal de Justicia de la Unión Europea, lastra en cierta medida la toma de decisiones por parte de la empresa concesionaria para realizar inversiones importantes a la hora de incorporar a la flota de autobuses totalmente eléctricos, dado que la inversión económica es muy importante, puesto que el precio de estos vehículos, en comparación con otros híbridos, es determinante.

Tampouco hai que esquecer a tan ansiada revisión das liñas actuais de bus -materia pendente do Goberno municipal- que lograría máis eficiencia nos desprazamentos. Aínda así, hai que ter en conta outras cuestións á hora de xestionar unha rede de autobuses eléctricos na cidade, a topografía da cidade é fundamental, posto que as costas nun autobús eléctrico en plena carga, pois, reduce a súa efectividade. Non é tan fácil construír autobuses eléctricos, hai poucas empresas que os constrúan aínda e a subministración se alongue e o prezo é máis elevado e unha necesidade de recarga de polo menos unha vez ao día. Por tanto, hai que ter en conta todos estes aspectos á hora de realizar unha aposta firme na nosa cidade, aínda que, o estado do contrato da compañía de tranvías -por certo, outro contrato en precario máis herdado- coarta en certa medida a toma de decisións.

Tampoco hay que olvidar la tan ansiada revisión de las líneas actuales de bus -asignatura pendiente del Gobierno municipal- que lograría más eficiencia en los desplazamientos. Aun así, hay que tener en cuenta otras cuestiones a la hora de gestionar una red de autobuses eléctricos en la ciudad, la topografía de la ciudad es fundamental, puesto que las cuestas en un autobús eléctrico en plena carga, pues, reduce su efectividad. No es tan fácil construir autobuses eléctricos, hay pocas empresas que los construyan todavía y el suministro se alargue y el precio es más elevado y una necesidad de recarga de al menos una vez al día. Por lo tanto, hay que tener en cuenta todos estos aspectos a la hora de realizar una apuesta firme en nuestra ciudad, si bien, el estado del contrato de la compañía de tranvías -por cierto, otro contrato en precario más heredado- coarta en cierta medida la toma de decisiones.

Ás doce horas e trinta minutos entra no Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.

A las doce horas y treinta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.

Apoiaremos, a pesar de todo, co noso voto a favor, esta moción.

Apoyaremos, a pesar de todo, con nuestro voto a favor, esta moción.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada, polo Partido Socialista.

Señor Díaz Villoslada

Grazas.

Pola nosa parte, evidentemente, esta cuestión que se formula nesta moción enmárcase no conxunto das necesarias medidas ou políticas xerais que traten de mellorar dunha forma substancial a mobilidade da cidade e polo tanto debería ser tamén a mobilidade metropolitana, en termos de menor emisión de CO_2, en termos de saúde ambiental, en termos de ocupación do espazo público, de seguridade viaria, etc.

Nós compartimos a idea principal desta moción, é dicir, que o concesionario do servizo público de transporte colectivo en autobús na cidade, pois, de forma progresiva porque aínda hai algunhas cuestións económicas e incluso tecnolóxicas, vaia incorporando autobuses 100 % eléctricos. E nese sentido nós, xa anuncio que apoiaremos esta moción.

No conxunto das políticas de mobilidade, que como saben todos os grupos, se está traballando xa tecnicamente nos diferentes ámbitos de traballo da Mesa pola Mobilidade Sostible, un dos proxectos para implantar este ano, pois é establecer esa rede básica pública de recarga de vehículo eléctrico, e por outra parte, evidentemente, un traballo que hai que facer coa compañía de tranvías, e no seu momento coa nova licitación, é nos pregos introducir esta prestación de servizos de autobuses 100 % eléctricos.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada, por el Partido Socialista.

Señor Díaz Villoslada

Gracias.

Por nuestra parte, evidentemente, esta cuestión que se plantea en esta moción se enmarca en el conjunto de las necesarias medidas o políticas generales que traten de mejorar de una forma sustancial la movilidad de la ciudad y por ende debería ser también la movilidad metropolitana, en términos de menor emisión de CO_2, en términos de salud ambiental, en términos de ocupación del espacio público, de seguridad viaria, etc.

Nosotros compartimos la idea principal de esta moción, es decir, que el concesionario del servicio público de transporte colectivo en autobús en la ciudad, pues, de forma progresiva porque aún hay algunas cuestiones económicas e incluso tecnológicas, vaya incorporando autobuses 100 % eléctricos. Y en ese sentido nosotros, ya anuncio que apoyaremos esta moción.

En el conjunto de las políticas de movilidad, que como saben todos los grupos, se está trabajando ya técnicamente en los diferentes ámbitos de trabajo de la Mesa por la Movilidad Sostenible, uno de los proyectos para implantar este año, pues es establecer esa red básica pública de recarga de vehículo eléctrico, y por otra parte, evidentemente, un trabajo que hay que hacer con la compañía de tranvías, y en su momento con la nueva licitación, es en los pliegos introducir esta prestación de servicios de autobuses 100 % eléctricos.

É certo que algunhas, aínda...*bueno*...non sei se discusións, pero si debates sobre a autonomía -á parte do vehículo do coche eléctrico- do propio autobús eléctrico porque hai parámetros que pode ser que non sexan suficientes para garantir esa autonomía de 16 horas que precisa un autobús eléctrico para poder cubrir os seus percorridos.

Es cierto que algunas, todavía... bueno...*no sé si discusiones, pero sí debates sobre la autonomía -aparte del vehículo del coche eléctrico- del propio autobús eléctrico porque hay parámetros que puede ser que no sean suficientes para garantizar esa autonomía de 16 horas que precisa un autobús eléctrico para poder cubrir sus recorridos.*

Ás doce horas e trinta e cinco minutos entran no Salón de Sesións a señora García Gómez e o señor Jorquera Caselas.

A las doce horas y treinta y cinco minutos entran en el Salón de Sesiones la señora García Gómez y el señor Jorquera Caselas.

Eu, por distender o debate, quedaríame cos jarigüeis [sic] que comentaba a señora Veira, que ímolo acuñar para a terminoloxía da mobilidade porque é moi simplificativo. Eu creo que, pois, nos ilustra moito porque ao final hai verbas que son case onomatopeas e nos ilustran de como van as cousas ás veces. E, nese sentido, quero tomar esa licenza para incorporar ao debate.

Yo, por distender el debate, me quedaría con los jarigüeis [sic] que comentaba la señora Veira, que lo vamos a acuñar para la terminología de la movilidad porque es muy simplificativo. Yo creo que, pues, nos ilustra mucho porque al final hay palabras que son casi onomatopeyas y nos ilustran de cómo van las cosas a veces. Y, en ese sentido, quiero tomar esa licencia para incorporar al debate.

Como dicía, si que hai aspectos, como a autonomía necesaria dos vehículos, o prezo, evidentemente, dos vehículos, que pode estar actualmente aínda no dobre, aproximadamente, dun vehículo, incluso dos híbridos, que progresivamente se van incorporando, aínda que non son absolutamente eficientes enerxticamente, evidentemente. E nese sentido, si que nós -como digo- á parte doutras medidas, porque estamos traballando tecnicamente xa nos proxectos de definición do carril bus ou das plataformas reservadas para transporte público, e nese sentido, pois, si que o espírito do que é a propia moción, traballar co actual concesionario ou futuro concesionario, e é certo, como dicía o señor Deus, que as situacións de conflitividade non facilitan determinados investimentos dunha forma tan lóxica como puidera ser nunha relación pacífica

Como decía, sí que hay aspectos, como la autonomía necesaria de los vehículos, el precio, evidentemente, de los vehículos, que puede estar actualmente aún en el doble, aproximadamente, de un vehículo, incluso de los híbridos, que progresivamente se van incorporando, aunque no son absolutamente eficientes energéticamente, evidentemente. Y en ese sentido, sí que nosotros -como digo- aparte de otras medidas, porque estamos trabajando técnicamente ya en los proyectos de definición del carril bus o de las plataformas reservadas para transporte público, y en ese sentido, pues, sí que el espíritu de lo que es la propia moción, trabajar con el actual concesionario o futuro concesionario, y es cierto, como decía el señor Deus, que las situaciones de conflictividad no facilitan determinadas inversiones de una

co concesionario, neste caso do servizo de transporte público, situación que estamos tratando de reconducir na media do posible. E nese sentido, por iso digo, que nós imos apoiar, dentro do que é a filosofía global desta moción, porque cadra coas medidas que con carácter xeral deben tratar de que a nosa mobilidade na Coruña sexa máis sostible. Máis nada. Grazas.

forma tan lógica como pudiera ser en una relación pacífica con el concesionario, en este caso del servicio de transporte público, situación que estamos tratando de reconducir en la medida de lo posible. Y en ese sentido, por eso digo, que nosotros vamos a apoyar, dentro de lo que es la filosofía global de esta moción, porque cuadra con las medidas que con carácter general deben tratar de que nuestra movilidad en A Coruña sea más sostenible. Nada más. Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Villoslada. Voulle requirir á señora Veira, para que, por favor, cando se remita o borrador da acta do Pleno revise a transcrición ortográfica da palabra jarigüei [sic] para non incorrer en ningún erro gramatical.

Muchas gracias, señor Villoslada. Le voy a requerir a la señora Veira, para que, por favor, cuando se remita el borrador del acta del Pleno revise la transcripción ortográfica de la palabra jarigüei [sic] para no incurrir en ningún error gramatical.

Procedemos, polo tanto, á votación. Comezamos pola votación da emenda presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica

Procedemos, por tanto, a la votación. Comenzamos por la votación de la enmienda presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Votación da emenda de substitución do Grupo Municipal da Marea Atlántica á segunda moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía

Votación de la enmienda de sustitución del Grupo Municipal de la Marea Atlántica a la segunda moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución do Grupo Municipal da Marea Atlántica á segunda moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía, para a renovación da frota con autobuses 100 % eléctricos, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución del Grupo Municipal de la Marea Atlántica a la segunda moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, para la renovación de la flota con autobuses 100 % eléctricos, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota en contra o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota en contra el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Debido a un erro material sométese a emenda a unha segunda votación, co seguinte resultado:

Debido a un error material se somete la enmienda a una segunda votación, con el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota en contra o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Vota en contra el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Non prospera, xa me estaban liando. Non sei se se decataron, pero teño enriba da mesa: dous teléfonos, un ordenador, unha táblet e un micro, é certo estrés tecnolóxico **(risas)** porque eu non sei aínda utilizar o microondas da miña casa, entón a ver se vai o Pleno ben porque entre o estrés e as votacións, igual me lío.

*No prospera, ya me estaban liando. No sé si se enteraron, pero tengo encima de la mesa: dos teléfonos, un ordenador, una táblet y un micro, es cierto estrés tecnológico **(risas)** porque yo no sé aún utilizar el microondas de mi casa, entonces a ver si va el Pleno bien porque entre el estrés y las votaciones, igual me lío.*

Votamos a moción, xa que non prospera a emenda.

Votamos la moción, ya que no prospera la enmienda.

Votación da segunda moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía, para a renovación da frota con autobuses 100 % eléctricos, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (8 votos).

Abstense o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 abstencións).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal de Cidadáns–Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada a moción.

43. Moción presentada polo Grupo Mixto de Cidadáns–Partido da Cidadanía, para a renovación da frota con autobuses 100 % eléctricos

Acordo

Acordar coa Compañía de Tranvías da Coruña adaptar a frota de vehículos ao escenario de transporte sostible ao que debemos ir coa compra progresiva de autobuses 100 % eléctricos.

Terceira. Moción para facilitar o cambio de uso de local a vivenda

Votación de la segunda moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, para la renovación de la flota con autobuses 100 % eléctricos, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (8 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 abstenciones).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota a favor el Grupo Municipal de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias. Queda aprobada la moción.

43. Moción presentada por el Grupo Mixto de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía, para la renovación de la flota con autobuses 100 % eléctricos

Acuerdo

Acordar con la Compañía de Tranvías de A Coruña adaptar la flota de vehículos al escenario de transporte sostenible al que debemos ir con la compra progresiva de autobuses 100 % eléctricos.

Tercera. Moción para facilitar el cambio de uso de local a vivienda

Sobre esta moción o Grupo Municipal socialista presenta unha emenda de substitución e o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía outra emenda de autocorrección.

Sobre esta moción el Grupo Municipal Socialista presenta una enmienda de sustitución y el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía otra enmienda de autocorrección.

A emenda do Grupo Municipal Socialista é aceptada polo Grupo Mixto.

La enmienda del Grupo Municipal Socialista es aceptada por el Grupo Mixto.

Presidencia

Presidencia

Constan dúas emendas, unha de substitución, do Partido Socialista e unha do propio grupo propoñente, de corrección do punto primeiro, entendo que a súa a acepta e...

Constan dos enmiendas, una de sustitución, del Partido Socialista y una del propio grupo proponente, de corrección del punto primero, entiendo que la suya la acepta y…

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Si, é que, neste caso, bueno, falando con eles, a nosa realmente é unha transacción, porque acordamos corrixir o noso primeiro punto porque a redacción non estaba en sentido correcto e agora, tal e como puxemos nós si estaría correcto, engadindo no punto dous o que a emenda do PSOE propoñía, co cal entendo que sería unha emenda de transacción.

Sí, es que, en este caso, bueno, hablando con ellos, la nuestra realmente es una transacción, porque acordamos corregir nuestro primer punto porque la redacción no estaba en sentido correcto y ahora, tal y como pusimos nosotros sí estaría correcto, añadiendo en el punto dos lo que la enmienda del PSOE proponía, con lo cual entiendo que sería una enmienda de transacción.

Presidencia

Presidencia

Entón, o Partido Socialista retira esa emenda presentada. Ben, moitas grazas, pois, iniciamos o debate, señora Martínez.

Entonces, el Partido Socialista retira esa enmienda presentada. Bien, muchas gracias, pues, iniciamos el debate, señora Martínez.

Señora Martínez Lema

Señora Martínez Lema

Ás doce horas e corenta minutos sae do Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.

A las doce horas y cuarenta minutos sale del Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.

Numerosas rúas da nosa cidade amosan un aspecto desolador debido á gran cantidade de locais comerciais que están pechados desde hai anos, moitos deles

Numerosas calles de nuestra ciudad muestran un aspecto desolador debido a la gran cantidad de locales comerciales que están cerrados desde hace años,

sucios e abandonados. Por diversas circunstancias son inviables economicamente como negocios, a falta de ingresos para facer fronte aos altos gastos e á presenza de potentes competidores, como as grandes superficies e o comercio electrónico, que seguirán lastrando a súa supervivencia. Isto fai que moitas cidades con excedentes deste tipo de inmobles, os propietarios busquen alternativas de uso e a máis demandada é un cambio para uso residencial e converter locais comerciais en vivendas. A demanda de vivenda na nosa cidade e o número de consultas en inmobiliarias sobre estes cambios de uso é constatada cada día por máis axencias. Noutros países e cidades de España, a perda da función social que o comercio de barrio realizaba mostrou a necesidade de poder adaptar estes locais como vivendas para abrir unha nova saída ao problema da vivenda e embelecer as rúas con vida e novos usos.

muchos de ellos sucios y abandonados. Por diversas circunstancias son inviables económicamente como negocios, a falta de ingresos para hacer frente a los altos gastos y a la presencia de potentes competidores, como las grandes superficies y el comercio electrónico, que seguirán lastrando su supervivencia. Esto hace que muchas ciudades con excedentes de este tipo de inmuebles, los propietarios busquen alternativas de uso y la más demandada es un cambio para uso residencial y convertir locales comerciales en viviendas. La demanda de vivienda en nuestra ciudad y el número de consultas en inmobiliarias sobre estos cambios de uso es constatada cada día por más agencias. En otros países y ciudades de España, la pérdida de la función social que el comercio de barrio realizaba mostró la necesidad de poder adaptar estos locales como viviendas para abrir una nueva salida al problema de la vivienda y embellecer las calles con vida y nuevos usos.

Para tramitar o cambio de uso hai que cumprir basicamente unha serie de condicións de ámbito urbanístico, como a clasificación do tipo de solo, se existe limitación de vivendas ou se o edificio en cuestión se encontra fóra de ordenación.

Para tramitar el cambio de uso hay que cumplir básicamente una serie de condiciones de ámbito urbanístico, como la clasificación del tipo de suelo, si existe limitación de viviendas o si el edificio en cuestión se encuentra fuera de ordenación.

Por outro lado, están os requisitos acordes coa normativa de habitabilidade, como o tamaño mínimo da superficie, altura e lonxitude mínima de fachada, a ventilación e de iluminación, a saída de fumes ou a de subministracións. O proxecto debe cumprir, ademais, co Código Técnico de Edificación redactado por un arquitecto para poder obter a licenza municipal de obra.

Por otro lado, están los requisitos acordes con la normativa de habitabilidad, como el tamaño mínimo de la superficie, altura y longitud mínima de fachada, la ventilación y de iluminación, la salida de humos o la de suministros. El proyecto debe cumplir, además, con el Código Técnico de Edificación redactado por un arquitecto para poder obtener la licencia municipal de obra.

Os motivos máis frecuentes polos que se denegan este tipo de licenzas no noso Concello, parecen ser; por un lado, o feito de non cumprir cos requisitos

Los motivos más frecuentes por los que se deniegan este tipo de licencias en nuestro Ayuntamiento, parecen ser; por un lado, el hecho de no cumplir con los requisitos

mínimos de habitabilidade; por outro lado, que o edificio se encontre fóra de ordenación por estar nunha zona na que o cambio de Planeamento modifica as condicións de ocupación.

Por todo iso, desde Ciudadanos propoñemos os seguintes acordos:

O primeiro, redactado de maneira que se entenda mellor:

1. Estudar todas aquelas solicitudes que dentro dos requisitos que establece a xurisprudencia para poder cambiar o uso nun edificio fóra de ordenación se cumpran. Estes requisitos son:

• Que o uso sexa autorizable polo plan urbanístico no momento do cambio de uso ou ben que a actividade estivese autorizada conforme á normativa en vigor no momento de outorgamento da licenza de obras orixinaria do edificio.

• Cando as obras que fosen necesarias para acomodar o inmoble ao novo uso sexan autorizables dentro da situación de fóra de ordenación dun edificio.

• O uso non impida ou dificulte a aplicación do plan.

• Coa renuncia dos dereitos de indemnización no caso de que se proceda á decisión de eliminar o inmoble para conseguir a execución do plan.

• Cumprimento de normas de habitabilidade.

2. Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a revisar o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aprobban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia para que, como di nas disposicións

mínimos de habitabilidad; por otro lado, que el edificio se encuentre fuera de ordenación por estar en una zona en la que el cambio de Planeamiento modifica las condiciones de ocupación.

Por todo ello, desde Ciudadanos proponemos los siguientes acuerdos:

El primero, redactado de manera que se entienda mejor:

1. Estudiar todas aquellas solicitudes que dentro de los requisitos que establece la jurisprudencia para poder cambiar el uso en un edificio fuera de ordenación se cumplan. Estos requisitos son:

• *Que el uso sea autorizable por el plan urbanístico en el momento del cambio de uso o bien que la actividad estuviera autorizada conforme a la normativa en vigor en el momento de otorgamiento de la licencia de obras originaria del edificio.*

• *Cuando las obras que fueran necesarias para acomodar el inmueble al nuevo uso sean autorizables dentro de la situación de fuera de ordenación de un edificio.*

• *El uso no impida o dificulte la aplicación del plan.*

• *Con la renuncia de los derechos de indemnización en caso de que se proceda a la decisión de eliminar el inmueble para conseguir la ejecución del plan.*

• *Cumplimiento de normas de habitabilidad.*

2. Instar a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a revisar el Decreto 29/2010 de 4 de marzo por el que se aprueban las normas de habitabilidad de viviendas de Galicia para que, como dice en las disposiciones

xerais: "o obxectivo da regulamentación en materia de habitabilidade de vivenda é dar resposta ás novas demandas da sociedade e garantir, ao mesmo tempo, que se satisfaga o dereito constitucional que todo cidadán ten a habitar nunha vivenda digna"; co fin de flexibilizar a dita normativa e adaptala ás novas necesidades dos cidadáns, garantindo en todo caso as condicións de habitabilidade, salubridade e accesibilidade das vivendas resultantes.

generales: "el objetivo de la reglamentación en materia de habitabilidad de vivienda es dar respuesta a las nuevas demandas de la sociedad y garantizar, al mismo tiempo, que se satisfaga el derecho constitucional que todo ciudadano tiene a habitar en una vivienda digna"; con el fin de flexibilizar dicha normativa y adaptarla a las nuevas necesidades de los ciudadanos, garantizando en todo caso las condiciones de habitabilidad, salubridad y accesibilidad de las viviendas resultantes.

Ás doce horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

A las doce horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Antes de nada, señora alcaldesa, revisarei a acta e consultarei coa real academia do koruño culto a ver se está ben transcrita. Fóra disto e centrándonos no debate da moción, realmente a nós non nos gusta esta moción, non concordamos coa súa filosofía, nin coa redacción final, nin por suposto, coa inicial. Claro, o que se nos presenta, ao final, é un escenario no que ao final imos... todos os baixos comerciais van...ou a maior parte dos baixos comerciais van acabar sendo vivendas, ou sexa, viviremos nos baixos comerciais e compraremos todas e todos en Amazon. Non é que eu teña nada en particular contra Amazon, pero creo que non é un modelo de desenvolvemento económico ideal, quitando, evidentemente, que vai avanzar o comercio electrónico e que iso non se nega, tampouco me parece axeitado

Antes de nada, señora alcaldesa, revisaré el acta y consultaré con la real academia del koruño culto a ver si está bien transcrita. Fuera de esto y centrándonos en el debate de la moción, realmente a nosotros no nos gusta esta moción, no concordamos con su filosofía, ni con la redacción final, ni por supuesto, con la inicial. Claro, lo que se nos presenta, al final, es un escenario en el que al final vamos... todos los bajos comerciales van...o la mayor parte de los bajos comerciales van a acabar siendo viviendas, o sea, viviremos en los bajos comerciales y compraremos todas y todos en Amazon. No es que yo tenga nada en particular contra Amazon, pero creo que no es un modelo de desarrollo económico ideal, quitando, evidentemente, que va a avanzar el comercio electrónico y que eso no se niega, tampoco me parece

decretar, dalgunha maneira, o falecemento, aquí, do pequeno comercio ou da función social do pequeno comercio. Porque, ao final, que imos facer? Imos comprar os zapatos en Amazon e cando se nos estropeen os zapatos, tirámolos porque, total, non imos ter zapateiro, non imos ter baixos comerciais onde tiñamos, por exemplo, zapateiros para amañar os zapatos.

acomodado decretar, de alguna manera, el fallecimiento, aquí, del pequeño comercio o de la función social del pequeño comercio. Porque, al final, ¿qué vamos a hacer? Vamos a comprar los zapatos en Amazon y cuando se nos estropeen los zapatos, los tiramos porque, total, no vamos a tener zapatero, no vamos a tener bajos comerciales donde teníamos, por ejemplo, zapateros para arreglar los zapatos.

Ás doce horas e corenta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.

A las doce horas y cuarenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.

como oímos, que non teña nin un euro, pois nos parece, se non queren o millón, pois polo menos nalgúns estudos… Nós cremos que un plan director, un estudo xenérico que estude toda esa zona, non só pola Cidade das TIC, senón polo novo hospital, pola residencia, polas novas vivendas do Ofimático e toda a mobilidade que ten que ver con eses grandes proxectos e a residencia da terceira idade que vai facer a Xunta tamén en Monelos, todo iso merecería un estudo previo de plan director e así llo trasladamos aos veciños. Fronte a esta postura do Concello de nin un só euro, a min tamén me gustaría destacar que os únicos aos que non convidan as fotos, porque aquí fotos e paseos fixeron todos, pero euros non puxo nin un —as administracións, señor Iago, as administracións— euros, ningún. Os únicos que non aparecen nas fotos e que non se lles convida son os únicos que comprometeron diñeiro: 20 millóns de euros, 5 nun edificio para o clúster *industrial TIC de innovación a través dun elemento concursal de fondos europeos e 15 a través do IGAPE para esta Cidade das TIC. A Xunta de Galicia, a única que comprometeu diñeiro para este proxecto e xa digo, e téñena apartada. O Concello... aínda non vimos nada e o do Estado a min gustaríame poñer un punto e aparte. Este gran Goberno amigo do señor Sánchez que ademais de machucar ás electrointensivas —que teño aquí e aproveito para saudalos—, ademais de machucar ás electrointensivas e machucar calquera investimento en Coruña, resulta que á Universidade pública da Coruña alúgalle o solo a máis do dobre do que lle alugaba unha empresa privada, Hércules de Armamento, este é o gran favor. É dicir, a Hércules de Armamento alugáballe por menos diñeiro a totalidade do solo e agora este Goberno do señor Sánchez alúgalle á Universidade da Coruña a*

como oímos, que no tenga ni un euro, pues nos parece, si no quieren el millón, pues por lo menos en algunos estudios… Nosotros creemos que un plan director, un estudio genérico que estudie toda esa zona, no sólo por la Ciudad de las TIC, sino por el nuevo hospital, por la residencia, por las nuevas viviendas del Ofimático y toda la movilidad que tiene que ver con esos grandes proyectos y la residencia de la tercera edad que va a hacer la Xunta también en Monelos, todo eso merecería un estudio previo de plan director y así se lo trasladamos a los vecinos. Frente a esta postura del Ayuntamiento de ni un solo euro, a mí también me gustaría destacar que los únicos a los que no invitan a las fotos, porque aquí fotos y paseos han hecho todos, pero euros no ha puesto ni uno —las administraciones, señor Iago, las administraciones— euros, ninguno. Los únicos que no aparecen en las fotos y que no se los invita son los únicos que han comprometido dinero: 20 millones de euros, 5 en un edificio para el *clúster* TIC de innovación a través de un elemento concursal de fondos europeos y 15 a través del IGAPE para esta Ciudad de las TIC. La Xunta de Galicia, la única que ha comprometido dinero para este proyecto y ya digo, y la tienen apartada. El Ayuntamiento… todavía no hemos visto nada y lo del Estado a mí me gustaría poner un punto y aparte. Este gran Gobierno amigo del señor Sánchez que además de machacar a las electrointensivas —que tengo aquí y aprovecho para saludarlos—, además de machacar a las electrointensivas y machacar cualquier inversión en Coruña, resulta que a la Universidad pública de La Coruña le alquila el suelo a más del doble de lo que le alquilaba una empresa privada, Hércules de Armamento, este es el gran favor. Es decir, a Hércules de Armamento le alquilaba por menos dinero la totalidad del suelo y ahora este Gobierno del señor Sánchez le alquila a la

metade do solo por máis diñeiro do que lle alugaba a Hércules de Armamento. Señores, gran Goberno amigo. E ademais din que a outra metade —por iso alégrome que non sexamos os únicos preocupados— que a ver que fan con ela, por iso está ben esa comisión bilateral, que van facer con ela, que queren vendela. Isto soa a especulación. Soa a que queren volver ao Plan Xeral do 2009 que aprobou o PSOE e o BNG —o Bipartito— e que a Fábrica de Armas poñía vivendas e chan residencial. Das poucas cousas que cambiamos daquel plan: eliminar os usos residenciais e o pelotazo na Fábrica de Armas, señor Jorquera, e poñer equipamento industrial. O único que cambiamos. Pero os que poñían vivendas na Fábrica de Armas era o Bipartito no 2009, está o documento aprobado e votado neste Pleno por todos vostedes. Por tanto, esperemos que non volvamos atrás a iso, esperemos que o gran Goberno amigo non sexa cobrarlle o dobre á Universidade pública da Coruña que a unha empresa privada e esperemos que con este diálogo, con esta participación ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *e coa axuda de todos e coa participación de todos teñamos aí o proxecto que merecemos e teñamos aí un proxecto que pode ser un bo motor para a cidade e tamén para os veciños da contorna.*

Universidad de La Coruña la mitad del suelo por más dinero del que le alquilaba a Hércules de Armamento. Señores, gran Gobierno amigo. Y además dicen que la otra mitad —por eso me alegro que no seamos los únicos preocupados— que a ver qué hacen con ella, por eso está bien esa comisión bilateral, qué van a hacer con ella, que quieren venderla. Esto suena a especulación. Suena a que quieren volver al Plan General del 2009 que aprobó el PSOE y el BNG —el Bipartito— y que la Fábrica de Armas ponía viviendas y suelo residencial. De las pocas cosas que cambiamos de aquel plan: eliminar los usos residenciales y el pelotazo en la Fábrica de Armas, señor Jorquera, y poner equipamiento industrial. Lo único que cambiamos. Pero los que ponían viviendas en la Fábrica de Armas era el Bipartito en el 2009, está el documento aprobado y votado en este Pleno por todos ustedes. Por lo tanto, esperemos que no volvamos atrás a eso, esperemos que el gran Gobierno amigo no sea cobrarle el doble a la Universidad pública de La Coruña que a una empresa privada y esperemos que con este diálogo, con esta participación ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** y con la ayuda de todos y con la participación de todos tengamos ahí el proyecto que merecemos y tengamos ahí un proyecto que puede ser un buen motor para la ciudad y también para los vecinos del entorno.

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Muchas gracias, señor Fernández Prado.

Quenda do Grupo Socialista, señora Martínez Acón.

Turno del Grupo Socialista, señora Martínez Acón.

Señora Martínez Acón

Señora Martínez Acón

Moitas grazas, alcaldesa.

Muchas gracias, alcaldesa.

A Cidade das TIC é unha gran oportunidade para esta cidade que permitirá o desenvolvemento industrial no sector TIC, xa non só na Coruña, senón tamén en Galicia. Infraestruturas compartidas en innovación, un parque empresarial onde as instalacións comúns permitan establecer sinerxías e colaboracións, así como espazos abertos á cidadanía que ata o de agora estaban fóra de uso veciñal.

La Ciudad de las TIC es una gran oportunidad para esta ciudad que permitirá el desarrollo industrial en el sector TIC, ya no solo en A Coruña, sino también en Galicia. Infraestructuras compartidas en innovación, un parque empresarial donde las instalaciones comunes permitan establecer sinergias y colaboraciones, así como espacios abiertos a la ciudadanía que hasta ahora estaban fuera de uso vecinal.

O proxecto está liderado pola Universidade xunto co Concello*, tanto desde a xénese do mesmo na reunión con Defensa, como tras a constitución da nova Corporación, onde a concellería que ostento ten unha delegación específica sobre este proxecto e cun papel activo no desenvolvemento do mesmo. En contacto permanente tanto coa Universidade —co* clúster *industrial TIC— como na Subdelegación do Goberno. A cesión á Universidade non se cingue só aos edificios, senón a un espazo que consta de 127.000 m², sendo outra parte do* Concello*, o que fan un total de 140.000 metros. No referente ao resto dos metros —240.000 segundo recolle o convenio— pode solicitarse pola Universidade para incorporación ao campus tecnolóxico. Por tanto, descártase a especulación urbanística á que alude a moción.*

El proyecto está liderado por la Universidad junto con el *Ayuntamiento*, tanto desde la génesis del mismo en la reunión con Defensa, como tras la constitución de la nueva Corporación, donde la concejalía que ostento tiene una delegación específica sobre este proyecto y con un papel activo en el desarrollo del mismo. En contacto permanente tanto con la Universidad —con el *clúster* TIC— como en la Subdelegación del Gobierno. La cesión a la Universidad no se ciñe solo a los edificios, sino a un espacio que consta de 127.000 m², siendo otra parte del *Ayuntamiento*, lo que hacen un total de 140.000 metros. En lo referente al resto de los metros —240.000 según recoge el convenio— puede solicitarse por la Universidad para incorporación al campus tecnológico. Por tanto, se descarta la especulación urbanística a la que alude la moción.

Ao respecto da información e a constitución dunha mesa de traballo, existe unha comisión informativa específica sobre a Cidade das TIC que preside a concelleira de Cidadáns, comisión á que asistiu o reitor co fin de expoñer o seu proxecto, as condicións do convenio e que manifestou a súa total disposición a asistir á mesma as veces que considere necesario. Do mesmo xeito que asistiu o reitor, poderán facelo —

Respecto de la información y la constitución de una mesa de trabajo, existe una comisión informativa específica sobre la Ciudad de las TIC que preside la concejala de Ciudadanos, comisión a la que asistió el rector a fin de exponer su proyecto, las condiciones del convenio y que ha manifestado su total disposición a asistir a la misma las veces que considere necesario. Al igual que ha asistido el rector, podrán hacerlo —como

como o acaba de expoñer a presidenta da Comisión— diferentes representantes de entidades veciñais, empresariais, co fin de manter un fluxo de información fluída.

lo acaba de exponer la presidenta de la Comisión— diferentes representantes de entidades vecinales, empresariales, a fin de mantener un flujo de información fluida.

Por outra banda, reuninme en dúas ocasións coa plataforma veciñal que aglutina as asociacións veciñais da Zapateira, Elviña, Eirís, Pedralonga e Palavea co fin de escoitar as súas inquietudes e propostas no desenvolvemento do proxecto, co compromiso da concellería de manter comunicación permanente no desenvolvemento do mesmo.

Por otra parte, me he reunido en dos ocasiones con la plataforma vecinal que aglutina las asociaciones vecinales de A Zapateira, Elviña, Eirís, Pedralonga y Palavea a fin de escuchar sus inquietudes y propuestas en el desarrollo del proyecto, con el compromiso de la concejalía de mantener comunicación permanente en el desarrollo del mismo.

O tema de mobilidade e a irrupción dos traballadores/traballadoras no devandito parque tecnolóxico e como pode afectar aos accesos, está en estudo pola Concellería de Mobilidade, que con toda prudencia —e permítome falar en nome do concelleiro— non quere adiantar ningunha medida en tanto non haxa un proxecto de desenvolvemento da Cidade das TIC.

El tema de movilidad y la irrupción de los trabajadores/trabajadoras en dicho parque tecnológico y cómo puede afectar a los accesos, está en estudio por la Concejalía de Movilidad, que con toda prudencia —y me permito hablar en nombre del concejal— no quiere adelantar ninguna medida en tanto no haya un proyecto de desarrollo de la Ciudad de las TIC.

Ao respecto do outro punto da moción, o propio convenio, xa prevé unha comisión de seguimento de Defensa coa Universidade. Neste momento está pendente de terminar a forma xurídica para a súa xestión que o propio reitor reiterou que será unha entidade pública.

Respecto del otro punto de la moción, el propio convenio, ya prevé una comisión de seguimiento de Defensa con la Universidad. En este momento está pendiente de terminar la forma jurídica para su gestión que el propio rector ha reiterado que será una entidad pública.

Por todo o exposto, e en aras da transparencia en canto ao desenvolvemento do proxecto, apoiaremos esta moción. Por tanto, como a primeira, como a segunda petición xa se están realizando.

Por todo lo expuesto, y en aras de la transparencia en cuanto al desarrollo del proyecto, apoyaremos esta moción. Por tanto, como la primera, como la segunda petición ya se están realizando.

Moitísimas grazas.

Muchísimas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Muchas gracias, señora Martínez.

Procedemos por tanto á votación da moción. Entendo que asumiron a emenda.

Ben.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA), coa emenda presentada polo Grupo Mixto de Cidadáns–Partido da Cidadanía, sobre o Proxecto "Cidade das TIC", producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Moitas grazas, queda aprobada por unanimidade.

49. Moción presentada polo Grupo Municipal de Marea Atlántica emendada polo Grupo Mixto de Cidadáns–Partido da Cidadanía sobre o Proxecto "Cidade das TIC".

Acordo

Procedemos por tanto a la votación de la moción. Entiendo que asumieron la enmienda.

Bien.

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA), con la enmienda presentada por el Grupo Mixto de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía, sobre el Proyecto "Ciudad de las TIC", produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 voto).

Presidencia

Muchas gracias, queda aprobada por unanimidad.

49. Moción presentada por el Grupo Municipal de Marea Atlántica enmendada por el Grupo Mixto de Ciudadanos–Partido de la Ciudadanía sobre el Proyecto "Cidade das TIC".

Acuerdo

Constituír dentro da Comisión Especial da Cidade das TIC unha mesa de traballo que conte coa presenza de representantes da Universidade, o Concello e as entidades veciñais e empresariais interesadas, coa fin de garantir a transmisión efectiva de toda a información precisa durante o proceso e desde a mesma Comisión Especial da Cidade das TIC solicitarlle ao Ministerio de Defensa a constitución dunha mesa bilateral para tratar sobre o futuro do resto dos terreos da Fábrica de Armas que non lle foron concedidos á UDC.

Constituir dentro de la Comisión Especial de la Ciudad de las TIC una mesa de trabajo que cuente con la presencia de representantes de la Universidad, el Ayuntamiento y las entidades vecinales y empresariales interesadas, con el fin de garantizar la transmisión efectiva de toda la información precisa durante el proceso y desde la misma Comisión Especial de la Ciudad de las TIC solicitarle al Ministerio de Defensa la constitución de una mesa bilateral para tratar sobre el futuro del resto de los terrenos de la Fábrica de Armas que no le fueron concedidos a la UDC.

Terceira. Moción sobre o dereito á vivenda.

Tercera. Moción sobre el derecho a la vivienda.

Presidencia

Presidencia

Terceira e última moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica sobre dereito á vivenda.

Tercera y última moción del Grupo Municipal de Marea Atlántica sobre derecho a la vivienda.

Señor Martínez, ten a palabra.

Señor Martínez, tiene la palabra.

Señor Martínez Durán

Señor Martínez Durán

Grazas, señora Rey.

Gracias, señora Rey.

Diga o que diga a Constitución española no artigo 47, o dereito á vivenda digna non se garante hoxe no reino de España e lamentablemente A Coruña —A Coruña real da que quería falar antes o señor Villoslada— non é un oasis. As manifestacións, os síntomas, as consecuencias son múltiples. Temos casos gravísimos, vergoñentos diría eu, para unha cidade coma A Coruña de infravivenda —sexan os asentamentos precarios, sexa outro tipo de infravivenda—. A batalla interminable dos desafiuzamentos, o senfogarismo —agora ademais con menos recursos para combatelo que antes—, alugueres

Diga lo que diga la Constitución española en el artículo 47, el derecho a la vivienda digna no se garantiza hoy en el reino de España y lamentablemente A Coruña —A Coruña real de la que quería hablar antes el señor Villoslada— no es un oasis. Las manifestaciones, los síntomas, las consecuencias son múltiples. Tenemos casos gravísimos, vergonzantes diría yo, para una ciudad como A Coruña de infravivienda —sean los asentamientos precarios, sea otro tipo de infravivienda—. La batalla interminable de los desahucios, el sinhogarismo —ahora además con menos recursos para combatirlo que antes—,

abusivos e cada vez máis altos que esixen un esforzo moitas veces inasumible para a xente, que se ve obrigada a privarse de cousas fundamentais para poder pagar a súa vivenda, vivendas turísticas cun crecemento dun 30 % en 9 meses, máis de 18.000 vivendas baleiras, falta de vivenda pública, falta de políticas públicas de vivenda, que é un mal endémico —non na Coruña ou non unicamente na Coruña, senón no Estado español, á cola en Europa— e consecuencias mesmo negativas, moi negativas na articulación da Área Metropolitana con dinámicas de segregación, de consumo insostible de solo, urbanización sen cidade, e estímulo de formas nada sostibles e nada saudables de mobilidade.

alquileres abusivos y cada vez más altos que exigen un esfuerzo muchas veces inasumible para la gente, que se ve obligada a privarse de cosas fundamentales para poder pagar su vivienda, viviendas turísticas con un crecimiento de un 30 % en 9 meses, más de 18.000 viviendas vacías, falta de vivienda pública, falta de políticas públicas de vivienda, que es un mal endémico —no en A Coruña o no únicamente en A Coruña, sino en el Estado español, a la cola en Europa— y consecuencias incluso negativas, muy negativas en la articulación del Área Metropolitana con dinámicas de segregación, de consumo insostenible de suelo, urbanización sin ciudad, y estímulo de formas nada sostenibles y nada saludables de movilidad.

Por todo isto, síntomas problemáticos que todos e todas coñecemos nesta Corporación, propoñemos unha moción na que se insta o Concello a crear un observatorio de vivenda para dispoñer de datos de calidade, tanto da cidade como da Área Metropolitana, que permitan articular políticas públicas eficaces, axilizar a creación do banco de vivenda en aluguer —un dos acordos de execución inmediata que asinamos en xuño de 2019, hai xa 9 meses—, a dar conta e acelerar na medida do posible as promocións de vivenda pública previstas en San Nicolás, Panadeiras e Ofimático, e a establecer unha moratoria na implantación de vivendas de uso turístico mentres se abordan as reformas normativas e fiscais necesarias para aliviar as zonas tensionadas e regular un marco sostible para este sector.

Por todo esto, síntomas problemáticos que todos y todas conocemos en esta Corporación, proponemos una moción en la que se insta al Ayuntamiento a crear un observatorio de vivienda para disponer de datos de calidad, tanto de la ciudad como del Área Metropolitana, que permitan articular políticas públicas eficaces, agilizar la creación del banco de vivienda en alquiler —uno de los acuerdos de ejecución inmediata que firmamos en junio de 2019, hace ya 9 meses—, a dar cuenta y acelerar en la medida de lo posible las promociones de vivienda pública previstas en San Nicolás, Panaderas y Ofimático, y a establecer una moratoria en la implantación de viviendas de uso turístico mientras se abordan las reformas normativas y fiscales necesarias para aliviar las zonas tensionadas y regular un marco sostenible para este sector.

Tamén se insta á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a reformar o marco lexislativo a fin de combater as prácticas especulativas e clarificar de paso as

También se insta a la Xunta de Galicia y al Gobierno del Estado a reformar el marco legislativo a fin de combatir las prácticas especulativas y clarificar de

competencias de cada administración en materia de vivenda, a incrementar os fondos destinados a rehabilitación e promoción de vivenda pública, a regular a noción de vivenda ou concepto da denominación de vivenda baleira para que se poida, entre outras cosas, aplicar o recargo introducido para tal efecto no IBI durante o pasado mandato neste Concello e por último a intervir e regular o mercado do alugueiro para combater os prezos abusivos.

Nada máis, moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Por Ciudadanos, señora Martínez, ten a palabra.

Señora Martínez Lema

Ben, é certo que temos un problema serio de vivenda, a chamada lei da oferta e a demanda non garda un equilibrio que facilite o acceso a todos os cidadáns. Hai puntos nesta moción cos que estamos de acordo, pero non en todos.

Cando a demanda aumenta e a oferta non, os prezos crecen, por tanto, o mellor é aumentar a oferta. No punto 2 propoñen penalizar os propietarios de vivenda baleira incrementando o IBI, de verdade cren que afogar en impostos os propietarios soluciona o problema? Pero é que, ademais, despois, no punto 3, queren que interveña o Estado regulando os prezos, cando se sabe que non funciona, que regular o mercado á baixa desmotiva os propietarios para sacar as vivendas ao mercado, que prexudica no canto de favorecer. A intervención do Estado produciría unha baixada da oferta de pisos porque por unha banda os propietarios non os poñerían no

paso las competencias de cada administración en materia de vivienda, a incrementar los fondos destinados a rehabilitación y promoción de vivienda pública, a regular la noción de vivienda o concepto de la denominación de vivienda vacía para que se pueda, entre otras cosas, aplicar el recargo introducido a tal efecto en el IBI durante el pasado mandato en este Ayuntamiento y por último a intervenir y regular el mercado del alquiler para combatir los precios abusivos.

Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Por Ciudadanos, señora Martínez, tiene la palabra.

Señora Martínez Lema

Bien, es cierto que tenemos un problema serio de vivienda, la llamada ley de la oferta y la demanda no guarda un equilibrio que facilite el acceso a todos los ciudadanos. Hay puntos en esta moción con los que estamos de acuerdo, pero no en todos.

Cuando la demanda aumenta y la oferta no, los precios crecen, por tanto, lo mejor es aumentar la oferta. En el punto 2 proponen penalizar a los propietarios de vivienda vacía incrementando el IBI, ¿de verdad creen que ahogar en impuestos a los propietarios soluciona el problema? Pero es que, además, después, en el punto 3, quieren que intervenga el Estado regulando los precios, cuando se sabe que no funciona, que regular el mercado a la baja desmotiva a los propietarios a sacar las viviendas al mercado, que perjudica en vez de favorecer. La intervención del Estado produciría una bajada de la oferta de pisos porque por un lado los

mercado e doutra banda un prezo máis baixo aumenta o número de demandantes e un exceso de demandantes crearía máis desigualdade porque estariamos a abrir a porta á pillería: cóbroche de aluguer 300, que é o que marca o Estado, pero dásme outros 200 en B e se ti non o queres, pois hai 100 esperando. Porque falan de regular, pero como? Por metros cadrados, por localización, por ano de construción…? Nós cremos que o mellor para baixar os prezos, o mellor é aumentar a oferta, fomentar a construción de forma sostible e ordenada, ben desde o sector público, desde o privado ou privado con axudas. E para que aquelas vivendas que non están en aluguer saian ao mercado, non hai que penalizar, senón todo o contrario, ofrecer vantaxes fiscais, non gravalas. A economía non funciona afogando con impostos a actividade económica nin cun exceso de regulacións e normas porque iso crea desemprego e o desemprego crea subsidios, e se a economía non funciona non hai diñeiro para pagar os subsidios.

propietarios no los pondrían en el mercado y por otro lado un precio más bajo aumenta el número de demandantes y un exceso de demandantes crearía más desigualdad porque estaríamos abriendo la puerta a la pillería: te cobro de alquiler 300, que es lo que marca el Estado, pero me das otros 200 en B y si tú no lo quieres, pues hay 100 esperando. Porque hablan de regular, pero ¿cómo? ¿Por metros cuadrados, por ubicación, por año de construcción…? Nosotros creemos que lo mejor para bajar los precios, lo mejor es aumentar la oferta, fomentar la construcción de forma sostenible y ordenada, bien desde el sector público, desde el privado o privado con ayudas. Y para que aquellas viviendas que no están en alquiler salgan al mercado, no hay que penalizar, sino todo lo contrario, ofrecer ventajas fiscales, no gravarlas. La economía no funciona ahogando con impuestos la actividad económica ni con un exceso de regulaciones y normas porque eso crea desempleo y el desempleo crea subsidios, y si la economía no funciona no hay dinero para pagar los subsidios.

No resto de puntos apoiaremos todas aquelas medidas que contribúan a facilitar o acceso á vivenda. Si nos parece moi interesante o punto 1, onde propoñen obter datos obxectivos sobre a situación da vivenda, tamén na Área Metropolitana, porque moita xente que busca vivenda de aluguer na nosa cidade é porque traballa aquí, e busca residir o máis preto posible do seu posto de traballo polas poucas facilidades de mobilidade que hai na Área Metropolitana. Quizais para levar a bo porto esta proposta sería bo contar coa participación do Consorcio das Mariñas.

En el resto de puntos apoyaremos todas aquellas medidas que contribuyan a facilitar el acceso a la vivienda. Sí nos parece muy interesante el punto 1, donde proponen obtener datos objetivos sobre la situación de la vivienda, también en el Área Metropolitana, porque mucha gente que busca vivienda de alquiler en nuestra ciudad es porque trabaja aquí, y busca residir lo más cerca posible de su puesto de trabajo por las pocas facilidades de movilidad que hay en el Área Metropolitana. Quizás para llevar a buen puerto esta propuesta sería bueno contar con la participación del Consorcio de las Mariñas.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Martínez.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Si, desde o Bloque Nacionalista Galego en primeiro lugar quixeramos sinalar que imos votar a favor desta moción, como tamén o fixemos no pasado mandato, que a inicios de aquel mandato presentamos unha primeira moción —tamén sobre o dereito á vivenda— na que instábamos o Goberno municipal a constituír unha comisión contra os desafiuzamentos que estivese conformada co tecido social que loita contra os desafiuzamentos, e que estivese conformada por técnicos municipais e a verdade é que esa moción, malia aprobarse en Pleno, non frutificou.

Tamén se aprobou máis adiante outra moción, tamén sobre o dereito á vivenda, que realmente, os seus froitos, tampouco deu. En todo caso, estamos nun novo período, as mocións acumúlanse e o problema do dereito á vivenda ou do non acceso ao dereito á vivenda permanece e agudízase na nosa cidade. Dicía na intervención da Agra, que a cidade ten un problema de vivenda, dicíao tamén na moción a respecto dos baixos comerciais. Hai un problema de exceso de vivenda baleira e hai un problema cos prezos do aluguer moi importante, que está deixando a moita xente atrás. Estamos falando de que se están pedindo 700 euros por pisos na nosa cidade cando as rendas e os recursos das coruñesas e dos coruñeses non chegan para pagar esas rendas en moitas ocasións. Hai a recomendación de que a vivenda non debe de absorber máis do 30 % dos nosos recursos. Se un salario así bastante bo, diría, para as maiorías sociais na nosa cidade, falemos do sector servizos —

Muchas gracias, señora Martínez.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Sí, desde el Bloque Nacionalista Galego en primer lugar quisiéramos señalar que vamos a votar a favor de esta moción, como también lo hicimos en el pasado mandato, que a inicios de aquel mandato presentamos una primera moción —también sobre el derecho a la vivienda— en la que instábamos al Gobierno municipal a constituir una comisión contra los desahucios que estuviera conformada con el tejido social que lucha contra los desahucios, y que estuviera conformada por técnicos municipales y la verdad es que esa moción, a pesar de aprobarse en Pleno, no fructificó.

También se aprobó más adelante otra moción, también sobre el derecho a la vivienda, que realmente, sus frutos, tampoco dio. En todo caso, estamos en un nuevo período, las mociones se acumulan y el problema del derecho a la vivienda o del no acceso al derecho a la vivienda permanece y se agudiza en nuestra ciudad. Decía en la intervención del Agra, que la ciudad tiene un problema de vivienda, lo decía también en la moción respecto a los bajos comerciales. Hay un problema de exceso de vivienda vacía y hay un problema con los precios del alquiler muy importante, que está dejando a mucha gente atrás. Estamos hablando de que se están pidiendo 700 euros por pisos en nuestra ciudad cuando las rentas y los recursos de las coruñesas y de los coruñeses no llegan para pagar esas rentas en muchas ocasiones. Hay la recomendación de que la vivienda no debe de absorber más del 30 % de nuestros recursos. Si un salario así bastante bueno, diría, para las mayorías

falemos do sector das telecomunicacións e do sector da teleoperación, etc., etc., que é onde se concentra máis número de coruñesas e de coruñeses traballando— vemos que, con eses salarios, eses alugueres non é posible financialos. Estamos diante dun problema importantísimo de vivenda que afecta ás maiorías sociais. A cuestión do aluguer é unha delas, pero tamén a nós preocúpanos os prezos que están alcanzando a vivenda nova nunha sociedade que é absolutamente escandaloso. Estamos falando de pisos de 400.000 euros que non se pagan nin en dúas vidas. Hai un problema de vivenda absolutamente real. A administración pública ten que intervir, o Concello pode intervir e nós levamos demandando xa durante moitos anos —incluído o pasado mandato— que se cree unha bolsa de vivenda pública. E por suposto a Xunta de Galiza ten moito que dicir nisto e a verdade que a década, estes 11 anos de goberno do señor Feijóo son 11 anos en branco en materia de vivenda pública na nosa cidade e por suposto que queremos rematar con esta década absolutamente desastrosa para a nosa cidade, sobre todo e nomeadamente no dereito á vivenda.

sociales en nuestra ciudad, hablemos del sector servicios —hablemos del sector de las telecomunicaciones y del sector de la teleoperación, etc., etc., que es donde se concentra más número de coruñesas y de coruñeses trabajando— vemos que, con esos salarios, esos alquileres no es posible financiarlos. Estamos delante de un problema importantísimo de vivienda que afecta a las mayorías sociales. La cuestión del alquiler es una de ellas, pero también a nosotros nos preocupan los precios que están alcanzando la vivienda nueva en una sociedad que es absolutamente escandaloso. Estamos hablando de pisos de 400.000 euros que no se pagan ni en dos vidas. Hay un problema de vivienda absolutamente real. La administración pública tiene que intervenir, el Ayuntamiento puede intervenir y nosotros llevamos demandando ya durante muchos años —incluido el pasado mandato— que se cree una bolsa de vivienda pública. Y por supuesto la Xunta de Galicia tiene mucho que decir en esto y la verdad que la década, estos 11 años de gobierno del señor Feijóo son 11 años en blanco en materia de vivienda pública en nuestra ciudad y por supuesto que queremos finalizar con esta década absolutamente desastrosa para nuestra ciudad, sobre todo y especialmente en el derecho a la vivienda.

Nada máis.

Nada más.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Polo Partido Popular, señor Deus.

Por el Partido Popular, señor Deus.

Señor Deus Álvarez

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Non debería sorprendernos que Marea presente unha moción sobre vivenda,

No debería sorprendernos que Marea presente una moción sobre vivienda, pero

pero en realidade sorpréndenos e séguenos sorprendendo, e moito. Porque unha cousa é predicar e outra dar trigo.

en realidad nos sorprende y nos sigue sorprendiendo, y mucho. Porque una cosa es predicar y otra dar trigo.

Exponnos esta moción cando a realidade é que cando gobernaron e tiveron oportunidade de facer algo neste campo atopámonos cun balance desolador, e paso a enumeralo:

Nos plantean esta moción cuando la realidad es que cuando gobernaron y tuvieron oportunidad de hacer algo en este campo nos encontramos con un balance desolador, y paso a enumerarlo:

Realoxos. A Marea só conseguiu realoxar a 20 familias chabolistas en 4 anos, a pesar de contratar a 9 persoas cun custo de 1 millón de euros en soldos e gastarse máis de 140.000 euros en convenios para privatizar o servizo. Nos 4 anos que gobernou o Partido Popular realoxáronse, traballando cos funcionarios do Concello*, a 31 familias.*

Realojos. La Marea sólo consiguió realojar a 20 familias chabolistas en 4 años, a pesar de haber contratado a 9 personas con un coste de 1 millón de euros en sueldos y haberse gastado más de 140.000 euros en convenios para privatizar el servicio. En los 4 años que gobernó el Partido Popular se realojaron, trabajando con los funcionarios del *Ayuntamiento*, a 31 familias.

Alugueres sociais. Marea asinou en 4 anos 14 contratos de aluguer de vivenda municipal, fronte aos 84 asinados polo Goberno do Partido Popular.

Alquileres sociales. Marea firmó en 4 años 14 contratos de alquiler de vivienda municipal, frente a los 84 firmados por el Gobierno del Partido Popular.

Construción e adquisición de vivendas. Marea prometera construír dous edificios, un bioclimático no Ofimático e outro en Marqués de Pontejos. Con máis de 100 vivendas sociais municipais. Non fixo ningún.

Construcción y adquisición de viviendas. Marea había prometido construir dos edificios, uno bioclimático en el Ofimático y otro en Marqués de Pontejos. Con más de 100 viviendas sociales municipales. No hizo ninguno.

A isto hai que engadir o fracaso do plan de adquisición de vivendas: 5 das 6 compras tiveron que ser anuladas por incumprir as bases do concurso, querendo situar a persoas en pisos que non reunían as condicións de habitabilidade e sen ascensor.

A esto hay que añadir el fracaso del plan de adquisición de viviendas: 5 de las 6 compras han tenido que ser anuladas por incumplir las bases del concurso, queriendo ubicar a personas en pisos que no reunían las condiciones de habitabilidad y sin ascensor.

Ofimático. Tardaron 3 anos en acabar unha parte das obras de urbanización que xa case estaban acabadas cando chegaron a María Pita. O tema endereitouse porque o desbloqueou a Xunta para buscar unha solución os cooperativistas, porque a Marea

Ofimático. Tardaron 3 años en acabar una parte de las obras de urbanización que ya casi estaban acabadas cuando llegaron a María Pita. El tema se enderezó porque lo desbloqueó la Xunta para buscar una solución a los cooperativistas, porque la Marea incumplió todos los plazos a los

incumpriu todos os prazos aos que se comprometeu.

que se comprometió.

Mínimos históricos en nova vivenda. Co PP na Coruña cidade construíronse 749 vivendas novas e con Marea menos de 100. Que pasou con este bloqueo á construción de vivendas? Que o aluguer subiu un 32 % con Marea na nosa cidade, dificultando comprar e alugar.

Mínimos históricos en nueva vivienda. Con el PP en A Coruña ciudad se construyeron 749 viviendas nuevas y con Marea menos de 100. ¿Qué pasó con este bloqueo a la construcción de viviendas? Que el alquiler subió un 32 % con Marea en nuestra ciudad, dificultando comprar y alquilar.

Que fixo a Xunta en vivenda á que vostedes apelan para tapar o seu fracaso? Tome nota, señora Veira:

¿Qué ha hecho la Xunta en vivienda a la que ustedes apelan para tapar su fracaso? Tome nota, señora Veira:

Ofimático. A Xunta é a única administración que está a construír vivendas sociais na cidade. 40 no Ofimático por importe de 6 millóns de euros. Por certo, a Marea bloqueou a licenza durante máis dun ano.

Ofimático. La Xunta es la única administración que está construyendo viviendas sociales en la ciudad. 40 en el Ofimático por importe de 6 millones de euros. Por cierto, la Marea bloqueó la licencia durante más de un año.

Parque de vivendas. A Xunta ten un parque en Galicia de máis de 3.100 vivendas para aluguer social e investiu 3 millóns de superávit de 2018 para vivenda.

Parque de viviendas. La Xunta tiene un parque en Galicia de más de 3.100 viviendas para alquiler social e invirtió 3 millones de superávit de 2018 para vivienda.

Bono de aluguer social. Posto en marcha pola Xunta para axudar a pagar o aluguer ás familias con problemas económicos.

Bono de alquiler social. Puesto en marcha por la Xunta para ayudar a pagar el alquiler a las familias con problemas económicos.

Baixada de impostos. En Galicia baixáronse os impostos para comprar unha vivenda usada para residencia habitual. En Galicia tamén se duplicaron as axudas para acceso á vivenda, especialmente para as familias con máis dificultades. Máis de 15 millóns e medio de euros en 2019. E todas as axudas á rehabilitación que a Xunta está a facer en múltiples plans en todas as cidades de Galicia.

Bajada de impuestos. En Galicia se bajaron los impuestos para comprar una vivienda usada para residencia habitual. En Galicia también se duplicaron las ayudas para acceso a la vivienda, especialmente para las familias con más dificultades. Más de 15 millones y medio de euros en 2019. Y todas las ayudas a la rehabilitación que la Xunta está haciendo en múltiples planes en todas las ciudades de Galicia.

É dicir, eu creo que ante este panorama e ante quen presenta esta moción e durante os seus catro anos de Goberno

Es decir, yo creo que ante este panorama y ante quienes presentan esta moción y durante sus cuatro años de Gobierno no

non fixeron nada para mellorar as políticas de vivenda, quizais, o seu modelo sexa, de vivenda digna, sexa o que os seus líderes fan, que é comprar casoplones en Galapagar.

Como seguen vostedes instalados na demagoxia, o noso voto a esta moción será en contra.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Polo Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Grazas, señora alcaldesa.

O dereito á vivenda, efectivamente, é outro dos piares máis esenciais do noso estado de benestar e nese sentido teño que dicirlle, señor Deus, que despois de relatar pola mañá un primeiro fracaso dos Gobernos Feijóo en materia de atención primaria, eu creo que este é o segundo dos grandes fracasos, non só na Coruña senón en toda Galicia, dos Gobernos Feijóo: a política inexistente de vivenda pública, inexistente. Porque non se pode estar falando sistematicamente das 40 vivendas do Ofimático, 40 vivendas para unha cidade como A Coruña e a súa contorna metropolitana, como gran política de promoción de vivenda.

Estamos, efectivamente, ante un problema dos principais que lles preocupa á xente. Dunha forma moi específica é unha problemática que aos menores de 35 anos lles afecta de forma importantísima por moitísimas razóns. É unha problemática municipal, pero é unha problemática supramunicipal, autonómica e estatal. Quero dicir que as políticas municipais poden aportar

hicieron nada para mejorar las políticas de vivienda, quizás, su modelo sea, de vivienda digna, sea lo que sus líderes hacen, que es comprar casoplones en Galapagar.

Como siguen ustedes instalados en la demagogia, nuestro voto a esta moción será en contra.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Por el Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.

Señor Díaz Villoslada

Gracias, señora alcaldesa.

El derecho a la vivienda, efectivamente, es otro de los pilares más esenciales de nuestro estado de bienestar y en ese sentido tengo que decirle, señor Deus, que después de relatar por la mañana un primer fracaso de los Gobiernos Feijóo en materia de atención primaria, yo creo que este es el segundo de los grandes fracasos, no solo en A Coruña sino en toda Galicia, de los Gobiernos Feijóo: la política inexistente de vivienda pública, inexistente. Porque no se puede estar hablando sistemáticamente de las 40 viviendas del Ofimático, 40 viviendas para una ciudad como A Coruña y su entorno metropolitano, como gran política de promoción de vivienda.

Estamos, efectivamente, ante un problema de los principales que preocupa a la gente. De una forma muy específica es una problemática que a los menores de 35 años les afecta de forma importantísima por muchísimas razones. Es una problemática municipal, pero es una problemática supramunicipal, autonómica y estatal. Quiero decir que las políticas municipales pueden aportar

solucións: as políticas urbanísticas, a política de rehabilitación, as políticas de promoción pública; pero nunca van ser suficientes porque, de feito, durante todos estes anos as solucións de vivenda na cidade central estaban sendo resoltas dunha forma complicada para a mobilidade metropolitana polos concellos da contorna metropolitana.

soluciones: las políticas urbanísticas, la política de rehabilitación, las políticas de promoción pública; pero nunca van a ser suficientes porque, de hecho, durante todos estos años las soluciones de vivienda en la ciudad central estaban siendo resueltas de una forma complicada para la movilidad metropolitana por los ayuntamientos del entorno metropolitano.

Fálase moito de mobilizar, de utilizar a vivenda baleira como escusa —non sei se como escusa ou argumento— para non desenvolver novos desenvolvementos ou impulsar políticas de rehabilitación, pero é certo que a vivenda baleira é dificilísima de mobilizar, a vivenda baleira de por si non está no mercado, as gravames sobre IBI poden ser unha pequena panca, pero non van ser solución. A vivenda baleira non se pode ocupar con k e paralizar a promoción de vivenda non é a solución, porque o que está claro e todos os expertos o aconsellan, o que hai é que intervir o mercado da vivenda. Intervir o mercado da vivenda levando adiante as necesarias licenzas ben de obra nova, dunha forma importante de rehabilitación e tratando de desenvolver os polígonos que están na cidade máis compactada. Hai datos que nos din que nos rexistros de VPO autonómicos na Coruña temos en torno a 2.200 inscritos. Hai datos que nos indican que hai demanda, polo menos parece que hai un 10 % de demanda interna e, polo tanto, se hai demanda hai que establecer oferta e o que é certo é que hai que intervir no mercado cunha oferta de promoción pública, social e sobre todo de alugueiro.

Se habla mucho de movilizar, de utilizar la vivienda vacía como excusa —no sé si como excusa o argumento— para no desarrollar nuevos desarrollos o impulsar políticas de rehabilitación, pero es cierto que la vivienda vacía es dificilísima de movilizar, la vivienda vacía de por sí no está en el mercado, los gravámenes sobre IBI pueden ser una pequeña palanca, pero no van a ser solución. La vivienda vacía no se puede ocupar con k y paralizar la promoción de vivienda no es la solución, porque lo que está claro y todos los expertos lo aconsejan, lo que hay es que intervenir el mercado de la vivienda. Intervenir el mercado de la vivienda llevando adelante las necesarias licencias bien de obra nueva, de una forma importante de rehabilitación y tratando de desarrollar los polígonos que están en la ciudad más compactada. Hay datos que nos dicen que en los registros de VPO autonómicos en A Coruña tenemos en torno a 2.200 inscritos. Hay datos que nos indican que hay demanda, por lo menos parece que hay un 10 % de demanda interna y, por tanto, si hay demanda hay que establecer oferta y lo que es cierto es que hay que intervenir en el mercado con una oferta de promoción pública, social y sobre todo de alquiler.

Nós apoiamos, imos apoiar esta moción na que se establecen deberes para o Concello, deberes para a Xunta de Galicia, deberes para a Administración do Estado. Nós pola nosa parte, estamos

Nosotros apoyamos, vamos a apoyar esta moción en la que se establecen obligaciones para el Ayuntamiento, obligaciones para la Xunta de Galicia, obligaciones para la Administración del

desenvolvendo diferentes proxectos de promoción pública, o máis importante pode estar tamén no Ofimático, pero non hai que esquecer que o Ofimático de por si ten un compoñente de vivenda de protección oficial de alto impacto, porque ás veces confundimos a palabra Ofimático con outros problemas e tratamos de quitarlle a virtualidade que ten.

Estado. Nosotros, por nuestra parte estamos desarrollando diferentes proyectos de promoción pública, el más importante puede estar también en Ofimático, pero no hay que olvidar que Ofimático de por sí tiene un componente de vivienda de protección oficial de alto impacto, porque a veces confundimos la palabra Ofimático con otros problemas y tratamos de quitarle la virtualidad que tiene.

Pero hai outros desenvolvementos, o parque da Agra desestimado esta mañá levaba un 40 % de protección oficial e outros polígonos que van estar entre o 25 e o 40 % de protección oficial **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e que imos tratar de desenvolver.

*Pero hay otros desarrollos, el parque del Agra desestimado esta mañana llevaba un 40 % de protección oficial y otros polígonos que van a estar entre el 25 y el 40 % de protección oficial **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** y que vamos a tratar de desarrollar.*

E vou rematando, señora alcaldesa, porque neste sentido creo que os datos de investimento en políticas de vivenda en España do 0,11 do PIB respecto do 0,57 de media europea ou de 0,82 en Francia, son alarmantes, por iso saudamos as noticias do novo Ministerio de Transportes e Mobilidade do aumento da oferta de vivenda de alugueiro, especialmente do alugueiro social, e esperemos que as políticas estatais, as políticas municipais e esperamos que as políticas autonómicas contribúan a mellorar unha situación que é certo que é crítica como é a vivenda, sobre todo para moitos segmentos de poboación **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, pero insistiría nos menores de 35 anos dunha forma especial.

*Y voy finalizando, señora alcaldesa, porque en este sentido creo que los datos de inversión en políticas de vivienda en España del 0,11 del PIB respecto del 0,57 de media europea o de 0,82 en Francia, son alarmantes, por eso saludamos las noticias del nuevo Ministerio de Transportes y Movilidad del aumento de la oferta de vivienda de alquiler, especialmente del alquiler social, y esperemos que las políticas estatales, las políticas municipales y esperamos que las políticas autonómicas contribuyan a mejorar una situación que es cierto que es crítica como es la vivienda, sobre todo para muchos segmentos de población **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**, pero insistiría en los menores de 35 años de una forma especial.*

Gracias.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Villoslada.

Muchas gracias, señor Villoslada.

Procedemos xa á votación desta moción.

Procedemos ya a la votación de esta moción.

Votación da terceira moción presentada polo Grupo Municipal de Marea Atlántica

Votación de la tercera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) sobre o dereito á vivenda, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la tercera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) sobre el derecho a la vivienda, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Abstense o Grupo Mixto Cidadáns-Partido da Cidadanía (Cs) (1 abstención).

Se abstiene el Grupo Mixto Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (Cs) (1 abstención).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, queda aprobada.

Muchas gracias, queda aprobada.

50. Moción sobre o dereito á vivenda

bueno en sí mismo, veámoslo en su conjunto y veamos en definitiva qué medidas podemos tomar para mejorar la fiscalidad del Ayuntamiento. De eso se trataba: de estudiarlo, de hacerlo sin ningún tipo de apriorismo y, por lo tanto, con una vocación constructiva.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias.

Siguiente pregunta.

Ciudadanos, la tercera y última.

A las dieciséis horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gutiérrez Roselló.

Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre las bonificaciones en tasas de deportes

Señora Martínez Lema

La última, si tiene previsto el Gobierno Local ampliar las bonificaciones a los usuarios de las instalaciones deportivas.

Señor Borrego Vázquez

Buenas tardes.

Sí, siempre que sea posible y cuando sea posible.

Señora Martínez Lema

Y yo me pregunto si de verdad les parece normal que en una ciudad como A Coruña, con miles de licencias deportivas, con miles de usuarios de instalaciones deportivas, si les parece normal que esta ciudad no tenga un plan estratégico de Deportes por el que regirse o ese Consejo Municipal tan anunciado y

anunciado e que consideran tan necesario e polo que seguimos esperando 9 meses despois, cando ao seu cargo, como dicía antes, só está a Área de Deportes.

que consideran tan necesario y por el que seguimos esperando 9 meses después, cuando a su cargo, como decía antes, solo está el Área de Deportes.

A min sinceramente non me parece normal que teñamos tan pouca organización nunha área tan importante para esta cidade, non me parece normal que o único documento polo que se rexa esta área sexa unha normativa obsoleta como xa dixen en moitas ocasións do ano 2007. Unha normativa que como xa dixen non pode ser referencia, xa que só unha ordenanza ou regulamento aprobados en Pleno deben rexer os cidadáns. Así é que esa normativa úsase ou non dependendo do interese de cada momento.

A mí sinceramente no me parece normal que tengamos tan poca organización en un área tan importante para esta ciudad, no me parece normal que el único documento por el que se rija esta área sea una normativa obsoleta como ya he dicho en muchas ocasiones del año 2007. Una normativa que como ya he dicho no puede ser referencia, ya que solo una ordenanza o reglamento aprobados en Pleno deben regir a los ciudadanos. Así es que esa normativa se usa o no dependiendo del interés de cada momento.

Non me parece normal tampouco que a única ordenanza que haxa nesta área sexa unha ordenanza fiscal tamén desfasada na que non saibamos se hai bonificacións ou que tipo de bonificacións, nas que non saibamos por que algunhas entidades están exentas de determinados tipos de pagamentos e outras non e nas que non saibamos quen é a persoa responsable que decide a exención ou non das taxas.

No me parece normal tampoco que la única ordenanza que haya en esta área sea una ordenanza fiscal también desfasada en la que no sepamos si hay bonificaciones o qué tipo de bonificaciones, en las que no sepamos por qué algunas entidades están exentas de determinados tipos de pagos y otras no y en las que no sepamos quién es la persona responsable que decide la exención o no de las tasas.

Esta ordenanza está tal cal foi aprobada en decembro de 2013, na que existen moitos tipos de tarifas que non se usan porque non hai demanda, porque non se aplican. Por exemplo: cos usos da pista de atletismo ou o Palacio dos Deportes, que criterios seguen para estar exentos? E insisto: quen decide se se cobran ou non os usos, por exemplo, dos campos de fútbol? Na ordenanza aínda existe unha taxa para o campo de fútbol de herba natural e artificial e de terra, cando isto xa non coincide coa realidade.

Esta ordenanza está tal cual fue aprobada en diciembre de 2013, en la que existen muchos tipos de tarifas que no se usan porque no hay demanda, porque no se aplican. Por ejemplo: con los usos de la pista de atletismo o el Palacio de los Deportes, ¿qué criterios siguen para estar exentos? E insisto: ¿quién decide si se cobran o no los usos, por ejemplo, de los campos de fútbol? En la ordenanza aún existe una tasa para el campo de fútbol de hierba natural y artificial y de tierra, cuando esto ya no coincide con la realidad.

Xa nos dixo varias veces que a súa

Ya nos ha dicho varias veces que su

intención é modificala. Esperemos que quede claro todo isto agora que non o está. E preguntámonos tamén se para a nova ordenanza pensou en facilitar o acceso ao deporte a aquelas familias con menos recursos, en facilitar o acceso ás familias numerosas, ás familias monoparentais ao cargo dun fillo que cando cumpre os 18 anos pasa a pagar cota de adulto a pesar de seguir ao cargo do seu proxenitor. Pensaron en bonificacións ou exencións para as entidades sen ánimo de lucro, que agora mesmo se ven obrigadas a trampear a solicitude cando queren facer unha gala solidaria para non ter que pagar 1.200 euros?

intención es modificarla. Esperemos que quede claro todo esto ahora que no lo está. Y nos preguntamos también si para la nueva ordenanza ha pensado en facilitar el acceso al deporte a aquellas familias con menos recursos, en facilitar el acceso a las familias numerosas, a las familias monoparentales al cargo de un hijo que cuando cumple los 18 años pasa a pagar cuota de adulto a pesar de seguir a cargo de su progenitor. ¿Han pensado en bonificaciones o exenciones para las entidades sin ánimo de lucro, que ahora mismo se ven obligadas a trampear la solicitud cuando quieren hacer una gala solidaria para no tener que pagar 1.200 euros?

Ás dezaseis horas e corenta e un minutos sae do Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

A las dieciséis horas y cuarenta y un minutos sale del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Mesmo podían ir un pouco máis aló como fixo Arteixo, un bo exemplo, cunha bonificación do 100 % do importe da cota tributaria que pagan polo uso das instalacións deportivas públicas as entidades deportivas sen ánimo de lucro que desenvolven actividade deportiva federada e que están incluídas no Rexistro municipal de entidades. É sen dúbida un bo exemplo de como coidar a entidades con pouca capacidade económica e que dependen en gran medida das subvencións percibidas das administracións públicas e que en definitiva **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *organizan e desenvolven programas que benefician especialmente á sociedade ademais de mellorar o programa deportivo local.*

Incluso podían ir un poco más allá como ha hecho Arteixo, un buen ejemplo, con una bonificación del 100 % del importe de la cuota tributaria que pagan por el uso de las instalaciones deportivas públicas las entidades deportivas sin ánimo de lucro que desarrollan actividad deportiva federada y que están incluidas en el Registro municipal de entidades. Es sin duda un buen ejemplo de cómo cuidar a entidades con poca capacidad económica y que dependen en gran medida de las subvenciones percibidas de las administraciones públicas y que en definitiva ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** organizan y desarrollan programas que benefician especialmente a la sociedad además de mejorar el programa deportivo local.

Grazas.

Gracias.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

Señora Martínez, eu lembro unha moción que presentou vostede aquí precisamente

Señora Martínez, yo recuerdo una moción que presentó usted aquí precisamente en

nese ámbito á hora de empezar a regular e actualizar a ordenanza que regula —a número 15— os ámbitos de uso das instalacións deportivas. E podería contestarlle do mesmo xeito que fixo o meu compañeiro, o señor Lage, á pregunta anterior: a porta está aberta a que desde a propia Comisión Informativa de Deportes empecemos a traballar na definición desa ordenanza, porque ademais forma parte da carga fiscal e da carga impositiva deste Concello con respecto aos usos das instalacións deportivas.

ese ámbito a la hora de empezar a regular y actualizar la ordenanza que regula —la número 15— los ámbitos de uso de las instalaciones deportivas. Y podría contestarle del mismo modo que ha hecho mi compañero, el señor Lage, a la pregunta anterior: la puerta está abierta a que desde la propia Comisión Informativa de Deportes empecemos a trabajar en la definición de esa ordenanza, porque además forma parte de la carga fiscal y de la carga impositiva de este Ayuntamiento con respecto a los usos de las instalaciones deportivas.

Hai matizacións que facer: non só en Arteixo está bonificado ao 100 % o uso das instalacións, aquí non hai ningunha entidade sen ánimo de lucro e de carácter deportivo que pague polas instalacións en competición deportiva. Pero non desde agora, desde hai moitísimos anos.

Hay matizaciones que hacer: no sólo en Arteixo está bonificado al 100 % el uso de las instalaciones, aquí no hay ninguna entidad sin ánimo de lucro y de carácter deportivo que pague por las instalaciones en competición deportiva. Pero no desde ahora, desde hace muchísimos años.

Con respecto a que a ordenanza está totalmente desfasada, por suposto que si, porque é a que nós nos atopamos ao chegar ao Goberno Municipal e é a que expomos modificar no ámbito de establecer unha actualización ao século XXI e ademais ás necesidades e ás novas carencias que xorden de determinados novos deportes, a falta de infraestruturas que se poden axustar cunha nova ordenanza non soamente fiscal, senón tamén de usos.

Con respecto a que la ordenanza está totalmente desfasada, por supuesto que sí, porque es la que nosotros nos encontramos al llegar al Gobierno municipal y es la que planteamos modificar en el ámbito de establecer una actualización al siglo XXI y además a las necesidades y a las nuevas carencias que surgen de determinados nuevos deportes, la falta de infraestructuras que se pueden acoplar con una nueva ordenanza no solamente fiscal, sino también de usos.

Entón, evidentemente, nesa nova ordenanza teranse en conta todo tipo de parámetros que beneficien a práctica deportiva máis social e máis pública que poidamos chegar desde este Concello, por suposto, beneficiando ás entidades sen ánimo de lucro de carácter deportivo que cumpran os requisitos para poder usar as instalacións.

Entonces, evidentemente, en esa nueva ordenanza se tendrán en cuenta todo tipo de parámetros que beneficien la práctica deportiva más social y más pública que podamos llegar desde este Ayuntamiento, por supuesto, beneficiando a las entidades sin ánimo de lucro de carácter deportivo que cumplan los requisitos para poder usar las instalaciones.

Ás dezaseis horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións o

A las dieciséis horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el

señor Fernández Prado.

Aí mesmo emprázoos a todos a que nos poñamos a traballar. Nós xa o estamos facendo nunha previsión das melloras e das actualizacións desa ordenanza e aberto a que, como dicía o señor Lage, de marzo a setembro tamén nos poñamos con iso.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Presidencia

Quenda para o Bloque Nacionalista Galego.

Primeira pregunta, señora Veira.

Primeira. Pregunta de resposta oral sobre o antigo cárcere provincial.

Señora Veira González

Solicitoulle o Goberno local á Xunta de Galicia a declaración do antigo cárcere provincial como ben de interese cultural?

Señor Celemín Santos

Grazas, señora alcaldesa.

Pois a resposta é que non.

Señora Veira González

Ben, pois no Pleno de outubro do ano pasado, a maioría do Pleno da Corporación municipal aprobou unha

señor Fernández Prado.

Ahí mismo les emplazo a todos a que nos pongamos a trabajar. Nosotros ya lo estamos haciendo en una previsión de las mejoras y de las actualizaciones de esa ordenanza y abierto a que, como decía el señor Lage, de marzo a septiembre también nos pongamos con ello.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Presidencia

Turno para el Bloque Nacionalista Galego.

Primera pregunta, señora Veira.

Primera. Pregunta de respuesta oral sobre la antigua cárcel provincial.

Señora Veira González

¿Le solicitó el Gobierno local a la Xunta de Galicia la declaración de la antigua cárcel provincial como bien de interés cultural?

Señor Celemín Santos

Gracias, señora alcaldesa.

Pues la respuesta es que no.

Señora Veira González

Bien, pues en el Pleno de octubre del año pasado, la mayoría del Pleno de la Corporación municipal aprobó una

moción a iniciativa deste Grupo Municipal en que se acordaba, cito textualmente: que o Concello da Coruña lle solicite á Xunta de Galiza a declaración do antigo cárcere provincial como ben de interese cultural. Por certo, unha moción á que votou a favor o Grupo Municipal Socialista.

moción a iniciativa de este Grupo Municipal en que se acordaba, cito textualmente: que el Ayuntamiento de A Coruña le solicite a la Xunta de Galicia la declaración de la antigua cárcel provincial como bien de interés cultural. Por cierto, una moción a la que votó a favor el Grupo Municipal Socialista.

Sorpréndeme, cando menos, a súa negativa tan rotunda. Espero que haxa unha explicación porque o certo é que o edificio do cárcere está próximo a cumprir os 100 anos, mais o abandono por parte da Administración estatal desde 1999 pon en risco que un dos poucos exemplares en pé da arquitectura penitenciaria panóptica e poida cumprir o seu século de vida. O certo é que este inmóbel singular que abrangue no seu interior tanta memoria colectiva, tanta historia, non pode seguir no estado de abandono e de deterioro actual. Cómpre actuar de contado.

Me sorprende, cuando menos, su negativa tan rotunda. Espero que haya una explicación porque lo cierto es que el edificio de la cárcel está próximo a cumplir los 100 años, pero el abandono por parte de la Administración estatal desde 1999 pone en riesgo que uno de los pocos ejemplares en pie de la arquitectura penitenciaria panóptica y pueda cumplir su siglo de vida. Lo cierto es que este inmueble singular que abarca en su interior tanta memoria colectiva, tanta historia, no puede seguir en el estado de abandono y de deterioro actual. Hace falta actuar de inmediato.

Unha das posibilidades que o Concello da Coruña ten para atallar esa situación é a de declarar, a de solicitarlle á Xunta de Galiza, a declaración de ben de interese cultural. Desde o BNG reiterámonos nesta proposta porque consideramos que o antigo cárcere provincial reúne valores arquitectónicos e históricos que xustifican a súa inclusión no rexistro de bens de interese cultural, pero é que ademais esta catalogación obrigaría o Estado —actual propietario do cárcere— a cumprir coa conservación do edificio e abrir o espazo ás visitas ao público, como sinala a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia.

Una de las posibilidades que el Ayuntamiento de A Coruña tiene para atajar esa situación es la de declarar, la de solicitarle a la Xunta de Galicia, la declaración de bien de interés cultural. Desde el BNG nos reiteramos en esta propuesta porque consideramos que la antigua cárcel provincial reúne valores arquitectónicos e históricos que justifican su inclusión en el registro de bienes de interés cultural, pero es que además esta catalogación obligaría al Estado —actual propietario de la cárcel— a cumplir con la conservación del edificio y abrir el espacio a las visitas al público, como señala la Ley 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia.

O certo é que recentemente, segundo informaron os medios, a alcaldesa advertiu do risco do edificio e do custo da súa rehabilitación, que sería moi cara e o Concello non podería facer fronte.

Lo cierto es que recientemente, según informaron los medios, la alcaldesa advirtió del riesgo del edificio y del coste de su rehabilitación, que sería muy cara y el Ayuntamiento no podría hacer frente.

Sinalaba tamén a alcaldesa que antes de desenvolver ningún proxecto no antigo cárcere habería que acometer un investimento importantísimo, e que é un edificio que precisamente se está pechado é polo mal estado en que se atopa.

Señalaba también la alcaldesa que antes de desarrollar ningún proyecto en la antigua cárcel habría que acometer una inversión importantísima, y que es un edificio que precisamente si está cerrado es por el mal estado en que se encuentra.

E quixera matizar isto: o cárcere está pechado porque o alcalde que vostedes moitas veces defenden —e que vai presentar a Feijóo a Madrid— asinou un convenio deses que lle prestaba moito asinar que é absolutamente lesivo para os intereses do Concello da Coruña e que fai que siga en mans do Estado e que aínda non se revertesen os terreos o Concello, tal e como se estableceu no acordo de cesión asinado nos anos 20 do século pasado.

Y quisiera matizar esto: la cárcel está cerrada porque el alcalde que ustedes muchas veces defienden —y que va a presentar a Feijóo a Madrid— firmó un convenio de esos que le sentaba muy bien firmar que es absolutamente lesivo para los intereses del Ayuntamiento de A Coruña y que hace que siga en manos del Estado y que aún no se revirtieran los terrenos al Ayuntamiento, tal y como se estableció en el acuerdo de cesión firmado en los años 20 del siglo pasado.

Dicía tamén, señora alcaldesa, nesas declaracións públicas que a utilización do antigo cárcere por parte do Concello **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** non só vai estar condicionado pola resolución que adopten os tribunais sobre se se debe compensar o Estado pola súa recuperación, e é precisamente polo estado en que está de urxencia no que nós insistimos sempre en que lle hai que esixir o Estado que o mantivese. Había que esixirlle antes e haillo que esixir agora, porque se trata dun ben catalogado polo PXOM e están obrigados a conservalo. Pero ademais hai a necesidade de abrilo á cidadanía, e por iso o BIC é a solución.

*Decía también, señora alcaldesa, en esas declaraciones públicas que la utilización de la antigua cárcel por parte del Ayuntamiento **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** no solo va a estar condicionado por la resolución que adopten los tribunales sobre si se debe compensar al Estado por su recuperación, y es precisamente por el estado en que está de urgencia en el que nosotros insistimos siempre en que hay que exigirle al Estado que lo mantuviera. Había que exigirle antes y hay que exigírselo ahora, porque se trata de un bien catalogado por el PGOM y están obligados a conservarlo. Pero además hay la necesidad de abrirlo a la ciudadanía, y por eso el BIC es la solución.*

Nada máis.

Nada más.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Muchas gracias, señora Veira.

Señor Celemín.

Señor Celemín.

Señor Celemín Santos

Si, non lle quito para nada valor ás súas palabras e moito menos ao valor que ten o cárcere, pero hai unha cuestión que está a pesar, que está a pesar moito que é a resolución xudicial para que se poida intervir convenientemente.

Quero dicir que este Goberno local ata que non se resolva —que non creo que tarde moito— esta cuestión xudicial pois empezará a tomar as medidas oportunas para ver que se fai co cárcere.

Presidencia

Moitas grazas.

Segunda pregunta do BNG.

Segunda. Pregunta de resposta oral sobre a poxa polo Ministerio de Defensa dunha parcela na rúa Adelaida Muro

Señor Jorquera Caselas

Grazas.

Despois da noticia de que Defensa xa vendeu dous soares no Campo da Estrada, estes días coñecemos a noticia de que tamén volverá a taxar o soar de Adelaida Muro para proceder a unha nova poxa.

Por iso preguntamos que actuacións levou a cabo o Goberno municipal para dar cumprimento á moción aprobada polo Pleno da Corporación da Coruña o 14 de xaneiro de 2019 respecto da poxa polo Ministerio de Defensa dunha parcela na rúa Adelaida Muro.

Señor Díaz Villoslada

Señor Celemín Santos

Sí, no le quito para nada valor a sus palabras y mucho menos al valor que tiene la cárcel, pero hay una cuestión que está pesando, que está pesando mucho que es la resolución judicial para que se pueda intervenir convenientemente.

Quiero decir que este Gobierno local hasta que no se resuelva —que no creo que tarde mucho— esta cuestión judicial pues empezará a tomar las medidas oportunas para ver qué se hace con la cárcel.

Presidencia

Muchas gracias.

Segunda pregunta del BNG.

Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre la subasta por el Ministerio de Defensa de una parcela en la calle Adelaida Muro

Señor Jorquera Caselas

Gracias.

Después de la noticia de que Defensa ya vendió dos solares en el Campo da Estrada, estos días conocemos la noticia de que también volverá a tasar el solar de Adelaida Muro para proceder a una nueva subasta.

Por eso preguntamos qué actuaciones llevó a cabo el Gobierno municipal para dar cumplimiento a la moción aprobada por el Pleno de la Corporación de A Coruña el 14 de enero de 2019 respecto de la subasta por el Ministerio de Defensa de una parcela en la calle Adelaida Muro.

Señor Díaz Villoslada

Si, señor Jorquera, aquela moción do 14 de xaneiro de 2019 mandaba o Goberno municipal anterior. Non sei que resposta tería en esta cuestión, pero nós podemos asumir aquela moción e coméntolle que hai uns días —ou algún tempo máis, fará un mes— que presentamos un *informe* o Ministerio de Defensa onde poñiamos encima da mesa entre outros temas tamén a reclamación desta parcela en Adelaida Muro.

Sí, señor Jorquera, aquella moción del 14 de enero de 2019 mandaba el Gobierno municipal anterior. No sé qué respuesta tendría en esta cuestión, pero nosotros podemos asumir aquella moción y le comento que hace unos días —o algún tiempo más, hará un mes— que presentamos un informe al Ministerio de Defensa donde poníamos encima de la mesa entre otros temas también la reclamación de esta parcela en Adelaida Muro.

Grazas.

Gracias.

Señor Jorquera Caselas

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señor Villoslada.

Gracias, señor Villoslada.

O Ministerio de Defensa xa se lucrou abondo coa nosa cidade. Grazas ao convenio asinado en 1984 ingresou case 8.000 millóns das antigas pesetas. Por iso, naquela moción se instaba o Goberno municipal, entre outras cousas, a que as negociacións co Ministerio de Defensa sobre as parcelas do Campo da Estrada, Adelaida Muro, vello Parque de automóbiles ou outras estean baseadas na devolución gratuíta das mesmas ao patrimonio municipal para uso público; esixir o Ministerio de Defensa a suspensión indefinida da poxa da parcela número 24 da rúa Adelaida Muro e a cambiar a cualificación desa parcela para que pase a dotacional e impedir así a súa venda para a construción de vivendas.

El Ministerio de Defensa ya se lucró bastante con nuestra ciudad. Gracias al convenio firmado en 1984 ingresó casi 8.000 millones de las antiguas pesetas. Por eso, en aquella moción se instaba al Gobierno municipal, entre otras cosas, a que las negociaciones con el Ministerio de Defensa sobre las parcelas del Campo da Estrada, Adelaida Muro, viejo Parque de automóviles u otras estén basadas en la devolución gratuita de las mismas al patrimonio municipal para uso público; exigir al Ministerio de Defensa la suspensión indefinida de la subasta de la parcela número 24 de la calle Adelaida Muro y a cambiar la calificación de esa parcela para que pase a dotacional e impedir así su venta para la construcción de viviendas.

Porque hoxe, señor Villoslada, preguntamos polo soar de Adelaida Muro, pero poderiamos preguntar polos moitos edificios e terreos en desuso ou infrautilizados dos que é titular o Ministerio de Defensa e que se nega a ceder a esta cidade.

Porque hoy, señor Villoslada, preguntamos por el solar de Adelaida Muro, pero podríamos preguntar por los muchos edificios y terrenos en desuso o infrautilizados de los que es titular el Ministerio de Defensa y que se niega a ceder a esta ciudad.

Como tivemos ocasión de debater

Como tuvimos ocasión de debatir

antonte nun acto organizado por unha asociación cívica da cidade, non é unha cuestión nin xurídica nin administrativa, é unha cuestión de vontade política. Somos moi críticos co réxime xurídico especial do que goza o patrimonio inmobiliario desafectado do Ministerio de Defensa. É unha reminiscencia doutra época na que se pretendía acometer a modernización das forzas armadas obtendo réditos coa venda do seu patrimonio, razón pola que xa presentamos unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados instando á súa modificación. Pero ademais hai outras vías para conseguir a cesión: no seu momento o castelo de Montjuic, por poñer un exemplo, foi cedido a Barcelona a través dunha lei. O Estado tamén pode reverter a posta a disposición do INVIED dos soares e deste soar en particular, afectalos a calquera outro servizo da Administración do Estado e este cedelos o Concello en virtude do disposto no artigo 71 de Lei de medidas fiscais, administrativas e de orde social e na Lei de patrimonio das administracións públicas. Só fai falla vontade política e para iso hai que ser firmes e esixentes na defensa dos intereses da cidade.

anteayer en un acto organizado por una asociación cívica de la ciudad, no es una cuestión ni jurídica ni administrativa, es una cuestión de voluntad política. Somos muy críticos con el régimen jurídico especial del que disfruta el patrimonio inmobiliario desafectado del Ministerio de Defensa. Es una reminiscencia de otra época en la que se pretendía acometer la modernización de las fuerzas armadas obteniendo réditos con la venta de su patrimonio, razón por la que ya presentamos una proposición no de ley en el Congreso de los Diputados instando a su modificación. Pero además hay otras vías para conseguir la cesión: en su momento el castillo de Montjuic, por poner un ejemplo, fue cedido a Barcelona a través de una ley; el Estado también puede revertir la puesta a disposición del INVIED de los solares y de este solar en particular, afectarlos a cualquier otro servicio de la Administración del Estado y este cederlos al Ayuntamiento en virtud de lo dispuesto en el artículo 71 de Ley de medidas fiscales, administrativas y de orden social y en la Ley de patrimonio de las administraciones públicas. Solo hace falta voluntad política y para eso hay que ser firmes y exigentes en la defensa de los intereses de la ciudad.

A Coruña ten unha débeda con Monte Alto. Monte Alto xa perdeu en 2001 un equipamento histórico na mesma rúa Adelaida Muro, como era o antigo asilo. Temos unha oportunidade histórica para recuperar na mesma **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** Adelaida Muro unha parcela para uso público que podería acoller por exemplo un centro social ou un centro público de día para maiores.

*A Coruña tiene una deuda con Monte Alto. Monte Alto ya perdió en 2001 un equipamiento histórico en la misma calle Adelaida Muro, como era el antiguo asilo. Tenemos una oportunidad histórica para recuperar en la misma **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** Adelaida Muro una parcela para uso público que podría acoger por ejemplo un centro social o un centro público de día para mayores.*

Iso é unha cuestión de vontade política. Por iso, eu o que lle pido, señor Villoslada, é que non se esgote todo na presentación dun *informe*, porque política

Eso es una cuestión de voluntad política. Por eso, yo lo que le pido, señor Villoslada, es que no se agote todo en la presentación de un dosier, porque

tamén é a capacidade de negociación e presión que se exerza dende o Goberno municipal para conseguir esta cesión e estas cesións.

política también es la capacidad de negociación y presión que se ejerza desde el Gobierno municipal para conseguir esta cesión y estas cesiones.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Si, efectivamente no dosier non poden quedar as cousas. O dosier está presentado con motivo de que se estude por parte de Defensa, de ter unha reunión con Defensa e de ver que posibilidades de incorporación ao ben público da cidade existe por parte dos bens que teñen carácter aínda demanial, porque hai que analizar que pasa con aquelas outras parcelas que o propio ministerio ten desafectadas e que ten en mans do INVIED para levar a cabo o seu alleamento.

Sí, efectivamente en el dosier no pueden quedar las cosas. El dosier está presentado con motivo de que se estudie por parte de Defensa, de tener una reunión con Defensa y de ver qué posibilidades de incorporación al bien público de la ciudad existe por parte de los bienes que tienen carácter aún demanial, porque hay que analizar qué pasa con aquellas otras parcelas que el propio ministerio tiene desafectadas y que tiene en manos del INVIED para llevar a cabo su enajenación.

Sabemos, non podemos reproducir aquí hoxe o debate do outro día na sede da Fundación ONCE e que nós estamos traballando no ámbito da Maestranza para protexer a parcela C, a chamada parcela C, a que está fronte á Hípica, estamos traballando por reducir a edificabilidade, estamos traballando con outros temas que presentabamos nese documento a Defensa para a recuperación dalgunha forma da parcela de Adelaida Muro e algúns outros equipamentos demaniais que poden ser de alto interese para a cidade.

Sabemos, no podemos reproducir aquí hoy el debate del otro día en la sede de la Fundación ONCE y que nosotros estamos trabajando en el ámbito de la Maestranza para proteger la parcela C, la llamada parcela C, la que está frente a la Hípica, estamos trabajando por reducir la edificabilidad, estamos trabajando con otros temas que presentábamos en ese documento a Defensa para la recuperación de alguna forma de la parcela de Adelaida Muro y algunos otros equipamientos demaniales que pueden ser de alto interés para la ciudad.

Non temos tempo hoxe de revisar como veñen aqueles acordos do ano 84 e sucesivas modificacións que foron incorporando uns bens de Defensa á cidade que poderiamos agora relatar extensamente, pero é certo que outra serie de bens inmobles ou de solos que pertencen o INVIED ou que pertencen aínda demanialmente a Defensa, que serían do interese da cidade.

No tenemos tiempo hoy de revisar cómo vienen aquellos acuerdos del año 84 y sucesivas modificaciones que fueron incorporando unos bienes de Defensa a la ciudad que podríamos ahora relatar extensamente, pero es cierto que otra serie de bienes inmuebles o de suelos que pertenecen al INVIED o que pertenecen aún demanialmente a Defensa, que serían del interés de la ciudad.

Nós teremos todo o interese político, pero non podemos descartar tampouco o marco xurídico patrimonial que tamén condiciona unha serie de actuacións. Pero, *bueno*, en todo caso, a política é importante, é a que ten que facer que determinados instrumentos poidan ir variando. Trataremos de buscar o mellor fin desde o punto de vista da cidade da Coruña deses bens que aínda están en posesión de Defensa coas necesarias negociacións.

Nosotros tendremos todo el interés político, pero no podemos descartar tampoco el marco jurídico patrimonial que también condiciona una serie de actuaciones. Pero, bueno*, en todo caso, la política es importante, es la que tiene que hacer que determinados instrumentos puedan ir variando. Trataremos de buscar el mejor fin desde el punto de vista de la ciudad de A Coruña de esos bienes que aún están en posesión de Defensa con las necesarias negociaciones.*

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Seguinte pregunta do BNG.

Siguiente pregunta del BNG.

Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a ordenanza de impulso do galego no Concello

Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre la ordenanza de impulso del gallego en el Ayuntamiento

Señora Veira González

Señora Veira González

Cando ten pensado o Goberno local traer a Pleno unha proposta de ordenanza de impulso do galego no Concello da Coruña?

¿Cuándo ha pensado el Gobierno local traer a Pleno una propuesta de ordenanza de impulso del gallego en el Ayuntamiento de A Coruña?

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Señora Veira, a previsión é que se faga o antes que se poida. Pero, en calquera caso, quero destacar que para nós é importante que se busque o máximo consenso e para iso o que lle podo anunciar non só a vostede, senón o conxunto da Corporación, é que a partir da semana que ven se comezará a falar cos grupos políticos, precisamente, para ese labor de impulso en torno á normativa da que vostede fala.

Señora Veira, la previsión es que se haga lo antes que se pueda. Pero, en cualquier caso, quiero destacar que para nosotros es importante que se busque el máximo consenso y para eso lo que le puedo anunciar no solo a usted, sino al conjunto de la Corporación, es que a partir de la semana que viene se comenzará a hablar con los grupos políticos, precisamente, para esa labor de impulso en torno a la normativa de la que usted habla.

Ás dezaseis horas e cincuenta e cinco

A las dieciséis horas y cincuenta y cinco

minutos sae do Salón de Sesións o señor Deus Álvarez e entra a señora Gallego Neira.

Creo que é importante que se faga ben, que se faga escoitando a todas e a todos, vendo as propostas de mellora que se poidan introducir e, en calquera caso, quero deixar ben claro o compromiso que hai coa nosa lingua, tal como reflicte o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Señora Veira González

No documento que asinamos o Partido Socialista e o BNG o pasado 19 de xuño, recollíase o acordo entre as dúas organizacións políticas polo que o Goberno local se comprometía a traer a Pleno unha proposta de ordenanza de impulso do galego no primeiro ano de mandato.

O certo é que, a non ser polas palabras que acaba de dicir o señor Laxe, estamos no décimo mes de mandato e non temos coñecemento de ningún paso adiante neste asunto.

A lingua é unha ferramenta comunicativa pola cal unha comunidade se pode relacionar entre si, pero tamén é unha creación colectiva, a creación colectiva máis importante e a manifestación de identidade máis relevante dun pobo. A risco de dicir obviedades, o galego é a lingua propia de Galiza e polo tanto o seu maior expoñente cultural. O decorrer da historia da lingua galega transita entre a normalidade propia na Idade Media, unha normalidade, incluso un privilexio de ser unha lingua absolutamente de referencia na Península Ibérica. Obviamente pasou polos Séculos Escuros, pasou polo Rexurdimento, pasou por anos de recoñecemento ou por unha loita e polo seu recoñecemento como unha lingua máis, grazas a unha institución que se

minutos sale del Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez y entra la señora Gallego Neira.

Creo que es importante que se haga bien, que se haga escuchando a todas y a todos, viendo las propuestas de mejora que se puedan introducir y, en cualquier caso, quiero dejar bien claro el compromiso que hay con nuestra lengua, tal como refleja el artículo 5 del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Señora Veira González

En el documento que firmamos el Partido Socialista y el BNG el pasado 19 de junio, se recogía el acuerdo entre las dos organizaciones políticas por el que el Gobierno local se comprometía a traer a Pleno una propuesta de ordenanza de impulso del gallego en el primer año de mandato.

Lo cierto es que, a no ser por las palabras que acaba de decir el señor Lage, estamos en el décimo mes de mandato y no tenemos conocimiento de ningún paso adelante en este asunto.

La lengua es una herramienta comunicativa por la cual una comunidad se puede relacionar entre sí, pero también es una creación colectiva, la creación colectiva más importante y la manifestación de identidad más relevante de un pueblo. A riesgo de decir obviedades, el gallego es la lengua propia de Galicia y por lo tanto su mayor exponente cultural. El discurrir de la historia de la lengua gallega transita entre la normalidad propia en la Edad Media, una normalidad, incluso un privilegio de ser una lengua absolutamente de referencia en la Península Ibérica. Obviamente pasó por los Siglos Oscuros, pasó por el Rexurdimento, pasó por años de reconocimiento o por una lucha y por su

formou aquí, na nosa cidade, que foron as Irmandades da Fala, pero tamén grazas á Real Academia Galega. Esta é unha cidade senlleira na defensa da lingua galega e na creación tamén de entidades na súa defensa.

reconocimiento como una lengua más, gracias a una institución que se formó aquí, en nuestra ciudad, que fueron las Irmandades da Fala, pero también gracias a la Real Academia Galega. Esta es una ciudad singular en la defensa de la lengua gallega y en la creación también de entidades en su defensa.

E como digo, a principios do século XX recoñece o seu status no Estatuto de Autonomía que, como saben, ficou frustrado polo golpe de Estado en 1936. Logo viñeron 40 anos de silenciamento público, de negación, de construción de prexuízos no imaxinario colectivo, de: *fale vostede castelán, non sexa burro,* de agresións físicas nas escolas os nenos e ás nenas que falaban galego. E temos que agardar efectivamente ao ano 1981 a que o novo Estatuto de Autonomía proclamase o galego como lingua oficial de Galiza, que desenvolve este precepto: encoméndalle os poderes públicos unha serie de obrigas para potencialo.

Y como digo, a principios del siglo XX reconoce su estatus en el Estatuto de Autonomía que, como saben, quedó frustrado por el golpe de estado en 1936. Después vinieron 40 años de silenciamiento público, de negación, de construcción de prejuicios en el imaginario colectivo, de: hable usted castellano, no sea burro, *de agresiones físicas en las escuelas a los niños y a las niñas que hablaban gallego. Y tenemos que esperar efectivamente al año 1981 a que el nuevo Estatuto de Autonomía proclamara el gallego como lengua oficial de Galicia, que desarrolla este precepto: encomienda a los poderes públicos una serie de deberes para potenciarlo.*

Así pois, o Concello da Coruña ten encomendada, en canto poder público que é, polo Estatuto de Autonomía máis tamén pola Lei de normalización lingüística, pola Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais ou polo Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza.

Así pues, el Ayuntamiento de A Coruña tiene encomendada, en cuanto poder público que es, por el Estatuto de Autonomía y por la Ley de normalización lingüística, por la Ley de uso del gallego como lengua oficial por las entidades locales o por el Plan General de Normalización Lingüística aprobado por unanimidad en el Parlamento de Galicia.

Debemos, pois, como Corporación local, desenvolver **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** accións encamiñadas a implicar o conxunto da cidadanía e da sociedade no proceso de normalización lingüística. Témolo que facer non só por obriga legal, senón tamén porque temos a obriga moral de lles legar os nosos fillos e fillas a lingua que herdamos. Porque hai cifras preocupantes que nos alertan da

*Debemos, pues, como Corporación local, desarrollar **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** acciones encaminadas a implicar al conjunto de la ciudadanía y de la sociedad en el proceso de normalización lingüística. Lo tenemos que hacer no solo por obligación legal, sino también porque tenemos el deber moral de legarles a nuestros hijos e hijas la lengua que heredamos. Porque hay*

ruptura da transmisión xeracional do galego e nisto ten moito que facer o Concello da Coruña.

cifras preocupantes que nos alertan de la ruptura de la transmisión generacional del gallego y en esto tiene mucho que hacer el Ayuntamiento de A Coruña.

Precisamos esa ordenanza para o impulso do galego. Non dubido que vai a haber consenso e que se poida falar deste asunto.

Necesitamos esa ordenanza para el impulso del gallego. No dudo de que va a haber consenso y que se pueda hablar de este asunto.

Ás dezaseis horas e cincuenta e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.

A las dieciséis horas y cincuenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.

Agardo que o Concello da Coruña **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** non sexa unha rara avis neste asunto, porque na Deputación da Coruña se aprobou por unanimidade. Espero que o Concello da Coruña non sexa menos. **(Óense tres sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención).**

*Espero que el Ayuntamiento de A Coruña **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** no sea una rara avis en este asunto, porque en la Diputación de A Coruña se aprobó por unanimidad. Espero que el Ayuntamiento de A Coruña no sea menos. **(Se oyen tres señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención).***

Nada máis.

Nada más.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Señora Veira, compartir con vostede os desexos de que o consenso en torno á lingua —igual que sucedeu na Deputación Provincial da Coruña— tamén suceda no Concello da Coruña e polo tanto non vexo ningún impedimento para que sexa así.

Señora Veira, compartir con usted los deseos de que el consenso en torno a la lengua —igual que sucedió en la Diputación provincial de A Coruña— también suceda en el Ayuntamiento de A Coruña y por lo tanto no veo ningún impedimento para que sea así.

En calquera caso, creo que dicir que as linguas deben de servir para entenderse e que deben de servir precisamente para ser o que son, que son ferramentas de entendemento entre persoas moi diversas e moi diferentes. En calquera caso, non podemos illar o feito de falar dunha lingua como é a nosa, como é o galego —que é a lingua propia de Galicia— do contexto no que estamos e do tempo no que estamos e, polo tanto, cando vostede fai referencia á Real Academia Galega

En cualquier caso, creo que decir que las lenguas deben de servir para entenderse y que deben de servir precisamente para ser lo que son, que son herramientas de entendimiento entre personas muy diversas y muy diferentes. En cualquier caso, no podemos aislar el hecho de hablar de una lengua como es la nuestra, como es el gallego —que es la lengua propia de Galicia— del contexto en el que estamos y del tiempo en el que estamos y, por tanto, cuando usted hace

temos que recordar, efectivamente, fundada nesta cidade, cumpriranse 114 anos neste ano 2020.

referencia a la Real Academia Galega tenemos que recordar, efectivamente, fundada en esta ciudad, se cumplirán 114 años en este año 2020.

Temos unha obriga como representantes públicos de facer compatible a defensa das liberdades, tamén das liberdades individuais, a que cada un fale no que lle peta, a tamén a defensa, a discriminación positiva, o compromiso coa nosa cultura e coa nosa lingua. Porque, fronte a discursos que non sei se veñen anticipándose no tempo de falar de imposicións e cousas polo estilo, o que hai é unha realidade crúa. E a realidade crúa é que cada vez se fala menos galego, polo tanto, hai unha obriga por parte das institucións de preservar o patrimonio, porque a lingua é o noso patrimonio.

Tenemos una obligación como representantes públicos de hacer compatible la defensa de las libertades, también de las libertades individuales, a que cada uno hable en lo que le dé la gana, a también la defensa, la discriminación positiva, el compromiso con nuestra cultura y con nuestra lengua. Porque, frente a discursos que no sé si vienen anticipándose en el tiempo de hablar de imposiciones y cosas por el estilo, lo que hay es una realidad cruda. Y la realidad cruda es que cada vez se habla menos gallego, por tanto, hay una obligación por parte de las instituciones de preservar el patrimonio, porque la lengua es nuestro patrimonio.

Iso non quere dicir que ninguén se teña que ver obrigado a facer aquilo que non quere, pero si creo que nos debe de facer reflexionar a todos en torno a que significa coidar o noso patrimonio e polo tanto poñelo en valor. Temos unha obriga **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** como concelleiros e concelleiras dunha cidade que é unha referencia dentro da historia de Galicia e dentro da historia da nosa lingua e da nosa cultura.

*Eso no quiere decir que nadie se tenga que ver obligado a hacer aquello que no quiere, pero sí creo que nos debe de hacer reflexionar a todos en torno a qué significa cuidar nuestro patrimonio y por lo tanto ponerlo en valor. Tenemos una obligación **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** como concejales y concejalas de una ciudad que es una referencia dentro de la historia de Galicia y dentro de la historia de nuestra lengua y de nuestra cultura.*

Polo tanto, o compromiso é que esa ordenanza sexa unha ordenanza inclusiva, unha ordenanza que poida saír por consenso e unha ordenanza na que o seu Grupo —que ademais forma parte dos acordos que temos— poida ter o papel que lle corresponde tamén tendo en conta o compromiso que teñen dende fai moitos anos que son formación política.

Por tanto, el compromiso es que esa ordenanza sea una ordenanza inclusiva, una ordenanza que pueda salir por consenso y una ordenanza en la que su Grupo —que además forma parte de los acuerdos que tenemos— pueda tener el papel que le corresponde también teniendo en cuenta el compromiso que tienen desde hace muchos años que son formación política.

En calquera caso, si reiterarlle **(óense**

*En cualquier caso, sí reiterarle **(se oyen***

dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención) —remato, señora alcaldesa—, reiterarlle que o Goberno municipal e a propia Alcaldía da Coruña ten un firme compromiso coa nosa lingua e o demostra día a día. Sen ir máis lonxe, quero dicirlle que cando vostede entra na páxina web do Concello da Coruña pode ver perfectamente en que idioma entra, cousa que, por desgraza, nos últimos anos non pasou.

dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) *—finalizo, señora alcaldesa—, reiterarle que el Gobierno municipal y la propia Alcaldía de A Coruña tiene un firme compromiso con nuestra lengua y lo demuestra día a día. Sin ir más lejos, quiero decirle que cuando usted entra en la página web del Ayuntamiento de A Coruña puede ver perfectamente en qué idioma entra, cosa que, por desgracia, en los últimos años no pasó.*

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Muchas gracias, señor Lage.

Quenda para a Marea Atlántica.

Turno para la Marea Atlántica.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA (MA)

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DE LA MAREA ATLÁNTICA (MA)

Presidencia

Presidencia

Primeira pregunta, señor Varela.

Primera pregunta, señor Varela.

Primeira. Pregunta de resposta oral relativa á convocatoria da mesa de diálogo para dar solución urbanística á veciñanza afectada polo Parque Ofimático

Primera. Pregunta de respuesta oral relativa a la convocatoria de la mesa de diálogo para dar solución urbanística a los vecinos afectados por el Parque Ofimático

Señor Varela Gómez

Señor Varela Gómez

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

(Intervén a Presidencia porque están falando o señor Lage Tuñas e outro concelleiro da Marea Atlántica, con motivo da anterior intervención do señor Lage).

(Interviene la Presidencia porque están hablando el señor Lage Tuñas y otro concejal de la Marea Atlántica, con motivo de la anterior intervención del señor Lage).

Silencio, por favor.

Silencio, por favor.

Señores concelleiros, silencio, señor

Señores concejales, silencio, señor Lage.

Lage.

Señor Varela, quenda.

Señor Varela Gómez

Por que non está a convocar o Goberno municipal a mesa de diálogo cuxa creación foi acordada coa Marea Atlántica en decembro de 2019 para dar solución urbanística á veciñanza afectada polo Parque Ofimático?

Señor Díaz Villoslada

Si, señor Varela, creo que esta pregunta xa a formulara no anterior Pleno e xa lle comentara que teriamos previsto convocar unha Comisión Informativa de Urbanismo para tratar esta cuestión e poder enfocala despois de catro anos pasados nos que non abordaron precisamente esta solución.

Grazas.

Señor Varela Gómez

Bueno, comezar saudando á veciñanza afectada. *Bueno*, me acabo de quedar un pouco sorprendido, non sei se interpreto que pretenden substituír a comisión acordada connosco pola Comisión de Urbanismo, espero que mo aclare mellor porque, como acordamos, se falou de crear unha comisión ad hoc para esta cuestión.

E esta comisión, efectivamente, veu motivada a negociación coa Marea Atlántica porque o primeiro acordo que fixemos para a aprobación para a investidura da señora Rey como alcaldesa, falaba de comezar no primeiro ano de mandato a dar solucións urbanísticas á situación que sofren as persoas que viven na Pereiroa —na marxe dereita de Alfonso Molina no

Señor Varela, turno.

Señor Varela Gómez

¿Por qué no convoca el Gobierno municipal la mesa de diálogo cuya creación fue acordada con la Marea Atlántica en diciembre de 2019 para dar solución urbanística a la vecindad afectado por el Parque Ofimático?

Señor Díaz Villoslada

Sí, señor Varela, creo que esta pregunta ya la había formulado en el anterior Pleno y ya le había comentado que habíamos previsto convocar una Comisión Informativa de Urbanismo para tratar esta cuestión y poder enfocarla después de cuatro años pasados en los que no abordaron precisamente esta solución.

Gracias.

Señor Varela Gómez

Bueno, *comenzar saludando a la vecindad afectada.* Bueno, *me acabo de quedar un poco sorprendido, no sé si interpreto que pretenden sustituir la comisión acordada con nosotros por la Comisión de Urbanismo, espero que me lo aclare mejor porque, como acordamos, se habló de crear una comisión ad hoc para esta cuestión.*

Y esta comisión, efectivamente, vino motivada la negociación con la Marea Atlántica porque el primer acuerdo que hicimos para la aprobación para la investidura de la señora Rey como alcaldesa, hablaba de comenzar en el primer año de mandato a dar soluciones urbanísticas a la situación que sufren las personas que viven en la Pereiroa —en el margen derecho de Alfonso Molina en el

entorno de Elviña— afectadas polo Parque Ofimático. Xa van 9 meses do seu mandato e seguimos e o tempo segue pasando.

Efectivamente, ese foi o acordo que aínda non vemos que teña visos de comezar e ante a inactividade negociamos a creación dunha mesa de diálogo e esta negociación foi en decembro. Efectivamente preguntei fai... *bueno,* non sei se foi o anterior Pleno ou o anterior, pero é que vexo que non hai avances e por iso pregúntoo de novo, porque é un asunto que nos preocupa moito.

E di vostede que non o abordamos. Mire, iso non llo podo permitir, señor Villoslada. Ogallá nós tivésemos a situación que vostedes teñen agora para abordar esta cuestión. Nós tiñamos unha folla de ruta que, dende logo, non se está cumprindo. Como sabe, nós nos encontramos cunha obra de urbanización anulada, unha obra, por outro lado, que se licitou, que se adxudicou ás vésperas das eleccións do 2011 polo anterior alcalde, o señor Losada, e que, efectivamente, esa adxudicación foi anulada polos tribunais. *Bueno,* pois ante esa situación que foi ao pouco de empezar o mandato, fixemos o proxecto de obras esenciais, o aprobamos e o executamos, conseguimos que os cooperativistas habitaran as súas vivendas e elaboramos o proxecto de urbanización do que resta, que deixamos listo. Sabendo como lle dixemos os veciños e veciñas da marxe dereita de Alfonso Molina, da Vedra, que arrancariamos coa modificación unha vez que tivéramos aprobado este proxecto de urbanización que vostedes xa teñen aprobado, porque entendíamos que era compatible facer iso, porque xa se fixo no pasado no Ofimático. No Ofimático xa se teñen feito modificacións de planeamento mentres estaban executando

entorno de Elviña— afectadas por el Parque Ofimático. Ya van 9 meses de su mandato y seguimos y el tiempo sigue pasando.

Efectivamente, ese fue el acuerdo que todavía no vemos que tenga visos de comenzar y ante la inactividad negociamos la creación de una mesa de diálogo y esta negociación fue en diciembre. Efectivamente pregunté hace… bueno*, no sé si fue el anterior Pleno o el anterior, pero es que veo que no hay avances y por eso lo pregunto de nuevo, porque es un asunto que nos preocupa mucho.*

Y dice usted que no lo abordamos. Mire, eso no se lo puedo permitir, señor Villoslada. Ojalá nosotros hubiéramos tenido la situación que ustedes tienen ahora para abordar esta cuestión. Nosotros teníamos una hoja de ruta que, desde luego, no se está cumpliendo. Como sabe, nosotros nos encontramos con una obra de urbanización anulada, una obra, por otro lado, que se licitó, que se adjudicó a vísperas de las elecciones del 2011 por el anterior alcalde, el señor Losada, y que, efectivamente, esa adjudicación fue anulada por los tribunales. Bueno*, pues ante esa situación que fue al poco de empezar el mandato, hicimos el proyecto de obras esenciales, lo aprobamos y lo ejecutamos, conseguimos que los cooperativistas habitaran sus viviendas y elaboramos el proyecto de urbanización de lo que resta, que dejamos listo. Sabiendo como le dijimos a los vecinos y vecinas del margen derecho de Alfonso Molina, de la Vedra, que arrancaríamos con la modificación una vez que aprobásemos este proyecto de urbanización que ustedes ya han aprobado, porque entendíamos que era compatible hacer eso, porque ya se hizo en el pasado en el Ofimático. En el Ofimático ya se han hecho modificaciones de planeamiento*

as obras. Iso xa sucedeu, xa foi aprobado por este Pleno. E entendemos que iso é factible agora mesmo e é o que deberían de facer. E por iso os instamos a que comecen os trámites urbanísticos e a que convoquen urxentemente a mesa que acordaron connosco.

mientras estaban ejecutando las obras. Eso ya sucedió, ya fue aprobado por este Pleno. Y entendemos que eso es factible ahora mismo y es lo que deberían de hacer. Y por eso los instamos a que comiencen los trámites urbanísticos y a que convoquen urgentemente la mesa que acordaron con nosotros.

Eu teño que poñerme moi serio nesta cuestión porque por este camiño entendemos que non estamos indo nada ben e teño medo de que **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** este asunto —si, xa remato— se converta nun problema serio de entendemento entre nós. Eu creo que non podemos ser máis claros, xa o dixen no pasado Pleno e o repito: se non cumpren o acordado, nós imos actuar en consecuencia. En política, como na vida, cumprir os acordos é unha cuestión esencial e indispensable para que unha relación sexa frutífera.

*Yo tengo que ponerme muy serio en esta cuestión porque por este camino entendemos que no estamos yendo nada bien y tengo miedo de que **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** este asunto —sí, ya finalizo— se convierta en un problema serio de entendimiento entre nosotros. Yo creo que no podemos ser más claros, ya lo dije en el pasado Pleno y lo repito: si no cumplen lo acordado, nosotros vamos a actuar en consecuencia. En política, como en la vida, cumplir los acuerdos es una cuestión esencial e indispensable para que una relación sea fructífera.*

Grazas.

Gracias.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Efectivamente, en política aos acordos hai que darlles cumprimento. Nós non incumprimos ningún. Vostedes, esta mañá entendo que non foron suficientemente fiables, farán a correspondente reflexión en relación co Parque da Agra.

Efectivamente, en política a los acuerdos hay que darles cumplimiento. Nosotros no incumplimos ninguno. Ustedes, esta mañana entiendo que no fueron suficientemente fiables, harán la correspondiente reflexión en relación con el Parque del Agra.

En todo caso, convocaremos a Comisión Informativa de Urbanismo para logo traballar nesa mesa porque si que nos preocupa a situación deses veciños de Elviña, pero insisto, sen que iso paralice o proceso de completar a urbanización na parte do Ofimático.

En todo caso, convocaremos la Comisión Informativa de Urbanismo para después trabajar en esa mesa porque sí que nos preocupa la situación de esos vecinos de Elviña, pero insisto, sin que eso paralice el proceso de completar la urbanización en la parte del Ofimático.

Máis nada, grazas.

Nada más, gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Seguinte pregunta do Grupo da Marea Atlántica.

Segunda. Pregunta de resposta oral sobre a convocatoria dun Pleno extraordinario para instar ao Goberno do Estado a cumprir coas demandas da cidade

Presidencia

Si, quen a fai?

Falan entre varios concelleiros do Grupo Municipal da Marea Atlántica.

Señora García.

Señora García Gómez

Si, grazas.

Cando prevé o Goberno municipal convocar o Pleno extraordinario solicitado pola maioría desta Corporación, a iniciativa da Marea Atlántica, para instar o Goberno do Estado a cumprir coas demandas máis importantes da cidade da Coruña?

Señor Lage Tuñas

Si, señora García, teño que dicirlle que a convocatoria procede cando se presente a solicitude por Rexistro cos requisitos establecidos no artigo 46.2.a da Lei de bases de réxime local, ou ben no artigo referenciado polo propio Regulamento Orgánico Municipal. Esa é a forma, digamos, que pode dar pé á convocatoria.

A outra fórmula, como vostede ben sabe, é que quen ten a potestade de convocar o Pleno da Corporación é a Alcaldía-Presidencia, que neste caso ostenta Inés

Muchas gracias.

Siguiente pregunta del Grupo de la Marea Atlántica.

Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre la convocatoria de un Pleno extraordinario para instar al Gobierno del Estado a cumplir con las demandas de la ciudad

Presidencia

Sí, ¿quién la hace?

Hablan entre varios concejales del Grupo Municipal de la Marea Atlántica.

Señora García.

Señora García Gómez

Sí, gracias.

¿Cuándo prevé el Gobierno municipal convocar el Pleno extraordinario solicitado por la mayoría de esta Corporación, a iniciativa de la Marea Atlántica, para instar al Gobierno del Estado a cumplir con las demandas más importantes de la ciudad de A Coruña?

Señor Lage Tuñas

Sí, señora García, tengo que decirle que la convocatoria procede cuando se presente la solicitud por Registro con los requisitos establecidos en el artículo 46.2.la de la Ley de bases de régimen local, o bien en el artículo referenciado por el propio Reglamento Orgánico Municipal. Esa es la forma, digamos, que puede dar pie a la convocatoria.

La otra fórmula, como usted bien sabe, es que quien tiene la potestad de convocar el Pleno de la Corporación es la Alcaldía-Presidencia, que en este caso

Rey García.

Señora García Gómez

Si, *bueno*, teño que entender entón que non está previsto convocar ese Pleno extraordinario malia que o Pleno do 6 de febreiro instaba efectivamente á Alcaldía, é dicir, a quen está cualificado para facelo, a convocar un Pleno extraordinario. E o obxectivo estaba ben claro e creo que non é accesorio. Era elevar unha voz unánime dende este Pleno para reclamarlle o Estado, o Goberno central, unha serie de proxectos e demandas que levan pendentes dende hai tempo para a cidade da Coruña e a Área Metropolitana.

Eu creo que tanto vostede como a señora Rey son conscientes de que o Goberno central está en proceso de elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado, e neles —polas informacións que nos chegan— A Coruña non existe.

Non existiu tampouco no último proxecto de Orzamentos Xerais do Estado e creo que son conscientes vostedes, tamén como somos nós, que outras comunidades e outras cidades están movéndose e están presentando demandas, están poñéndoas enriba da mesa, e están solicitando entrevistas, e están negociando e están facendo cousas.

Nós non temos ningunha información, é outro motivo tamén para convocar ese Pleno extraordinario. E é que se vostedes teñen información que nós non temos nola transmitan ao resto dos grupos da Corporación.

A impresión que nos dá é que ese teléfono vermello co que A Coruña ía ter liña directa con Madrid non funciona. E se cadra, se non funciona, dende a Alcaldía, dende o Goberno da cidade, deberían apoiarse nas outras forzas que

ostenta Inés Rey García.

Señora García Gómez

Sí, bueno, *tengo que entender entonces que no está previsto convocar ese Pleno extraordinario a pesar de que el Pleno de 6 de febrero instaba efectivamente a la Alcaldía, es decir, a quien está cualificado para hacerlo, a convocar un Pleno extraordinario. Y el objetivo estaba bien claro y creo que no es secundario. Era elevar una voz unánime desde este Pleno para reclamarle al Estado, al Gobierno central, una serie de proyectos y demandas que llevan pendientes desde hace tiempo para la ciudad de A Coruña y el Área Metropolitana.*

Yo creo que tanto usted como la señora Rey son conscientes de que el Gobierno central está en proceso de elaboración de los Presupuestos Generales del Estado, y en ellos —por las informaciones que nos llegan— A Coruña no existe.

No existió tampoco en el último proyecto de Presupuestos Generales del Estado y creo que son conscientes ustedes, también como somos nosotros, que otras comunidades y otras ciudades están moviéndose y están presentando demandas, están poniéndolas encima de la mesa, y están solicitando entrevistas, y están negociando y están haciendo cosas.

Nosotros no tenemos ninguna información, es otro motivo también para convocar ese Pleno extraordinario. Y es que si ustedes tienen información que nosotros no tenemos nos la transmitan al resto de los grupos de la Corporación.

La impresión que nos da es que ese teléfono rojo con el que A Coruña iba a tener línea directa con Madrid no funciona. Y a lo mejor, si no funciona, desde la Alcaldía, desde el Gobierno de la ciudad, deberían apoyarse en las otras

están presentes neste Pleno para alzar unha voz —eu creo que forte— de cara o Goberno central.

Xa pasou un mes dende que nese 6 de febreiro lle instamos á Alcaldía a convocar ese Pleno extraordinario e non temos noticias nin do Pleno, nin de que haxa entrevistas en Madrid co Goberno para falar deses proxectos pendentes para a cidade, nin por suposto de ningún tipo de investimento que se transluza para A Coruña e a Área Metropolitana.

Que non nos pase coma no último Orzamento. É vital recuperar investimento. Investimento que ten que ver coa apertura da cidade e a súa fachada marítima, a condonación da débeda da Autoridade Portuaria —que debe ser total e non parcial—, co investimento ferroviario —dende a Intermodal ao tren de proximidade, o tren a Langosteira—, proxectos singulares como Alfonso Molina, e, por favor, a pasarela de Pedralonga antes de que ocorra alí un accidente, e outros investimentos que todos somos conscientes que están faltando relativos a aeroporto, etc., etc.

Outras comunidades, como dicía, municipios, xa están traballando, por que non o facemos dende A Coruña?

Moitas grazas.

Ás dezasete horas e once minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Señora García, teño que manifestarlle a coincidencia, como non pode ser doutro xeito, non só con vostede e co seu grupo,

fuerzas que están presentes en este Pleno para alzar una voz —yo creo que fuerte— de cara al Gobierno central.

Ya pasó un mes desde que en ese 6 de febrero le instamos a la Alcaldía a convocar ese Pleno extraordinario y no tenemos noticias ni del Pleno, ni de que haya entrevistas en Madrid con el Gobierno para hablar de esos proyectos pendientes para la ciudad, ni por supuesto de ningún tipo de inversión que se trasluzca para A Coruña y el Área Metropolitana.

Que no nos pase como en el último Presupuesto. Es vital recuperar inversión. Inversión que tiene que ver con la apertura de la ciudad y su fachada marítima, la condonación de la deuda de la Autoridad Portuaria —que debe ser total y no parcial—, con la inversión ferroviaria —desde la Intermodal al tren de cercanías, el tren a Langosteira—, proyectos singulares como Alfonso Molina, y, por favor, la pasarela de Pedralonga antes de que ocurra allí un accidente, y otras inversiones que todos somos conscientes que están faltando relativos a aeropuerto, etc., etc.

Otras comunidades, como decía, municipios, ya están trabajando, ¿por qué no lo hacemos desde A Coruña?

Muchas gracias.

A las diecisiete horas y once minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa

Señora García, tengo que manifestarle la coincidencia, como no puede ser de otro modo, no solo con usted y con su grupo,

senón co conxunto de grupos da Corporación a coincidencia na defensa dos intereses da cidade. Iso sen dúbida ningunha.

sino con el conjunto de grupos de la Corporación, la coincidencia en la defensa de los intereses de la ciudad. Eso sin duda alguna.

Vostede sabe perfectamente que a potestade de convocar o Pleno é da Presidencia da Corporación e neste caso vostede, creo que lexitimamente, decidiu aprobar conxuntamente co Partido Popular unha moción. Moción que creo que o Goberno ten en conta e valora, comezando pola propia Alcaldía, para que no momento en que poida proceder convocar o Pleno, facelo. Non se descarta absolutamente nada.

Usted sabe perfectamente que la potestad de convocar el Pleno es de la Presidencia de la Corporación y en este caso usted, creo que legítimamente, decidió aprobar conjuntamente con el Partido Popular una moción. Moción que creo que el Gobierno tiene en cuenta y valora, comenzando por la propia Alcaldía, para que en el momento en que pueda proceder convocar el Pleno, hacerlo. No se descarta absolutamente nada.

Eu o que lle digo é que a outra vía regulamentaria xa a coñece. Agora, a min o que me estraña é que vostede diga que non teñen noticias do Goberno de España, porque vostede ten ao seu lado un compañeiro que é da forza política coa que gobernamos de Podemos. Entón, eu non sei se isto é un dobre míster Jekyll e Hyde, quero dicir, a ver.... temos que poder aclararnos. Nós temos claro que goberne quen goberne en Madrid temos unha posición clara, contundente, en defensa dos intereses da cidade. E cando fala de outras comunidades, non sei se está coa mensaxe de *España nos rouba*. É dicir, a min ás veces despístanme.

Yo lo que le digo es que la otra vía reglamentaria ya la conoce. Ahora, a mí lo que me extraña es que usted diga que no tienen noticias del Gobierno de España, porque usted tiene a su lado un compañero que es de la fuerza política con la que gobernamos de Podemos. Entonces, yo no sé si esto es un doble míster Jekyll y Hyde, quiero decir, a ver.... tenemos que poder aclararnos. Nosotros tenemos claro que gobierne quien gobierne en Madrid tenemos una posición clara, contundente, en defensa de los intereses de la ciudad. Y cuando habla de otras comunidades, no sé si está con el mensaje de España nos roba. *Es decir, a mí a veces me despistan.*

O Goberno está comezando a dar os seus primeiros pasos, a alcaldesa creo que ten dado mostras públicas da defensa dos intereses desta cidade. E, por certo, opine o que opine un ministro ou sete ministros. Polo tanto, creo que ninguén pode superar á nosa alcaldesa na defensa dos intereses da Coruña. Poden igualala, pero superala non.

El Gobierno está comenzando a dar sus primeros pasos, la alcaldesa creo que ha dado muestras públicas de la defensa de los intereses de esta ciudad. Y, por cierto, opine lo que opine un ministro o siete ministros. Por tanto, creo que nadie puede superar a nuestra alcaldesa en la defensa de los intereses de A Coruña. Pueden igualarla, pero superarla no.

Creo que dicir que non teñen noticias do Goberno e que non saben, no sei se o que me quere dicir é que os seus compañeiros de Podemos non van defender a cidade

Creo que decir que no tienen noticias del Gobierno y que no saben, no sé si lo que me quiere decir es que sus compañeros de Podemos no van a defender la ciudad

e, polo tanto, só a imos defender nós, iso é o que habería que aclarar. Creo que facer este tipo de xogos non axudan nada se somos construtivos. Polo tanto, o que lle podo dicir é que o Goberno está facendo xestións **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e que esperamos, como non pode ser doutro xeito, que haxa unha resposta positiva. Mal iriamos se non houbera unha resposta positiva ás demandas da cidade.

*y, por tanto, solo la vamos a defender nosotros, eso es lo que habría que aclarar. Creo que hacer este tipo de juegos no ayudan nada si somos constructivos. Por tanto, lo que le puedo decir es que el Gobierno está haciendo gestiones **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** y que esperamos, como no puede ser de otro modo, que haya una respuesta positiva. Mal iríamos si no hubiera una respuesta positiva a las demandas de la ciudad.*

E estou seguro que vamos a coincidir con vostede, e co seu grupo e co conxunto de grupos que hai na Corporación na defensa deses intereses. Pero, vostede sabe se realmente vai haber Orzamentos para o ano 2020? Ao mellor é que ten máis certezas da que temos os demais.

Y estoy seguro que vamos a coincidir con usted, y con su grupo y con el conjunto de grupos que hay en la Corporación en la defensa de esos intereses. Pero, ¿usted sabe si realmente va a haber Presupuestos para el año 2020? A lo mejor es que tiene más certezas de la que tenemos los demás.

Sinceramente, señora García, quedémonos co positivo **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** e é que ambos coincidimos na defensa dos intereses desta cidade e teñamos un pouco de confianza na nosa alcaldesa, que creo que ademais está deixando ben claro que está poñendo os intereses da cidade por riba de calquera interese partidista. Fagámolo todos, e, por certo, dígalle tamén, os seus compañeiros de Podemos que, se poden, pois, que boten unha man.

*Sinceramente, señora García, quedémonos con lo positivo **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** y es que ambos coincidimos en la defensa de los intereses de esta ciudad y tengamos un poco de confianza en nuestra alcaldesa, que creo que además está dejando bien claro que está poniendo los intereses de la ciudad por encima de cualquiera interés partidista. Hagámoslo todos, y, por cierto, dígale también, a sus compañeros de Podemos que, si pueden, pues, que echen una mano.*

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Última pregunta da Marea Atlántica.

Última pregunta de la Marea Atlántica.

Terceira. Pregunta de resposta oral sobre o estado de execución de proxectos e políticas incluídos nos acordos do Goberno coa Marea

Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre el estado de ejecución de proyectos y políticas incluidos en los acuerdos del Gobierno con la Marea Atlántica

Atlántica

Presidencia

Señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Cal é o estado de execución de proxectos e políticas incluídos nos acordos do Goberno municipal coa Marea Atlántica?

Señor Lage Tuñas

Señor Martínez, alégrome que me faga, que nos faga, esta pregunta.

O estado de execución dos proxectos e das políticas incluídos nos diferentes acordos de goberno coa Marea Atlántica teñen diferentes ritmos e diferentes fases, como vostede ben coñece. É dicir, a algúns deles déuselle cumprimento pleno, outros estanse tramitando e outros desenvolveranse ao longo do ano 2020 e sucesivos.

Ás dezasete horas e dezaseis minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

É dicir, penso que non hai ningún acordo, non só que non se vaia a cumprir, senón que non forme parte precisamente diso que eu creo que chamaron con acerto un acordo á coruñesa que permite, desde logo, que unha boa serie de proxectos poidan saír adiante. Detallareillos con minuciosidade na seguinte intervención.

Señor Martínez Durán

Un inciso antes de ir ao asunto da pregunta.

Señor Lage, se vostede non sabe como

Presidencia

Señor Martínez.

Señor Martínez Durán

¿Cuál es el estado de ejecución de proyectos y políticas incluidos en los acuerdos del Gobierno municipal con la Marea Atlántica?

Señor Lage Tuñas

Señor Martínez, me alegro que me haga, que nos haga, esta pregunta.

El estado de ejecución de los proyectos y de las políticas incluidos en los diferentes acuerdos de gobierno con la Marea Atlántica tienen diferentes ritmos y diferentes fases, como usted bien conoce. Es decir, a algunos de ellos se le dio cumplimiento pleno, otros se están tramitando y otros se desarrollarán a lo largo del año 2020 y sucesivos.

A las diecisiete horas y dieciséis minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.

Es decir, pienso que no hay ningún acuerdo, no solo que no se vaya a cumplir, sino que no forme parte precisamente de eso que yo creo que llamaron con acierto un acuerdo a la coruñesa que permite, desde luego, que una buena serie de proyectos puedan salir adelante. Se los detallaré con minuciosidad en la siguiente intervención.

Señor Martínez Durán

Un inciso antes de ir al asunto de la pregunta.

Señor Lage, si usted no sabe cómo

funciona, como se relacionan as páxinas web coa lingua predefinida no navegador, ese é un problema seu e ten fácil solución. Agora, non nos tome o pelo. A web que acaban de estrear non a fixo este Goberno, que a fixo o Goberno anterior, e a ordenanza do galego estaría aprobada se o Partido Socialista non a tivese bloqueada no pasado mandato.

funciona, cómo se relacionan las páginas web con la lengua predefinida en el navegador, ese es un problema suyo y tiene fácil solución. Ahora, no nos tome el pelo. La web que acaban de estrenar no la hizo este Gobierno, que la hizo el Gobierno anterior, y la ordenanza del gallego estaría aprobada si el Partido Socialista no la hubiese bloqueado en el pasado mandato.

Como eu creo que o traballo que fixeron os técnicos da normalización lingüística daquela foi excelente, comprométome a enviarlles a todos os grupos municipais, a semana que ven, aquela ordenanza que vostedes rexeitaron e que acabou o mandato nun caixón.

Como yo creo que el trabajo que hicieron los técnicos de normalización lingüística en aquel momento fue excelente, me comprometo a enviarles a todos los grupos municipales, la semana que viene, aquella ordenanza que ustedes rechazaron y que acabó el mandato en un cajón.

Recuperando ese pacto á coruñesa, como sabe asinámolo en xuño do ano pasado, evitando que se repetisen episodios que padecemos en 2015. No noso caso —sen xulgar as fórmulas utilizadas por outros grupos— se traduciu nunha serie de acordos en realidade non de lexislatura, digamos, de mandato, senón de execución inmediata.

Recuperando ese pacto a la coruñesa, como sabe lo firmamos en junio del año pasado, evitando que se repitieran episodios que padecimos en 2015. En nuestro caso —sin juzgar las fórmulas utilizadas por otros grupos— se tradujo en una serie de acuerdos en realidad no de legislatura, digamos, de mandato, sino de ejecución inmediata.

Temos que recoñecer que comezamos ben, digamos apurando o cumprimento dalgúns deses acordos, sobre todo daqueles que tiñan que ter un desenvolvemento máis longo. Tamén é certo que houbo que apertar e constituír unha comisión de seguimento e darlle unha periodicidade bimestral. E tan certo coma isto é que ultimamente eses tempos estanse volvendo demasiado laxos, e nalgúns casos vémonos con incumprimentos máis ou menos confesos. Acabamos de vivir un deses casos.

Tenemos que reconocer que comenzamos bien, digamos apurando el cumplimiento de algunos de esos acuerdos, sobre todo de aquellos que tenían que tener un desarrollo más largo. También es cierto que hubo que apretar y constituir una comisión de seguimiento y darle una periodicidad bimestral. Y tan cierto como esto es que últimamente esos tiempos se están volviendo demasiado laxos, y en algunos casos nos vemos con incumplimientos más o menos confesos. Acabamos de vivir uno de esos casos.

Queriamos recordarlle algúns deses —sen ánimo de ser exhaustivos— algúns deses acordos que non están cumpridos e que deberían estar xa, porque cando

Queríamos recordarle algunos de esos —sin ánimo de ser exhaustivos— algunos de esos acuerdos que no están cumplidos y que deberían estar ya, porque cuando

diciamos execución inmediata nos referiamos ao primeiro semestre do mandato:

-Nada soubemos das tarifas reducidas para menores de 25 e maiores de 65 anos no autobús urbano.

-Nada soubemos, ningún paso adiante, na revisión dos convenios portuarios de 2004.

-O operador enerxético é certo que prometía avanzar máis axilmente do que o está a facer. Creo que foi un problema de planificación e deberían estar xa iniciándose os trámites. Non puido estar incluído nos orzamentos de Emalcsa para o 2020 e iso non era o previsto.

- O contrato de Nostián, eses pregos que aparecen e desaparecen segundo o día da semana, agora xa se programa para 2021.

- Gravísimo nos parece o caso de San Vicente de Elviña, porque ademais temos a sensación de que nos están tomando o pelo. Un día pactan con nós crear unha mesa de traballo onde poidan estar as persoas afectadas. Ao día seguinte non se acordan. Ao día seguinte din que non o van cumprir, e así levamos xa uns cantos meses e son asuntos cos que non se debe frivolizar desde o noso punto de vista.

- E o mesmo poderíamos dicir do banco de vivenda en aluguer **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** que tampouco está cumprindo os tempos previstos.

En fin, agardo que me dea razón na súa resposta máis longa. Preocúpanos tamén que estes incumprimentos ou incumprimentos parciais se acumulen cos

decíamos ejecución inmediata nos referíamos al primer semestre del mandato:

-Nada supimos de las tarifas reducidas para menores de 25 y mayores de 65 años en el autobús urbano.

-Nada supimos, ningún paso adelante, en la revisión de los convenios portuarios de 2004.

- El operador energético es cierto que prometía avanzar más ágilmente de lo que lo está haciendo. Creo que fue un problema de planificación y deberían estar ya iniciándose los trámites. No pudo estar incluido en los presupuestos de Emalcsa para el 2020 y eso no era lo previsto.

- El contrato de Nostián, esos pliegos que aparecen y desaparecen según el día de la semana, ahora ya se programa para 2021.

- Gravísimo nos parece el caso de San Vicente de Elviña, porque además tenemos la sensación de que nos están tomando el pelo. Un día pactan con nosotros crear una mesa de trabajo donde puedan estar las personas afectadas. Al día siguiente no se acuerdan. Al día siguiente dicen que no lo van a cumplir, y así llevamos ya unos cuantos meses y son asuntos con los que no se debe frivolizar desde nuestro punto de vista.

*- Y lo mismo podríamos decir del banco de vivienda en alquiler **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** que tampoco está cumpliendo los tiempos previstos.*

En fin, espero que me dé razón en su respuesta más larga. Nos preocupa también que estos incumplimientos o incumplimientos parciales se acumulen

compromisos asumidos para a aprobación dos Orzamentos.

con los compromisos asumidos para la aprobación de los Presupuestos.

E, señor Villoslada, fiable é quen cumpre aquilo que acorda e asina, non quen se comporta como a vostede lle parece.

Y, señor Villoslada, fiable es quien cumple aquello que acuerda y firma, no quien se comporta como a usted le parece.

Nada máis, grazas.

Nada más, gracias.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Señor Martínez, gustaríame dar conta dalgúns dos moitos puntos non só acordados senón cumpridos, e podería comezar pola constitución da Comisión Especial para a Área Metropolitana. Compromiso adquirido e compromiso levado adiante.

Señor Martínez, me gustaría dar cuenta de algunos de los muchos puntos no solo acordados sino cumplidos, y podría comenzar por la constitución de la Comisión Especial para el Área Metropolitana. Compromiso adquirido y compromiso llevado adelante.

A conversión de Emalcsa -á que vostede facía referencia- en medio propio foi aprobada por este Pleno. É certo que para poñer en marcha o operador enerxético se precisa algún outro trámite. Xa lle podo adiantar —me ten comunicado a Presidencia-Alcaldía, a señora Rey— a convocatoria do Consello de Administración de Emalcsa para o 31 de marzo. E aí, tras a aprobación do expediente de nomeamento de medio propio, darase conta o Consello de Administración da sociedade e procederase á convocatoria dunha xunta xeral para a modificación estatutaria. Polo tanto, cumprimento aos acordos.

La conversión de Emalcsa -a la que usted hacía referencia- en medio propio fue aprobada por este Pleno. Es cierto que para poner en marcha el operador energético se necesita algún otro trámite. Ya le puedo adelantar —me ha comunicado la Presidencia-Alcaldía, la señora Rey— la convocatoria del Consejo de Administración de Emalcsa para el 31 de marzo. Y ahí, tras la aprobación del expediente de designación de medio propio, se dará cuenta al Consejo de Administración de la sociedad y se procederá a la convocatoria de una junta general para la modificación estatutaria. Por lo tanto, observación de los acuerdos.

A demolición do viaduto da Rolda de Nelle, forma parte dos acordos.

La demolición del viaducto de la Ronda de Nelle, forma parte de los acuerdos.

A licitación do complexo deportivo do Castrillón, forma parte dos acordos. Todo iso non só son palabras, son feitos.

La licitación del complejo deportivo del Castrillón, forma parte de los acuerdos. Todo eso no solo son palabras, son hechos.

A aprobación da Ordenanza de igualdade de feito definitivo xa veu ao Pleno. Son acordos que figuran nese marco coa

La aprobación de la Ordenanza de igualdad de forma definitiva ya vino al Pleno. Son acuerdos que figuran en ese

Marea, tamén con outros grupos políticos como o Bloque Nacionalista Galego.

marco con la Marea, también con otros grupos políticos como el Bloque Nacionalista Galego.

Ás dezasete horas e vinte e un minutos sae do Salón de Sesións a señora García Gómez.

A las diecisiete horas y veintiún minutos sale del Salón de Sesiones la señora García Gómez.

A posta en marcha dun programa de bolsa de vivenda en réxime de aluguer para o ano 2020 está dotado con 450.000 euros.

La puesta en marcha de un programa de bolsa de vivienda en régimen de alquiler para el año 2020 está dotado con 450.000 euros.

Á gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos —que forma parte tamén dos acordos— destínanse case 500.000 euros para o ano 2020/2021. Como vostede ben sabe, estamos traballando no regulamento correspondente, creo que coincidirán en que nos falta ben pouco, e agardemos que nas vindeiras semanas poidamos concluír ese traballo, que é un traballo loxicamente de fiar fino e poder chegar a acordos.

A la gratuidad de las escuelas infantiles de 0 a 3 años —que forma parte también de los acuerdos— se destinan casi 500.000 euros para el año 2020/2021. Como usted bien sabe, estamos trabajando en el reglamento correspondiente, creo que coincidirán en que nos falta bien poco, y esperemos que en las próximas semanas podamos concluir ese trabajo, que es un trabajo lógicamente de hilar fino y poder llegar a acuerdos.

A modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para garantir a natureza pública dos terreos da Solana, creo que tamén é un cumprimento dos acordos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, por tanto, non entendo a referencia que vostede lle fai o señor Villoslada, porque creo que lle acabo de poñer algúns exemplos claros do compromiso do conxunto do Goberno e tamén, nomeadamente, da Área de Infraestruturas e Urbanismo.

*La modificación puntual del Plan General de Ordenación Municipal para garantizar la naturaleza pública de los terrenos de la Solana, creo que también es un cumplimiento de los acuerdos **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**, por tanto, no entiendo la referencia que usted le hace al señor Villoslada, porque creo que le acabo de poner algunos ejemplos claros del compromiso del conjunto del Gobierno y también, especialmente, del Área de Infraestructuras y Urbanismo.*

Dar continuidade aos orzamentos participativos e incorporar o crédito suficiente para poder executar os aprobados tamén se está facendo e polo tanto é cumprir os acordos.

Dar continuidad a los presupuestos participativos e incorporar el crédito suficiente para poder ejecutar los aprobados también se está haciendo y por lo tanto es cumplir los acuerdos.

Dotar con 1,3 millóns e 1,1 as axudas da renda social e emerxencia social para o

Dotar con 1,3 millones y 1,1 las ayudas de la renta social y emergencia social

ano 2020, forma parte dos acordos, está cumprido e está nos Orzamentos.

O impulso á rehabilitación de vivendas ou a dotación de 30.000 euros **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** colonias felinas, forma parte dos acordos.

E así podería continuar con máis acordos que se están cumprindo. Evidentemente, levamos gobernando o tempo que levamos, pero creo que co detalle que acabo de dar, creo que queda en evidencia e creo que é obxectivo que os acordos estanse cumprindo. Queda moito por diante, agardemos que poidamos seguilos cumprindo e que poidamos seguir concertando.

Ás dezasete horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Gómez.

Presidencia

Moitas grazas, rematada a quenda da Marea Atlántica.

Tócalle ao Partido Popular.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

Presidencia

Primeira pregunta, señor García.

Primeira. Pregunta de resposta oral relativa a Deportes

Señor García Fernández

Moitas grazas, señora alcaldesa.

para el año 2020, forma parte de los acuerdos, está cumplido y está en los Presupuestos.

*El impulso a la rehabilitación de viviendas o la dotación de 30.000 euros **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** colonias felinas, forma parte de los acuerdos.*

Y así podría continuar con más acuerdos que se están cumpliendo. Evidentemente, llevamos gobernando el tiempo que llevamos, pero creo que con el detalle que acabo de dar, creo que queda en evidencia y creo que es objetivo que los acuerdos se están cumpliendo. Queda mucho por delante, esperemos que podamos seguirlos cumpliendo y que podamos seguir concertando.

A las diecisiete horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Gómez.

Presidencia

Muchas gracias, finalizado el turno de la Marea Atlántica.

Le toca al Partido Popular.

PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)

Presidencia

Primera pregunta, señor García.

Primera. Pregunta de respuesta oral relativa a Deportes

Señor García Fernández

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Cal é o modelo deportivo do Goberno municipal para o deporte en idade escolar?

Señor Borrego Vázquez

Boas tardes, señor García.

O modelo é o que posibilite os medios e accións transversais para calquera cidadán, independentemente do seu sexo, idade e condición, con especial atención á igualdade e á máxima inclusión para favorecer a práctica deportiva, o acceso ao deporte e o desenvolvemento da vida saudable.

Señor García Fernández

Moi bonito, señor Borrego.

Mire, este é vostede **(o señor García Fernández ensina unha copia impresa do que parece un xornal dixital)***: imos poñer no século XXI o deporte coruñés.*

Inés Rey **(ensina outra copia similar á anterior)** *co conxunto do tecido deportivo: crearemos unha concellería que só se dedique a deporte e que atenda a miles de coruñeses e coruñesas que practiquen algunha modalidade.*

Resultado do partido: cancelan os Xogos Deportivos da Coruña.

Saben cantos nenos escolarizados hai na Coruña? Supoño que esa pregunta nin se lla formularon. Hai máis de 31.000 nenos. Pero, chega coa súa planificación excelente e cancela os Xogos Deportivos despois de 7 anos. Xa na Comisión de Deportes advertinlle que programa tiña e vostede limitouse a nada máis que a dicir que ía cambiar a cor dos folletos.

Aquí non estamos a falar de Sánchez nin de Feijóo. Estamos a falar dunha política

¿Cuál es el modelo deportivo del Gobierno municipal para el deporte en edad escolar?

Señor Borrego Vázquez

Buenas tardes, señor García.

El modelo *es el que posibilite los medios y acciones transversales para cualquier ciudadano, independientemente de su sexo, edad y condición, con especial atención a la igualdad y a la máxima inclusión para favorecer la práctica deportiva, al acceso al deporte y el desarrollo de la vida saludable.*

Señor García Fernández

Muy bonito, señor Borrego.

Mire, este es usted ***(el señor García Fernández enseña una copia impresa do que parece un periódico digital)***: vamos a poner en el siglo XXI el deporte coruñés.

Inés Rey ***(enseña otra copia similar a la anterior)*** con el conjunto del tejido deportivo: crearemos una concejalía que solo se dedique a deporte y que atienda a miles de coruñeses y coruñesas que practiquen alguna modalidad.

Resultado del partido: cancelan los Juegos Deportivos de La Coruña.

¿Saben cuántos niños escolarizados hay en Coruña? Supongo que esa pregunta ni se la plantearon. Hay más de 31.000 niños. Pero, llega con su planificación excelente y cancela los Juegos Deportivos después de 7 años. Ya en la Comisión de Deportes le advertí qué programa tenía y usted se limitó a nada más que a decir que iba a cambiar el color de los folletos.

Aquí no estamos hablando de Sánchez ni de Feijóo. Estamos hablando de una

deportiva municipal. Creo que todos temos nenos, temos fillos ou temos sobriños que están a facer deporte nos nosos centros escolares e sabe que ocorre: que vostedes privan a todos eses 31 nenos de facer o seu deporte na escola. Esa é a realidade.

Ademais, no Orzamento que acaban de aprobar —co maior rexeitamento cidadán da historia da cidade ao bater o récord de alegacións— nin un só euro para o deporte en idade escolar, en contraposición coa Xunta de Galicia que gasta 3 millóns de euros —2 millóns para o seguro deportivo escolar, para o transporte que chega ao rural e para a organización dos eventos deportivos—. Vostede dime que con 260 millóns que ten o Concello, de verdade non hai diñeiro para o deporte en idade escolar?

Señor Borrego, para vostede todos os rogos de deportes parécenlles inútiles. Sabe que é inútil? As súas accións, a forma de planificar. Vostede estase cargando a célula nai e o motor de todo o deporte no centro escolar. De que se van a nutrir todas as entidades deportivas? Vostede estase cargando todas as correntes pedagóxicas, está a cargarse a todas as institucións: Lei do deporte, a Carta Europea do Deporte, ata a OMS está a dicir que a maior pandemia deste século XXI é o sedentarismo e está a dicir que teñamos máis actividade física para os nenos. E vostede elimínao. Aquí, na Coruña. É un disparate.

Ás dezasete horas e vinte e cinco minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.

Por certo, señores da Marea, señores do Bloque e Cidadáns: saben que o señor Borrego reuniuse reiteradamente con entidades deportivas para ofrecerlles

política deportiva municipal. Creo que todos tenemos niños, tenemos hijos o tenemos sobrinos que están haciendo deporte en nuestros centros escolares y sabe qué ocurre: que ustedes privan a todos esos 31 niños de hacer su deporte en la escuela. Esa es la realidad.

Además, en el Presupuesto que acaban de aprobar —con el mayor rechazo ciudadano de la historia de la ciudad al batir el récord de alegaciones— ni un solo euro para el deporte en edad escolar, en contraposición con la Xunta de Galicia que gasta 3 millones de euros —2 millones para el seguro deportivo escolar, para el transporte que llega al rural y para la organización de los eventos deportivos—. ¿Usted me dice que con 260 millones que tiene el Ayuntamiento, de verdad no hay dinero para el deporte en edad escolar?

Señor Borrego, para usted todos los ruegos de deportes les parecen inútiles. ¿Sabe qué es inútil? Sus acciones, la forma de planificar. Usted se está cargando la célula madre y el motor de todo el deporte en el centro escolar. ¿De qué se van a nutrir todas las entidades deportivas? Usted se está cargando todas las corrientes pedagógicas, se está cargando a todas las instituciones: Ley del deporte, la Carta Europea del Deporte, hasta la OMS está diciendo que la mayor pandemia de este siglo XXI es el sedentarismo y está diciendo que tengamos más actividad física para los niños. Y usted se lo carga. Aquí, en Coruña. Es un disparate.

A las diecisiete horas y veinticinco minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.

Por cierto, señores de la Marea, señores del Bloque y Ciudadanos: ¿saben que el señor Borrego se reunió reiteradamente con entidades deportivas para ofrecerles

convenios con diñeiro xa a aqueles que non dispoñían de convenio e outros que dispoñían ofrecéndolles máis diñeiro? Esa é a primeira parte, se cadra sabíano. Pero a segunda parte é que agora tocan á porta e din: onde está o meu? E como non están aprobados, saben de quen é a culpa? Da oposición. Non desta, eh? **(o señor García Fernández sinálase a si mesmo)** *de vostedes* **(o señor García Fernández sinala os concelleiros que están en fronte a el) (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, *de vostedes, todos.*

convenios con dinero ya a aquellos que no disponían de convenio y otros que disponían ofreciéndoles más dinero? Esa es la primera parte, a lo mejor lo sabían. Pero la segunda parte es que ahora tocan a la puerta y dicen: ¿dónde está lo mío? Y como no están aprobados, ¿saben de quién es la culpa? De la oposición. No de ésta, ¿eh? ***(el señor García Fernández se señala a sí mismo)*** de ustedes ***(el señor García Fernández señala a los concejales que están en frente de él (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***, de ustedes, todos.

En definitiva, non ten proxecto de cidade e menos proxecto deportivo, nin plan de instalacións deportivas. O deporte non é só fútbol, o deporte é adaptarse á realidade do cidadán, á realidade do tecido deportivo.

En definitiva, no tiene proyecto de ciudad y menos proyecto deportivo, ni plan de instalaciones deportivas. El deporte no es sólo fútbol, el deporte es adaptarse a la realidad del ciudadano, a la realidad del tejido deportivo.

Por certo, fixémoslle un rogo de adaptación e de inclusión, o Club Riazor para ciclismo vaise deste Concello polo mal trato deste Concello.

Por cierto, le hicimos un ruego de adaptación y de inclusión, el Club Riazor para ciclismo se va de este Ayuntamiento por el mal trato de este Ayuntamiento.

Señor Borrego, remánguese a camisa e pise a area, porque a entrega de medallas é moi bonito, as presentacións de eventos tamén, as fotos tamén, pero afástanlle **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** *deportiva, aínda que non me estraña nada, vendo a nivel nacional que o seu presidente nomea como presidenta do Consello de Deportes á escritora da súa autobiografía. Deus nos colla confesados.*

Señor Borrego, remánguese la camisa y pise la arena, porque la entrega de medallas es muy bonito, las presentaciones de eventos también, las fotos también, pero le alejan ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** deportiva, aunque no me extraña nada, viendo a nivel nacional que su presidente nombra como presidenta del Consejo de Deportes a la escritora de su autobiografía. Dios nos coja confesados.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Señor Borrego Vázquez

Señor Borrego Vázquez

A formulación dos Xogos Escolares ten que evolucionar, como todo na vida, señor García. Porque verá, as ANPAS,

El planteamiento de los Juegos Escolares tiene que evolucionar, como todo en la vida, señor García. Porque verá, las

as entidades deportivas, os propios colexios, os pais, evolucionan e xa fan unha captación directa e unha adaptación das necesidades dos rapaces e das rapazas para que soamente por desgraza 70 —nin 30.000, nin 7.000 como dicía vostede o outro día na prensa—, 70 rapaces se anotaran á convocatoria de Xogos Escolares. O que hai que facer e saber por que pasa isto, porque desde hai xa máis de 7 anos as cifran veñen reducíndose paulatinamente, precisamente pola evolución dos clubs e das ANPAS no que é o deseño das súas propias actividades extraescolares.

AMPAS, las entidades deportivas, los propios colegios, los padres, evolucionan y ya hacen una captación directa y una adaptación de las necesidades de los chicos y de las chicas para que solamente por desgracia 70 —ni 30.000, ni 7.000 como decía usted el otro día en la prensa—, 70 chicos se habían anotado a la convocatoria de Juegos Escolares. Lo que hay que hacer es saber por qué pasa esto, porque desde hace ya más de 7 años las cifran vienen reduciéndose paulatinamente, precisamente por la evolución de los clubes y de las AMPAS en lo que es el diseño de sus propias actividades extraescolares.

Ás dezasete horas e vinte e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las diecisiete horas y veintisiete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Pero mire, falar de 7.000, de 30.000 ou do que queira, é mentira. É mentira e manipulación. Falar do que está dicindo vostede das entidades deportivas coas que nós falamos, tamén é mentira. É a mesma mentira e a manipulación da que agora voulle facer partícipe a modo ilustrativo, porque encántame que me saque a foto e encántame que fale dos compromisos da nosa alcaldesa.

Pero mire, hablar de 7.000, de 30.000 o de lo que quiera, es mentira. Es mentira y manipulación. Hablar de lo que está diciendo usted de las entidades deportivas con las que nosotros hablamos, también es mentira. Es la misma mentira y la manipulación de la que ahora le voy a hacer partícipe a modo ilustrativo, porque me encanta que me saque la foto y me encanta que hable de los compromisos de nuestra alcaldesa.

Mire, para baixarse e arremangarse, o que hai que ver é por exemplo isto **(o señor Borrego Vázquez amosa unhas fotos):** modelo felpudo área pequena Campo de Elviña, modelo felpudo punto de penalti con *gua —o gua é un burato que debe ser para xogar ás canicas—* campo de Elviña.

*Mire, para bajarse y arremangarse, lo que hay que ver es por ejemplo esto **(el señor Borrego Vázquez muestra unas fotos)**: modelo felpudo área pequeña Campo de Elviña, modelo felpudo punto de penalti con* gua —el gua es un agujero que debe ser para jugar a las canicas— *campo de Elviña.*

Leva vostede, segundo a web municipal, 9 anos como xefe de servizo do Servizo Provincial de Deportes da Xunta. Voulle sacar eu outro servizo: o de cabaleiros do complexo de Elviña, que non é de Chernóbil. Isto é o que vai ver a xente que ven a Elviña todos os días e necesita

Lleva usted, según la web municipal, 9 años como jefe de servicio del Servicio Provincial de Deportes de la Xunta. Le voy a sacar yo otro servicio: el de caballeros del complejo de Elviña, que no es de Chernóbil. Esto es lo que va a ver la gente que viene a Elviña todos los días

